Meu amigo: vosté o saberá. Porque como as suas ideias están mui avanzadas é posibre que s´atopen mui de lonxe de min ou das miñas ideias, que ven sere que son as miñas ideias.

-¿Que ideias ten vosté logo?

-As miñas ideias son avanzadoras.

Eu son un avanzadore. Avanzo sin me detere, sin tomare folgos como o camiñante qu´anda sin descanso.

Eu non son «andado», senón «andadore». Non son camiño pra que me anden: son camiñante.

-E ¿por qué anda vosté?

-Pol-a vountade d´andar porqu´en min é eterno o desacougo. Ando pra coñecere. «Toda senda é un xardín» –dixo un poeta-. «¡A ilusión de facere, ó camiñar, do sendeiro un edén! ¡Vosté se non decata! Andare porque sí, pol-o pracere d´andar.

-Oiga unha cousa. ¿E qué diferencia hai entre «sere» y «estare»? Porque si eu son ó que son, as miñas ideias tamén son ó que salga da postura das miñas ideias. Si «estou» morto, «son» un morto. Si «son» vivo é qu´»estou» vivo. Si as miñas ideias «están» avanzadas é que son «avanzadas». Son, pois, algo positivo.

-Positivamente. Son e son algo positivo. ¡Quén ó duda! Mais si «son» avanzadas ¿quén duda qu´»están» avanzadas?

-¿E qué?

-Que se trata non de ser, de ser positivamente, reialmente, tanxibremén «é» tamén «está». Hai o ser positivo e o autivo. Millor dito: hai un soilo ser: o autivo, ó que deixa de ser en cada momento, o que n´este momento non é ó que fai un lóstreg o. Unha columna non «é», «está». E si vosté tén ideias avanzadas, que son seres pasivos, é que non ten ideias. E si vosté non ten ideias vosté non é nada.

-¿Logo eu...?

-Si vosté quêr ser, vivir, choutar, ten que deixar de ser todol-os momentos. Si o mundo non morrese todol-os segundos non viviría, non tería vida. Ehí ten vosté â Lúa, eternamente morta por que non morre á cada instante.

-¿E as miñas ideias?

-Máteas vosté, pra que vivan.

Qu´o seu cráneo seia como, unha pota d´auga fervendo, na qu´o movemento do fervor sostense porque todol-os segundos morren moléculas d´auga , qu´estralan e desfanse en vapor . Si quér ter ideias ten que desfacer ideias á cotío, desfialas e rompel-o fío. Porque lle non hai ideias enfiadas. Llo digo eu e créamo.

XAIME QUINTANILLA (*A Nosa Terra*, nº 109, 1-1-1920)

GALICIA SOMOS NOS. E Galicia será como queiramos que sexa; diferente de todo o que non sexa ela, arredada de todo o que non sexa ela, pura na sua esenza, incontaminada y eterna.

¿Arredistas? ¡Sí! ¿Si queremos facernos con unha yalma propia, como non desbotar de nos todo o que nos sexa alleo?

Arredarse é faguerse un a sí mismo. Se xuntare é se prostituire. E Galicia, cincenta, pode vivir con dinidade. ¡Prostituida non!

XAIME QUINTANILLA (*Galicia*, A Habana, 25-7-1920)

O NAZONALISMO MUSICAL GALEGO

I

Falare de nazonalismo musical eu ben sei que pol-o nundo hai e houbo os Vincent d´Indy e os Debussy e os Ravel, defensores do universalismo musical.

Eu ja sei que pol-o mundo adiante din as gentes qu´a música non é unha arte nazonalista, posto que o seu linguaje é inteligibre pra todo o mundo, e qu´a obra d´un francés, por ejempro, é perfeutamente diáfana pra un chino. Pro eu sei, tamén, qu´os que tal din non son capaces de difrenciar a un chino d´un francés.

Dise com-unha cousa nóva isto de qu´a música é inteligibre pra todo o mundo, como si non sucedera o mesmo co´as outras artes belas. Tamén a pintura é inteligibre pra todol-os que non seian cegos. O cadro d´un pintor framengo, poño por caso, é inteligibre pra todol-os que teñan ollos na cara. Pro ¿vaise por isto a soster que non hai escolas pictóricas? ¿V iase soster qu´as y-almas nazonales non deijaron, na pintura, asinalada a sua pouta?

Co´arquitectura e a escultura pasa o mesmo. ¿E quén confundiría, ainda que falen n-un linguaje universal e humano, unha estatua greca e unha egipcia? ¿Quén non difrencia un tempro budhista d´unha cratedal gótica? Decire, pois, qu´a música é inteligibre pra todol-los é non decire nada; millor dito: é decire unha parvada. Ise linguaje universal fala d´un jeito nas «Danzas Noruegas» de Grieg e d´outro difrente nas «Hespañolas» de Granados. O noruego entende istas e o español entende aquelas. Pro, ¿quén dúbida que falan de jeito difrente? ¿Quén pode confundire o nóso *alalá* c´unha malagueña? ¿Quén pode pór en tea de juizo que na música choutan, fortemente vivas, as almas dos pobos; que cantan as almas dos pobos en formas diversas e que a música é, por escelenza, unha arte fondamente nazonalista? ¿Quén pode deijare de sentir qu'entre o nóso mais cativo *alalá* e a música «sabia» de moitos *moderneros* -séibase qu'eu non vou, nin moito menos, contra o modernismo- hai unha ponte infranqueabre: que frente ô recendo, ô aroma do canto saído das entranas mesmas na nazonalidade, a música feita sin sentemento, de calquera formiga de Conservatorio, é unha parvada -todo o sabia que queirades- mais sin o prefume aloumiñante do cantar do pobo?

II

Pedrell –o musicólogo catalán, coñecido como ben sabedes en toda a Europa –pregúntase a sí mesmo na sua obra «Lírica nazonalizada» como é posibre que unha nazón tan rica como a Hespaña en cántigas populares, non deijara un soilo acento, ¡un soyo! N-un canto engebremente nazonal; un

soilo acento, por cativo que fose, dendes do punto de vista musical. E Pedrell non atopa co´a resposta. E a resposta é crara, a resposta é lostregueante. É que a Hespaña non é unha nazón, senón un feije de nazóns. É que a Hespaña poderá ser un Estado, unha allada política, o que queirades; pro non é unha nazonalidade. A FORMA POLÍTICA ESTADO NON É NIN PODE SERE DETERMINANTE D´ARTE ALGUNHA. Véjase o fecundo labore d´o Peter Bénoit co´a música framenga, qu´é un ejempro vivo de como n-outro Estado, o belga, danse as mesmas circunstanzas que no hespañol. O Bénoit, qu´era un nazonalista, sostiña que «toda arte forma unha parte da vida social d´un pobo, e as melodías populares, a rítmica e o *color* armónico d´isas melodías, corresponden ás particularidás étnicas da raza que n-íl vive». «Os cantos populares -según Bénoit- acusan, craramente, qu´o jeito da lingua, non menos qu´a natureza e o temperamento étnico, impoñen unha ou outra forma melódica, tal ou cal ritmo». E o Bénoit, que fijo toda a sua música sobre de poemas nacionás framengos, chegou, nas suas derradeiras disposiciós, a prohibire que se cantase a sua música no pais de Frandes n-outra lingua que non fose a framenga.

Os cantos, pois, saídos das difrentes nazonalidades ibéricas, e consustanciados co´a lingua que os creóu, -pois como dijo o Leopardi, «senon pode destilar da froliña d´un canto o recendo da verba qu´o evocóu» non podían integrare o seu esprito n-un canto sintético da Iberia, canto feito en lingua estrana á pirmeira creadora. A Hespaña non pode, pol-o tanto, dar un soilo acento musical nazonal. Non hai, pois, nin pode haber música hespañola. E o buscala, o tratar de creala é, sinjelamente, un ausurdo, unha verdadeira moustruosidade: somentes facedeira pra os artesanos, e non artistas, autores de todal-as metempsícosis jeroglíficas.

Hai música galega, vasca, asturiana, andaluza, aragonesa, castelán, catalana... Pro non hai nin pode haber música hespañola. Fóra da España pasan por música hespañola as *granadinas*, as *sevillanas*, as *malagueñas*, que ben craramente espresan, co seu nome, que son músicas LOCALISTAS e PRIVATIVAS d'unha soila nazonalidade ibérica. Coido que foi o Barriobero, quen propuxo ou quixo propor ás Cortes que a «jota» decrarárase himno nazonal hespañol. Y-eu perguntaríalle: ¿pro que «jota», meu amigo? ¿A navarra, a aragonesa, a murciana, a valenciana? ¡Porque a «jota» hespañola non-a coñece ninguén, a non sere que non seipa nin «jota» d´istas cousas! ¡E a música hespañola non aparece por parte algunha!

III

A nósa música é principal e cuáseque enteiramente, religiosa ou litúrgica. Os chamados «modos» *auténticos* ou *maiestros* e *plagales* ou *derivados* – da música antigoa-, estímanse d´origen greco, non porque o seian realmente, senon pol-a sua similitude ou somellanza c´os modos grecos, derivados, como sábese ben, d´Asia e seguramente d´orige ariano. Próbao o feito dos nomes d´algúns dos «modos» da Grecia; *frigio, lirio*, etc.

Ista música greca era «diatónica»; fundábase sobre o chamado «tetracordo»: é decire, que non coñecía as accidentales –*sostidos* e *bemoles*- nin por tanto, o *cromatismo*. Decir modos musicaes grecos é, pois, decir música *ambrosiana*, música *gregoriana*, música *litúrgica*; é decir, n-unha verba, música galega: tamén, esencialmente, *diatónica*.

O carauter principal da nósa música é o de sere antígoa. A música antígoa crasifícase tendo en conta o invento do chamado *acorde de 7ª,* ó que chámase, tamén *nota sensibre*. Iste acorde que carauteriza os «modos» modernos, ou «tonalidades» de «maor» e «menor», é de mediados do século XVII. A música moderna non tén mais que eses dous *tonos*: ou «modos», pra lles chamaren ó jeito dos antigos. Pois ben; toda música na que non apareza o *acorde de 7ª*, a *nota sensibre*, é música antigoa.

Outro carauter, a unha veira o modal e diatónico, da música vella é o ritmo. O ritmo musical é silábico; n-ele, a música supedítase enteiramente á letra, e a prosodia é a dona do ritmo: ó que chámase, técnicamente, «ritmo libre».

A nósa música tén, percisamente, ises dous carauteres da música antigoa: é, como ela, diatónica e de ritmo ceibe. E istes dous carauteres non-os ten ningunha outra da Iberia.

Nósco temos, pois, un nazonalismo musical.

IV

Un problema que preséntase a todo diligente folk-lorista, a todo músico «honrado», é a armoñización da música popular. Y-eu coido qu´hai que ter en conta un principio, que penso inconmovibre, pr´armoñización da música nazonal dun pobo. Iste principio é a armoñía propia dos instrumentos propios. Porque si é certo -y-eu coido que si- qu´a música esiste mais ben, no esprito humano, como principio armónico que como principio melódico, certo - será tamén qu´o pobo que fijo determinados istrumentos con escadas determinadas, tiña, no seu esprito, un principio armónico tamén específico. A zafoña e a gaita foron creadas, co´as suas escadas respeutivas, porqu´o pobo galego tén na sua y-alma armoñias que, abertas, descompostas nas suas notas compoentes, daban isas escadas. O músico compenetrado co esprito armónico da nosa raza tén que non esquencere o roncón da gaita na armoñización da nósa música. Isto non quer decire qu´a *pedal* úsese decote, sin tón nin són e porque sí. Mais en certa cras de música a *pedal* pode sere unha necesidade. Quero decire, ainda mais craramente, qu´armonización, en determinados, débese facer tendo en conta a *pedal*, como si esistira sempre, e sin qu´armonía atópese en desacordo co´a presuposta esistenza d´aquela nota.

A mais pura música galega, a melodía máis enjebre, armonizadas d´outro jeito, perderían o seu mais fino recendo. D´eiquí a necesidade, non soilo de coñecere a armoñía propia dos nósos istrumentos -tanto a zanfoña como a gaita son istrumentos diatónicos- sinon a de sentir na y-alma a mesma armoñía da nósa Patria; o sentila tan íntimamente, tan fondamente, que se non sinta ja, de forte e fonda que será, porque veña ja de sentir todo o da Terra: beleza, aire, lus, brétemas, fala e dores; os mesmos odios e o mesmo amor.

V

Na nósa música cantada o diatonismo e o ritmo ceibe vense na sua pureza integral.

O ALALÁ é diatónico, enjebremente gregoriano.

Os CANTOS DE CEGOS conservan, na estrófica, a mesma disposizón das formas poéticas dos troveiros (sátira, canto dialogado con arte «lexaprén»). Teñen as mesmas características tonal e rítmica.

Os AGUINALDOS, NADALES, PANJOLIÑAS, ANINOVOS E REISES son verdadeiras derivaciós das secuencias da Eireja. Con citar o seu orige, abonda.

As CÁNTIGAS se non poden crasificare. A maor parte d´ilas responden á carauterística general da nósa música.

O CANTAR DE PANDEIRO é do mais enjebre do nóso folk-lore.

Na música de danza e istrumental ja vense mais craramente as infruenzas alleas e dos tonos maor e menor. Ainda eisí nas DANZAS DE ESPADAS, DE ARCOS E DE CINTAS, NOS MAYOS -¡lembranza da vella COREA, da «gnosiana» greca!- conservánse elementos francamente enjebres. Nas mesmas MUIÑEIRAS E ALBORADAS, quezaves o mais puro da nósa música, hai elementos d´abondo pra o nóso nazonalismo musical.

VI

Eu vos digo, músicos galegos, rapaces artistas; ahí, na nósa - fermosísima música, tedes unha enorme canteira. No *outro* tedes todol-os «ismos» imaginabres. Si vivides divorciados da Raza, conservatorizar todo o que poidades, ¡que vós non arrendo a ganancia! Si sentides á vósa Terra no recuncho da y-alma, deijala qu´ela cante, ¡ceibe!, como cantou dendes da eternidade; que chore co seu propio acento e que ría coa sua propia risa. Volo premiará a y-Arte, tan humana -¡a diviña!- que sabe todo o humano qu´é o sentemento da Patria e qu´a Patria é o mais grande dos humanos.

Hastra d´agora foron os «ismos» non trascendentaes os que roubaron as faternas dos nósos músicos. Hai músicos galegos que son, mais qu´italianistas, italianos, -ó jeito de Tosti –e autores das «basuras de salón», como chamoulles o Galdós ás romanciñas cursis de romate, feitas pra engayolare ás donicelas romantiqueiras, educadas bnas *Escolas d´Amigos do País*.

Italianistas, wagneristas: valeiros d´alma propia, n-unha verba, e sin que fijeran nada trascendente, nin pra eles nin pr´á Terra nin pr´á Humanidade.

¿Técnica do futurismo musical galego? -O ESTUDIO DA VELLA TRADIZÓN MUSICAL. (Estudio perfeuto, pol-o tanto, da *música gregoriana*.)

¿Esprito nóvo da nósa Arte música? -Unha soila verba: GALEGUISMO.

JAIME QUINTANILLA

No Ferrol, 14-XI-920 (*Nós*, nº 2, 30-11-1920)

O SAUDOSISMO E O IDEALISMO

Estudo por Xaime Quintanilla

Somos un pobo lírico, un pobo sin epopeias. E cando os nosos historiadores quérennos falar de xestas e voces épicas, fan-o n-un senso tan persoal e suxetivo, que mais ben parece que fálannos das suas propias, íntimas xestas. Véxase ao Murguía e ao incomparabre historiador lírico Benito Vicetto, que inventou a nosa historia cando a non había, e veredes como e positivamente certo esto qu-eu digo.

¿E de onde vennos iste lirismo racial? Da saudade e da falta de idealismo.

O verdadeiro definidor do sentemento racial da saudade foi o grorioso poeta novecentista portugués Teixeira de Pascoaes. Analizouno ben concretamentes na Galiza o catedrático ourensan Vicente Risco. E fixo d-istes estudios varias ademirabres grosas o meu distinto amigo Leandro Pita Romero. A saudade, soedade ou soidade, que de todos istes xeitos tense chamado, non é, como poidera parcer a primeira ollada, a tradución galega da verba castelán «soledad». Según Risco a saudade e a cobiza do lonxe. ¿Pro de qué lonxe? Do lonxe inconcreto, vago, etéreo, impreciso, non determinado endexamais. E un deseio endexamais satisfeito, porque a sua satisfaución atópase lonxe ou fora do tempo e mais do espazo. E unha ansia infinita de eternidade, unha arela vivísima de cousas irrealizabres e de cote inconcretas. E, pra decilo n-unha verba, todo o contrario do idealismo, según [falta texto] velo. O deseio enxendra nos homes, nas razas e nos pobos a necesidade de satisfacelo. Poñamos por exemplo os difrentes efeutos que o deseio creou en duas razas ben opostas: a castelán e a galega. O deseio, na raza castelán, ten tres matices ou manifestaciós que dendes do mais sinxelo ao mais compricado son: o IDEALISMO, a FE e o MISTICISMO. O idealismo e o deseio, a cobiza de algo, de calquer cousa ou persoa. Pode ser o noso ideial a conquista dos cartos, dunha boa posición social, dunha muller. Pode ser, tamén, a consecución dunha ideia; pro dunha ideia concreta, fixa, perfeutamente determinada. A fé e a creencia n-algunha cousa: as veces a creencia no noso propio ideial. O misticismo é a fé esaltada.

Na raza galega o deseio non enxendra istes sentementos, nin teñen [falta texto, está borrado] espresión. O deseio, na nosa raza, enxendra istas tres crases de sentementos: a MORRIÑA, a SAUDADE e o LIRISMO. A morriña e a cobiza do lonxe concreto. Y-este lonxe concreto e a Terra, a nosa Terra. A saudade e a cobiza do lonxe impreciso. O lirismo e a saudade esaltada. Tres sentementos carauterizan, pois aa raza castelán; idealismo, fé e misticismo. Outros tres sentementos carauterizan aa nosa raza: morriña, saudade e lirismo. E imos a ver como sin-o craro conecemento d-istas difrentes matizaciós dos espritos coleutivos se non poden espricar moitos fenómenos psicolóxicos raciais e moitos feitos históricos.

Porque –y-eu prégovos que me sigades con atención- os primeiros sentementos, os qu-estimamos como carauterísticos da raza castelán –idealismo, fé e misticismo- leva, n´un senso patolóxico, ao fanatismo. De ser idealista, de ter fé ou de ser místico a ser fanático non hai mais que un paso, e un paso ben corto. Eses mesmos sentementos, n-un senso social, levan ao imperialismo. Os homes y-os pobos que teñen un ideial ou teñen unha fé poseen, ao mesmo tempo, o afán de proselitismo e da catequesis. O proselitismo e a catequesis leva, pois aos pobos, aa ditadura e a o imperialismo. A morriña, a saudade e o lirismo, levan, n-un senso patolóxico, ao nirvana. N-un senso social levan a dous feitos contrapostos n´aparencia e que xa demostraremos que son fillos da mesma sentimentalidade. Ises dous feitos de derivación social da morriña, da saudade e do lirismo son o sedentarismo y-o afán emigrante. Por iso a raza castelán creou a Inquisición. Por iso a raza galega creou aos

troveiros. E por eso Castela conquistou o Novo Mundo. E por iso nosoutros creamos o sistema económico minifundista.

D-eiquí qu-a inquisición e as conquistas do sono imperialista da raiña Sabela e mais d-el Rey Fernando, fosen xempre xuntas; qu-a inquisición fose, tamén, un medio de conquista, un sistema de imposición do imperialismo castelán; e qu-o imperialismo de Castela fose un medio de imposición do credo ortodoxo da mesma Castela. Pódese falar, pol-o tanto, de unha inquisición imperialista e de un imperialismo inquisitorial.

Na Galicia non houbo, pol-as suas propias carautierísticas raciaes, un sentemento coleutivo de oposición ao imperialismo de Castela. Y-eisi decatámonos porque dempois dos esprendores do lirismo galego, compreta e ausolutamentes hexemónico na península durante todo o século XIII, a nosa raza deixou que s-aldraxara ao noso idioma e tolerou a imposición imperialista e inquisitorial do idioma dos reises católicos.

O idealismo fai mover aa raza de Castela. Os castelás non acougan na sua terra e percorren o mundo dunha banda pra outra. Loitan en Francia. Conquistan o Frandes. Percorren o Mediterrá e colonizan pobos. Fan-a descoberta d´un novo mundo. Conquistan n-el o Perú e mais o México. Van cara a as terras d-Europa. Entran na Asia e pensan na conquista das terras africans, como probao o testamento da raíña católica. Levan o seu pendón morado âs terras d-América e conquistan novas illas na mesma Ouceandría. Castela vai en senso guerreiro e conquistador a as cinco partes do mundo. Contra toda esta historia, Galicia danos a figura malencólica e lírica de Macías o namorado. E hai, ademais, unha difrencia esencial entre a historia de Galicia y-a historia de Castela. Y-esta difrencia atópase en que Castela endexamais guerreou drento da sua casa. Galicia, sempre que guerreou foi nos seus propios eidos e percisamente pol-o seu sedentarismo non consentiu endexamais as invasios alleas. Loitou contra os romanos, loitou contra os bárbaros, loitou contra os poucos árabes que por eiquí viñeron, loitou contra os franceses na guerra de independenza; pro sin sair da sua casa, na sua propia casa. Pra Castela a sua terra non e mais que un camiño, que unha carreteira por donde se vai ao mundo enteiro. Pra Galicia a sua Terra, ê miña casiña, meu lar; terra donde m-eu criei, campiños que quero tanto...

Continuarase. (*A Nosa Terra*, nº 146, 1-9-1921)

SAUDOSISMO E IDEALISMO

Estudo de Xaime Quintanilla

En toda a epopeia castelán se non poden arredar o seu sono imperialista e o seu sono inquisitorial. Todol-os guerreiros casteléns levan, pol-o mundo adiante, a espada n-unha mau e a crus na outra. Aa veira dos capitanes van os fredes. Os arcabuces e os rosarios andan xuntos en todal-as conquistas de Castela. E moitas veces se non pode decir cal dos dous elementos é o verdadeiramente conquistador; si o relixioso ou o guerreiro. As heterodoxias e os cismas relixiosos en Castela endexamais tiveron importancia grande. Na Galicia, pol-o contrario, endexamais tiveron –e xa sei que pode ser moito discutida a miña afirmación- fumos reialmente ortodoxos Sant Yago, e nosos cruceiros sigue sendo celta e druídica. A-y-auga os galegos, fumos sempre, un pouco priscilianistas, e o priscilianismo na Galicia por pouco lévase toda a ortodoxia por diante. A disposición de moitos dos nosos cruceiros segue sendo celta e druidica. A-y-auga bendita sigue lembrándonos os mitos xentilicos dos nosos vellos abos. As nosas mulleres van a recibir o sacramento da comunión coas figas penduradas do pescozo. Os dentes de allos e os escapularios andan xuntos na devoción das nosas mulleres e pra ninguén é un segredo o feito da crarisima transixencia dos nosos cregos coas supersticiós dos paisanos. ¡Cántas e cántas veces impoñen os nosos sacerdotes, ao mesmo tempo qu-os sacramentos do rito, os célebres evanxelios! ¡Cántas veces teño eu visto, pol-a miña profesión, avergoñarse a moitas mulleres no noso campo, da medalliña que levaban posta e amostraren con orgullo os papés do San Cipriano! ¡Comparade por un momento as figuras de Tereixa de Xesús e de Xoan da Crús cos nosos Pai Sarmiento e Pai Feixóo, e convencerédevos axiña de qu-a nosa ortodoxia non é cousa mui doada pra convencer a ninguén. Con todo isto eu non quero decir qu-a raza galega sexa irrelixiosa. Quero decir percisamente todo o contrario. Somos enormementes,

intensamentes relixiosos; pro somos, tamén, craramentes heterodoxos. A ortodoxia galega é unha ortodoxia de pan levar e lévase ben namentras ela se non opón a aquelas prácticas, craramentes xentilicas, que son o nervio relixioso da raza. Y-é porque somos un pobo saudoso. Galicia busca a verdade, mais a non atopa. E satisfai o seu esprito relixioso c´unha allada ou mistura de ritos ortodoxos e de prácticas francamente paganas.

Penso que hai feitos d´abondo que proban ben craramentes o lirismo e a saudade da raza galega. Eu dixen endenantes que, socialmente, os sentementos reiás galegos deran orixen a dous feitos que parecen se contradecire. Estos feitos son: a emoción do sedentarismo e-a emigración. ¿Cómo se entende que unha raza tan chea de amor a sua terra, que cuáseque é a propia terra feita humanidade; que sinte un agarimo tan fondo e tan vexetal pol-os seus eidos; que mórrese de pena cando atópase lonxe da sua patria, sinta a cotío esa cobiza por irse a outras terras; que viva como as anduriñas, facendo decote isas emigraciós anduriñeiras? Eu xa sei que, económicamente, pódense espricar moitos feitos de esta crás; que pódese sin ir mais lonxe atribuire á miseria económica da Galicia a maor parte d-istes feitos. Pro eu rebélome cada día mais contra a interpretación económica dos feitos históricos. Eu, que cada día son mais espiritualista, non poido creer que todol-os feitos humáns débanse, fatalmente, ás alteraciós económicas dos países, onde ises feitos ocurren. Non son soilo os galegos: son tamén os outros pobos celtas do mundo, como os irlandeses, poño por caso, os que sinten esa cobiza de marchar da terra tan tolamente adourada. Y-é qua morriña e a saudade danse tan entretecidas na-y-alma da Galicia que non é posibre arredalas. Fixádevos ben en qu-os pobos de Levante, os pobos mediterrás, fixeron sempre escursiós marítimas que poidéramos chamarmos de simpre cabotaxe. Era o esprito comercial quen animaba a aquiles pobos ás suas odiseas marítimas. A navegación mediterrán é un pouco de navegación fluvial: é o camiñar pol-as vías comerciás. Mais a navegación atlántica, a nosa navegación, tivo sempre un moito de aventura, de saída cara ao descoñecido. Os mariñeiros galegos e os portugueses, que para o caso ven a sel-o mesmo, facían e fan a navegación atlántica c-unha viva arela de descuberta, coá íntima satisfaución de que navegaban cara a misterio. ¿Non é iste un craro sentemento de saudade? ¿Non é eso a mesma saudade? A saudade, como cobiza do lonxe inconcreto que é, fai que as razas saudosas anden eternamente na precura de ese lonxe descoñecido qu-os atrai, como a lus à volvoreta. A saudade fai buscar; coida que élle perciso ver, ver sempre; ver ó qu´atópase mais lonxe d-aquelas casopiñas, ó que esta mais aló d-aquelas montañas; ó que atoparáse dempois d-aquelas terras; ó que haberá alén da propia terra e da propia patria. O idealismo e conquistado. Sal fora da terra propia pra domiñar; quere qu-as outras terras sirvan pra a consecución do ideial acariciado. Y-eisí danos coa espricación de porque sendo a raza galega feramente sedentaria, pol-o seu amor aa terra, é tamén fortementes emigrante. E tan axiña emigra, tan pronto deixa os eidos amados, a morriña xa está tirando por ela; a sua groriosa terra chama por ela, c´un fero sentemento sensual.

Por iso a raza galega, non é, nin pode ser colonizadora. O colonialismo imprica imperialismo, e a nosa raza, como xa levamos probado, é antimperialista por propia sustancialidade. A emigración galega tradúcese n-unha proba mais d´amore à terra querida. Vaise aló, a terras alleas, pra salvare a casiña do embargo, pra mercar as hortas queridas e que levou unha maldizoada hipoteca. E cando o emigrante, o americano volve, si volve con cartos, eiquí queda, eiquí merca ou fai casas, y-eiquí morre, dono da sua terra, e pra sere enterrado na terra garimosa.

Dise por algúns qua morriña non é un sentemento privativo da nosa raza, que a chamada «nostalgia» é a mesma crás de sentemento; que o esplin dos labregos non ven a ser outra cousa qua morriña dos ingreses. E certo: como sentemento individual son a mesma cousa a morriña, a nostalgia y-o esplin. Pro non-ó son con sentemento coleutivo. Nin a nostalgia nin-o esplin teñen, como ten a morriña, verdadeira forza creadora.

¿Cando a nostalgia nin-o esplin provocaron os cantos repetidos dos poetas de todo un país, de unha raza enteira? Pode haber un lírico que cante a nostalgia, as suas propias nostalgias. Pro aparte de qua nostalgia non é soilo o sentemento da terra; porque pódese ter nostalxia das caricias de unha nai, por exempro, e se non pode sentir morriña pol-a nai, senon e escrusivamente pol-a terra, os casos individuaes se non repiten nas outras terras do mundo como danse na terra galega. Hai

ingreses que sinten nas outras terras do mundo, como danse na terra galega. Hai ingreses que sinten o esplin drento da propia Inglaterra. Non deuse pol-o d´agora un soilo caso de que un galego sentise morriña estando vivindo na mesma Galicia. Adeamis a mocedade galeguista, ollando a forza creadora, reialmente milagrosa, da morriña e da saudade, coida qu-elas poden e deben ser novas normas estéticas y hasta novas normas éticas da raza galega. Eu desafío a quen queira que seia, que me demostre que poida ser capás ningún pobo do mundo de faceren normas da sua vida coleutiva de un sentemento que non seia lexítimo e verdadeiro. Hai pol-o mundo adiante homes que padecen de nostalxia, homes que padecen de esplin. Pro non hai terras enteiras, como a nosa, que padezan, na sua integral totalidade, do mesmo sentemento, como se non trate de un sentemento racial.

Non hai un solo poeta ou esquirtor galego que non teña falado da morriña, que non sentira reialmente a morriña. En Rosalía os acentos da dôre qu´a morriña arrincalle a sua lira, son tan tráxicos e fondos qu´o seu lirismo ven cuáseque a ser un lirismo patolóxico, un lirismo de epopeia. Si a nosa raza fose unha raza épica, que non-o e, nin pode sela, o bardo galego que fixese o noso poema de xesta tería que facer da morriña o primeiro persoaxe.

Rosalía canta d´iste xeito a morriña:
Fun noutro tempo encarnada
Como a color da sireixa,
Son hoxe descolorida
Coma os cirios das igrexias;
Cal si unha meiga chuchona
A miña sangre bebera,
Voume quedando murchiña
Com-unha rosa que inverna;
Voume sin forzas quedando,
Voume quedando morena.

En troque a Santa Tereixa de Xesús estórballe a sua vida, porque a sua vida retrásalle a consecución do seu ideial.

XAIME QUINTANILLA
(Seguiráse) (*A Nosa Terra*, nº 148, 1-10-1921)

SAUDOSISMO E IDEALISMO
Estudo de Xaime Quintanilla
Continuación

Todo o que non seia o amor divino é cousa despreciabre para a Santa abulense.
Veisme aquí, mi dulce amor,
Amor dulce veisme aquí.
¿Qué mandáis hacer de mi?
Véis aquí mi corazón;
Yo le pongo en vuestr a palma,
Mi cuerpo, mi vida y mi alma,
Mis entrañas y afición;
Dulce Esposo y redención,
Pues por vuestra me ofrecí,
¿Qué mandáis hacer de mí?

N-istes versos vénse ben craramente as tres manifestacións do idealismo, a fe y-o misticismo. Santa Tereixa ten un ideal concreto, preciso, ben materialmente manifestado. A nosa meiga poeta, non. Ela ten no corazón cravado aquil cravo que se non sabe si é d-ouro ou de ferro. Aquil cravo é a saudade. Un día arrincáronlle â poeta aquel door qu-a magoaba. E Rosalía pide novamente padecer

aquil door, que non sabe do que é, pro que sabe é tan da sua y-alma, que sin él non podería vivir . Ehí tendes a saudade; a cobiza do descoñecido, do que se non sabe o que é.

O entretecimento da morriña e da saudade e tan apreixado, que pensadores como Risco coidan que d-istes nosos sentementos pode derivarse, no mundo, unha nova civilización. Risco pensa que a crisis actual do europeismo non ven a ser outra cousa qu-a crisis da civilización mediterrán. E o mediterranismo é, xa, cousa vella. O hereoismo greco, as epopeias, os cantos histriónicos, a enorme barafunda das creacións artísticas da Europa, atópanse n-unha crisis capital. Contra o Renacemento, como dixo moito ben o outro día o meu amigo Leandro Pita, erguéuse o romanticismo, que foi, seguramente, a reaución do esprito nórdico y-atlántico contra do esprito mediterrán. Pina de Moraes e Teixeira de Pascoaes no Portugal, xa falan c-unha verdadeira adeviñación do porvir , do pangaleguismo, como realidade moi preta, como fecuda obra do esprito galaico portugués, como forte creación d-unha nova civilización no mundo. O neo-atlantismo e pangaleguismo son unha soila e mesma cousa: a alborada de outra civilización ou cultura que encomenza a facer o seu auto de presencia no mundo.

E non hai medo quo pangaleguismo poida chegarse a ser, o día de mañán, unha nova forza imperialista, dominadora e sanguiñenta. Percisamente o que carauteriza istes fondos movementos patrióticos é o seu senso artístico e civilizadore. Os nazonalismos teñen esta espresión fecunda que hastra d-agora se non vira con craridade. Ista espresión é o amor a forma, é o amor a o contido xeográfico. E ningún amador pretendeu endexamais engrandecere materialmente ao ouxeto adourado, porque ampliare é deformare. Os pobos que non chegaron â organización estatista teñen este privilexio que é, a o mesmo tempo, unha garantía pra humanidade. N-ista situación atópanse no mundo os pobos celtas. Y-en ningún d-eles xurdíu o probrema do irredentismo, pol-a sinxela razón de que irredentismo é total y-afeuta a toda terra que renóvase.

E hai que ter na conta o feito de qu-a nosa personalidade eisiste apesar da organización social do noso agro, que é decir da cuáseque totalidade da Galicia. A organización petrucial é contraria a todol-os sentementos de colaboración e solidaridade galeguista. Non hai na nosa terra fortes núcreos de pobración. Non hai unha sô gran cibdade. A parroquia, o non o municipio, é a nosa verdadeira cédula social. E ademais d-isto o cultivo da terra é puramente familiar, de casa por casa. Nada mais contrario que o noso esprito racial a o coleutivismo e a o comunismo. De tal sorte e isto eisí, que a constante aspiración dos nosos labregos e que repártanse a os individuos e âs familias as terras dos montes comunaes. Percisamos, pois, como ideial práutico, que os labregos colaboren os uns cos outros, que d-ista colaboración, cada día mais estensa, pode vir, pol-o seu desenrolo en círculos concéntricos, a concencia da nosa persoalidade. Galicia eisiste en contra de si mesma, como superposta, ideialmente, ao que prauticamente fíxose na vida galega. Eu penso que as cooperativas productoras podían ter, n-iste senso, unha grande importanza. Percisamos que Galiza teña un ideial. Xa qu-a nosa raza atópase carente, por sicoloxía racial, de toda cras de idealismos, percisamos idealistas. O noso ideial debe ser, percisamente, a nosa falla de ideial. E con isto non quero facer paradoxas. Quero decir, co-elo, quo noso ideial ten de consistire na conservación do noso propio esprito, ten de consistire en esaltar as nosas propias calidades. A morriña, a saudade e o lirismo serán as fachas luminosas que erguerán o nome de Galicia pol-o mundo adiante. Temos de sere un pobo cheio de fe, cheio de fe en si mesmo, nas suas calidades, no seu xeito específico de s er. Temos de ser un pobo místico: que a nosa fe chegue a tan outo cumio que se non poida dare unha mais outa fe.

XAIME QUINTANILLA

(Romatará) (*A Nosa Terra*, nº 149, 15-10-1921)

SAUDOSISMO E IDEALISMO
Estudo de Xaime Quintanilla
(Remate)

Galicia ten que cumprire con sagras obrigas coa humanidade. A civilización, no senso de cultura específica, non consiste en ter moitos ferrocarrís, moitos paradoiros do tren, moita telegrafía sen

fíos. A civilización helénica non-os deixóu nada dos seus progresos materiais e sigue vivindo no mundo, ainda que eu coide que na senilidade. Civilización, n-un senso trascendente, quer decir esaltación do esprito propio e incorporación d-ese esprito na civilización xeneral da humanidade. Galicia ten o deber de conservare a sua especificidade porque sobre Galicia ten a humanidade un superior dereito. Pretender que se esquenza o noso esprito privativo ê pretender facer un roubo a humanidade enteira. Porque percisamente as patrias e as nacions non son mais que os orgos da humanidade enteira. A humanidade, pra cumprire a sua misión no mundo, distribui as funcións xenéricas en outras tantas funcións específicas. A humanidade, pra desenrolare hastra o mais elevado a sua intelixencia, percisóu un orgo puramente intelectual. Ise orgo foi Grecia, foi a civilización helénica. A humanidade percisa desenrolare a sua vontade. E por iso hai una civilización yanki. A humanidade percisa que a lembranza, que a memoria, cheguen ao mais outo desenrolo. Pra iso vimos ao mundo os galegos e os portugueses. A nosa misión no mundo e cumprir c-un mandato da humanidade. Porque iso, e non outra cousa, é a civilización da saudade. A morriña, a saudade e o lirismo, son fillos da memoria, son cousas da lembranza e do recordo. O que queda o que perdura é a humanidade. As nacións e as patrias vanse e desaparecen. Pro desaparecen cando cumpriron a sua mensión no mundo. E nós os galegos –y en xeneral os pobos celtas- ainda non cumprimos a nosa mensión histórica. No nome, pois, da humanidade e do universalismo, nós podemos e debemos chamar a ista cruzada do galeguismo a todol-os homes de boa vontade.

A humanidade ven a ser como o mar. A il van a parar todol-os ríos da terra. Cada un leva o seu caudal, o seu carácter. Cada nación, como os ríos, verte na inmensidade da historia o seu esprito privativo. Y-a humanidade enriquécese d-iste xeito. Y-eisí como o mar, tendo nas suas entranas os compoentes de todol-os ríos, non ten os de ningún determinado, a humanidade –resultado total das historias nacionaes- ten, en si mesma, todal-as almas nazonaes e non ten ningunha. Y-ademais cada nazón, como xa dixemos, ten, pra a totalidade da historia humán, unha mensión especial que cumprir. Nación que morre é río que sécase. A morte de unha nación é a perda d-un orgo pra a humanidade. Eu penso, cando vexo que unha raza desaparece, si a humanidade perdería os ollos ou quedaría sen corazón. ¡Pro non é así! ¡D-aquelas razas que morreron viñeron estas razas que viven! Si finaron os nosos abós os celtas quedamos nos, que continuaremos a mensión qu-eles trouxeron a terra! Eu, cada día mais internacionalista son, por eso mesmo, mais nazonalista. Porque-eu non comprendo que, por amor a unha muller, poño por caso, preténdase arrincarlle os ollos, ou amputarlle as pernas. Por amor â humanidade se non pode deseiar a morte a ningún país do mundo. Y-é morte e asesinato vil o arrincarlle a sua língoa, os seus costumes, a sua y-alma propia. ¡Nada de confusionismo nin de uniformidade! Que hai homes que coidan que co traxe raiado dos presidiarios e un número na gorra, son mais homes. ¡Y-eso que o número individualiza e personaliza! Y-hai homes que pensan que a humanidade, en troques de un mosaico fecundo, cheo de nobres e diversas autividades, ten de ser unha negra cova , onde todal-as historias privadas dos diferentes países, sexan outros tantos diversos nichos, cheos de polvo e de vermes. ¡A humanidade, panteón de razas ilustres! Non, señores, non. Vivir, cada un de por si e todos pra todos! Esta ten de ser a nova filosofía e a nova vida histórica. Que non morren os verxeles porque n´il vivan as rosas preto dos caraveis, e as abruliñas a veira das queirogas.

¿Xardín ou pradeira? Eu quédome co xardín e déixolles a pradeira aos rumiantes do universalismo uniformista.

A humanidade é unha totalidá; é o resultado duns sumandos que chámanse nacións. E a humanidade é algo, eisiste como unha forte realidade, namentras os suman, dos eisitan. Cando as nacións morran, a humanidade terá finada a sua mensión no mundo e desaparecerá da escea da terra.

Porque o sentemento da patria e un sentemento biolóxico, un verdadeiro sentemento animal é, pol-o tanto lexítimo. Patria e terra son termos sinónimos. A patria non é, non ten de ser, un símbolo: aquel escudo ou aquela bandeira. Cando os escudos ou as bandeiras non representan realidades vivas, contidos xeográficos, o patriotismo trasfórmase en fetiquismo e idolatría. O sentemento da patria faise liturxia. E os defensores da liturxia, os que viven por e pra liturxia simbólica, convírtense

en casta. Son casta privilexiada. Do sacerdocio pásase ao sacerdotismo. Do sentemento vivo vaise â trangallada. Non. A patria é aquel castañeiro, aquela cerdeira, a humedade dos campos, o sol resprandecente ou bretemoso. A terra da terra e de pelouros, a terra sempre verde ou sempre parda. Aquel pobo que retrátase no mar y-aquelas casiñas que fumegan na montaña. E nós, os homes, unha árbore mais, con raíces na terra –a nosa santa nai- e cos ollos no infinito e o corazón na humanidade. A patria pode querer decir dereito, pro non quererá decir privilexio.

Temos un vehículo ademirabre pras as novas ideias. Y-ese vehículo é a nosa língoa, que, como estades vendo, serva

e pra algo mais que pra falar da vaquiña. Ainda fai mui poucos días que leín unha «grosa» ademirabre, como todal-as suas, de Euxenio D´Ors, na que falaba de que un grande sabio de Suecia sostiña que, entre todol-os idiomas oficiaes da Europa, o único no que poderían-se decir cousas novas, en formas novas, era o idioma holandés. Y-o sabio sueco fundaba o seu criterio no feito da probeza da historia literaria do holandés. Un idioma –decía él- non torturado pol-os literatos, non desfeito y-esquilmado pol-o análisis impracabre dos esquirtores, ten de poseer, millor qu-os moito usados, a virxinidade fecundísima da sua esterilidade pretérita. E perciso se decatare do falso valor que teñen, nos idiomas moito cultivados, os adxectivos. Os novos esquirtores xa teñen que recurrire âs imaxes pictóricas, por exemplo; teñen que lle roubar elementos âs outras artes belas pra dar a sensación apetecida.

Apricádelle o conto ao noso idioma galego e veredes como, pra os espritos novos e que viven no eterno desacougo da creación artística e lírica, a nosa língoa ten ou pode ter, unha trascendenza creadora superior a de todol-os idiomas europeos. O galaico-portugués fálase no mundo por preto de trinta millós de homes. «Dádeme novos vasos pras vellas esencias», fai tempo que dixo o poeta. Nós podemos dar o noso vaso, cheo de beleza y-eufonía, a todol-os que queiran creare unha nova arte pra unha nova civilización que alborea.

Y-esta civilización, hai que repetilo e sintetizalo novamente, será a civilización da saudade, qu-eu opoño –y-esta é a novedade e a trascendencia da miña conversa de hoxe- â civilización do idealismo. O meu amigo Blanco Torres xa ten dito que Sancho Panza foi un idealista, tan idealista como o tolo de Don Quixote. Tamén e un idealista o usureiro, qu´esprota a os somellantes. O idealismo mediterrán e ibérico é un idealismo de bambolla teatral. Idealista era o Renacemento. Realista e verdadeiro, contra todo o dito e sostido, foi o romanticismo. As xentes chaman románticos e idealistas a os que non-o son, reialmente. Idealista foi Napoleón. Idealistas foron todol-os grandes guerreiros. Idealista e iste tremendo probrema social que é un probrema de estómago, e que deseio con toda a miña y-alma que resólvase axiña, pra que déixennos ocupare de cousas mais fermosas e mais nobres que do probrema da andorga. O idealismo pode baixar, en grados sucesivos, dendes os altares hastra os prostíbulos. Os ideiales fan os movementos parciaes da humanidade. A saudade e, quezaves, a dolor feita agarimo. A ferida que calma. A morte que danos vida. A mágoa que alivia noso mais fero peso. ¡A dolor! Ehí tendes o faro, que se non ve, pro que síntese e presíntese, que move a humanidade enteira. Fuxir da dolor e procural-a felicidade é o que, reialmente, move a os homes. «Cando rézase –decía Víctor Hugo- a y-alma está de xionllos». Cando síntese un ideial a y-alma está en pe –digo eu. Cando a saudade adónase de nós a y-alma rube cara ao misterio, amargúllase nas augas da eternidade. Cumpriránse todol-os ideaes humans. As cousas cobizadas quedarán satisfeitas. E, sin embargo, a humanidade seguirá deseiando, coa mesma arela de infinito, coa mesma cobiza do lonxe. No mar da historia nós, os galegos, infiltraremos a humanidade esta cobiza case relixiosa da Divinidade. E cando todol-os homes non teñan mais que pedir, cando xa non teñan mais que desear, porque todo ó pedido será dado y-outido todo o que se deseou, os homes ainda sentirán este diviño desacougo y-esta sede insaciabre. A garantía da perfeución humán atoparase n-esta sede eterna, n-esta cobiza endexamais satisfeita.

Pra iso, pra conquerir a nova civilización, traballamos os galeguistas. E, como fillos de unha raza heterodoxa que somos, non pedimos a ninguén ortodoxia de ningunha cras. Son galeguistas todol-os que traballan por Galicia, animados pol-os sentementos raciaes. Quen fai un cadro galego, unha

cántiga, un libro de versos nosos, ê galeguista e fai patria galega, ainda que non-o seipa. Eisí pedimos o galeguismo a todol-os galegos. Qu-o noso nome de galegos seia o mais santo e o mais puro, pra nós, que todol-os nomes xuntos. Pra decir como o poeta, cheos de amor â Terra:

Galicia, nai e señora,
Sempre garimosa e forte;
Preto e lonxe; onte,
Agora, mañán, ¡na vida e na morte!
XAIME QUINTANILLA (*A Nosa Terra*, nº 150, 31-10-1921)

¿UNHA GALLEGADA?

É sabido que a verba *españolada* ten un significado moito depresivo. Ese mesmo significado teñen as verbas *baturrada*, *asturianada*, *andaluzada*. A única verba d´esta cras que se admite e se di como moi natural é a verba *gallegada*. A ninguén se ll´ocurre chamarlle *españolada* a unha Danza de Granados, nin ninguén chama *baturrada* a unha jota nin *andaluzada* a unhas *sevillanas*. Más en troques, drentro e fora da casa, todos chaman *gallegadas* a calesquer crás de música galega. Os de fora da casa por iñorancia. E non peca a iñorancia... Os da casa, por autodesprecio, por servilismo. E isto a fé non ten perdón de Deus. Naméntrel-os galegos empreguen a verba *gallegada* para falaren das suas propias cantigas non han merecer outra cousa que o nome de recua.

Aquela verba tería de ser apricada escrusivamente ás obras ou cantigas que, tratando de representaren a Galiza, ridiculízanna ou desconécenna. Son unha *gallegada* os noxentos bailes de moitas bailarinas de *varietés* que, co´a música de *Maruxa* cometen un vil asesinato artístico.

E supoñemos que terá de ser unha *gallegada* a zarzuela *El Emigrante*, zarzuela de costumes galegos según seus autores: don Juan Ignacio Luca de Tena, da letra, e don José María Franco, da música, que acaba de s´estrenare en Madrí.

Supoñémolo porque os *galegos* d´esa obra chámanse María, Pepiña, Antolín, Naco y o tío Parné... Todos nomes moi enxebres, como teranse decatado os leitores. E na música hai, pol-o visto, un ar de fado, que é posíbel sexa o de Camouco, mas que tamén nos cheira a *gallegada*.

Desconfiemos. Sin remorso nós faceríamos que *el Emigrante* se metera n´un barco. N´un barco que se fose a Pique e ficase en Pique.

XAIME QUINTANILLA
Do «Correo Gallego» (*A Nosa Terra*, nº 151, 15-11-1921)

TERRA E LIBERTADE

Este vello berro dos vellos anarquistas ven sendo o lema de todol-os movementos liberadores do mundo. Dos sociaes e dos nazonalistas, que son os únicos movementos liberadores.

Lembrémonos dos videntes e dos utopistas. D´aquel vello Proudhon que tanto engaiolaba ó Pi e Margall. D´aquel romántico e nobre Salvochea, apóstol de curazón aceso. D´aquel outro Anselmo Lourenzo, pai, como quen dí, do novo sindicalismo catalán, que dirixía precisamente un boletín nomeado «Terra e Liberdade». D´aqueles mexicanos que co mesmo berro nos beizos loitaban na sua terra entremedias do fato de lapantíns que fixeron da nobre areia negocio pras suas cobizas personaes. D´aqueles mártires de Chicago, asesinados pol-a mais forte bur guesía do mundo. ¡Todos iles santos románticos d´unha fermosa ideia, qu´é, hoxe, a única ideia que gobérnanos esíxenos!

Porqu´o noso probrema, o probrema galego, é, nada mais, qu´un probrema de terra e liberdade. Galiza ten a terra escrava e ten escrava a y-alma.

Tén a terra escrava dos foros, dos arrendos, do señoritismo e da burguesía. Tén a y-alma escrava baixo a pouta de Castela, a sua lingua escrava da lingua allea, o seu esprito engoumado por un servilismo decadentista e vergoñoso.

E o problema da Irlanda é un probrema de terra e liberdade. E tamén o da India, e do Exipto: o do mundo enteiro. E [están] tan xuntos, tan cinguidos os dous probremas, que moitas veces non é

posibre arredalos. O probrema polaco da Poloña alemana ¿non era un probrema, ademáis, contra os «junkers»? O probrema da mesma Irlanda ¿non era un probrema contra dos «landlors»? O probrema da nosa Galiza ¿non é un probrema contra dos «señoritos»?

Ises milleiros de proletarios que morren nas cárceles abafantes, peitaron pol-a libertade. Mais peitearon, tamén, pol-a terra. (Próbao o interés da burguesíapor «desterralos»; é decir, por tiralos da terra onde vivían e levalos pra outra terra allea). Aqueles miles d´agrarios andaluces que foron perseguidos por un xeneral español -¡ouh, movementos liberticidas dos militares d´agora!- peitaban pola terra, mais peitaban ao mesmo tempo pol-a libertade. ¿Ises milleiros de rifeños que berran contra Hespaña, loitan pol-a libertade e pol-a terra!

D´unha banda a outra do mundo todo escintilea na mesma labarada. Somentes Hespaña, morta xa e apodrecida, se non decata de que son chegadol-os tempos da liberazón total. Hespaña pasará á Historia como a mais xurdia liberticida nos momentos d´hoxe.

E no intre, vos, os agrarios da miña terra, peitades pol-a terra e pol-a libertade. Sin decatárevos de que somentes loitades pol-a terra. Porque ceibe a terra, a vosa libertade virávos por engádega.

¿Cómo non sentir unha agarimosa lembranza por aquiles santos do anarquismo, que de tal xeito acaeron os seus espritos cos degoiros dos espritos d´agora? Eles foron o lume lurco que prendeu nas y-almas e nos curazóns. Eles foron os precursores da verdade d´oxe, d´esta vella e nova verdade que fai do mundo un curazón a tremer d´espranza.

Irmáns agrarios: A terra, a terra de terra e de pelouros, ¡tan irta e a mais nova e a mais vella verdade do mundo! Tan irta como é, ela é a única verdade, meus irmáns. A vosa conciencia agraria ven d´ela. O voso valor para loitardes ven d´ela. Todos vós, d´ela vides. E o voso máis grande amor é a vosa fonte espora.

¡Terra, irmáns!

JAIME QUINTANILLA (*La Zarpa*, 29-12-1921)

HORAS CRÍTICAS

O triunfo da Inglaterra

O Tratado de Paz rubrado pol-os irlandeses Arthur Griffith, Michael Collins, Robert Barton, E. J. Duggan e Gaban Duffi é, na historia dos movementos nacionalistas, unha das mais fondas derrotas sufridas pol-as nosas ideias. Tan fonda e tan forte a derrota, qu´eu coido que tennos de faguere moito dano. Tan fonda e tan forte, qu´eu, non afeito a disfrazare o meu pensamento, non sei que pensare da boa fe e da honradez dos irlandeses que rubraron tal Tratado.

Os irlandeses abrangueron unha cousa: o troque de nome da sua terra. Nada mais qu´eso. Un troque de etiqueta. Nada mais qu´eso. En vez de se chamare Irlanda, d´eiquí en diante chamarase «Estado Libre da Irlanda». Para isto non valía a pena, reialmentes, de fagueren unha loita de oito séculos.

Porqu´hai un feito, rubrado n´ise Tratado, d´unha grande gravedade. É o reconocemento do dreito da minoría ulsteriana â súa independenza e ao seu arredamento da Irlanda. Ise precedente, que non tén precedente no mundo, é de unha inmensa gravedade. De tal gravedade, que vai servire de precedente a todol-os imperialismos pr´abafaren a todol-os nazonalismos. De tal jeito que ja ningún nazonalismo pode pensare n´unha compreta satisfacción dos seus ideaes.

Poñamos o ejempro da Hespaña. Abondará con qu´os patrioteiros argallen, artificialmente, no seo de cada nazonalidade, unha pequena minoría -cousa ben doada- para que cada nazonalidade fique rachada en tantos anacos como minorías. Na Cataluña pode faguelo «A Unión monárquica». Con teren na mán un distrito e seren n´il donos dos votos do Auntamento, abondará para qu´o Vich, o Reus, ou calquera outra vila ou cibdade catalán, poida arredárese da Cataluña. O precedente do Ulster abondará para justificalo. E ise precedente terá de sere de cote, nas más dos imperialistas, a máis forte arma qu´ende jamáis tiveron.

Na Galiza pode sucedere o mesmo. Poden os «picoretes», fronte a o pensamento unánime da nosa Terra, crearen unha minoría argallada. Elo abondará para arredare o Vigo, a Cruña, calquera outra cibdade do resto de Galiza. ¡Isto é o feito pol-os irlandeses que rubraron o Tratado!

Mais non está ehí, soiamentes, a gravedade do feito.

A cousa, si ben se mira, é ainda máis grave do que parece. Porqu´o reconocemento do dreito das minorías ao seu arredamento, supón qu´isas minorías no futuro, PODEN SEREN NOVA BASE DE DESNAZONALIZAZÓN. O Ulster, arredado da Irlanda, pode sere, no día de mañán, o pior nemigo da Irlanda. O pior nemigo porque ademáis de crebare o principio da unidade da nazón irlandesa, e a eterna garantía, pr´a Inglaterra, de qu´o seu esprito FICARÁ, VIVO E AGIRGILANTE, NO MESMO CORAZÓN DA IRLANDA.

E, ademáis, ise arredamento dos dous anacos d´un mesmo corpo, será base de futuras discordias, QUE PODEN JUSTIFICAREN, NO DIA DE MAÑAN, A INTERVENCIÓN DA INGLATERRA, no nome do orden e das garantias para os seus súbditos. Deijando a unha veira que taes discordias atraguerán en colo da Irlanda o dictado d´indomeñabre. ¿Cómo justificaren os irlandeses, no futuro, novas loitas, ademetindo a pseudolibertade d´agora?

Ainda hai mais. Os membros do Parlamento irlandés prestarán un juramento que é a compreta negación dos principios nacionalistas. Eu non quero falare do juramento de fidelidade â Coroa da Inglaterra. O fin e ó fallo iso pode sere –y-é ademais- unha fórmula. Mais na fórmula de juramento díse o seguinte: «En virtud de la común ciudadanía de Irlanda con la Gran Bretaña». E decire; qu´os irlandeses teñen a mesma cibdadanía qu´os ingreses. Fican, pois, sendo ingreses. Porque si eu, nazonalista galego, hei seguire sendo, no futuro, e conquerida a libertade da miña Terra, cibdadán hespañol, ben craro é que non conquerín libertade algunha. A cibdadanía é o rubro da independenza. A Galiza, libre, con cibdadáns hespañoes, non sería libre. Eu, nazonalista galego, quero sere e loito por sere cibdadán galego. ¿Estado libre con cibdadáns d´outro Estado? ¿Cos dreitos de cibdadanía dependentes da cibdadanía allea? Nin eu o entendo nin pode entendelo ninguén.

Todo isto é grave, moito grave. Mais ainda é mais grave o que falla por decire. Un pobo que loita pol-a sua independenza loita, d´un jeito indireito, pol-a independenza dos demais pobos asoballados. Unha loita pol-a independenza soio pode tere un senso liberal, un senso humán, cando pranteando o privativo probrema, prantea ao mesmo tempo, un probrema d´humán trascendenza. No conquerimento da pseudolibertade da Irlanda tomaron parte moitos pobos, ademais do irlandés. Os votos pol-o seu trunfo, as simpatías pol´a sua loita, os azos emprestados, a condenación dos procedementos da Inglaterra, foron outros tantos elementos qu´a concencia universal puxo na balanza, en pro da Irlanda.

Y-esa concencia universal emprestou todos ises elementos en pro da Irlanda, estimando qu´a Irlanda, por tal feito, ademais dos compromisos privativos, adequería outros de carácter universal, en virtude dos que víñase ao comprometere côs prestatarios de taes elementos, a non faguere a paz coa Inglaterra, senón nas condicións, -non por non expresadas menos na concencia de todos- qu´a concencia universal agardaba. Ê decire: qu´a firma da paz coa Inglaterra tiña d´estare condicioada pol-os compromisos adequeridos por Irlanda coa concencia universal.

Porqu´as loitas nazonalistas –e a da Irlanda era das mais características- teñen un doble aspecto. Son a loita pol-a propia independenza, mais son ao mesmo tempo –y-é o primordial- a loita por un principio. Si a Irlanda non loitaba por un principio non loitaba por nada. Os principios teñen mais importancia qu´a independenza d´un povo. (Falamos dos principios liberaes; craro é). E a concencia universal emprestáballe os seus azos â Irlanda *porque defendía un principio liberal, d´interés universalista.*

Pol-o tanto os irlandeses que rubraron o Tratado, ademais de iren contra a sua independenza, posto que non-a conqueriron, guindaron pol-a chan a defensa d´un principio que atopábanse obrigados a defenderen por un outo intrés de carácter universal.

E pois pol-o momento, decisiva a victoria da Inglaterra. Fronte â concencia universal, que defendía â Irlanda por sere defensora d´un principio de intrés mundial, Inglaterra abrangue qu´a propia Irlanda desbote ise principio.

Por outra veira: o triunfo é moito maor si tense en conta qu´os irlandeses, desd´o momento do rubro do Tratado, fican divididos, fronte ao enemigo secular.

Mais…Eis a De Valera. Vive ainda o defensor dos principios, ise gran home, unha das figuras mais ergueitas da Humanidade, non presta a sua conformidade ao feito pol-os delegados irlandeses. Eis unha forte espranza. El, n-istes momentos, é, por sí e ante sí, a i-alma eterna da Verde Erín, tanto mais grande e mais do mundo canto mais sua é.

JAIME QUINTANILLA

P.S.- As miñas dúbidas referintes â honradez dos delegados irlandeses, refírense, nada mais, que â sua honradez moral, â sua falla de valor e conviciós. Feitos posteriores â redaición do meu escrito confirman tal criterio, posto que Mr. Griffiht asegurou no Parlamento que os delegados da Irlanda foran coacionados pol-o Lloyd George, quen déralles un prazo de tres horas para desbotaren ou aceitaren o Tratado.

Pol-o demais, no mesmo pé que de Valera áchase posta a respetábel viuva do mártir alcalde de Cork, entre moitísimos irlandeses.- J.Q.

(*A Nosa Terra*, nº 154, 31-12-1921)

DO MEU FEIXE

O esprito do Corpo

Os boticarios da Hespaña pensan formarlle un tribual d´honor á os compañeiros que, en Madrí e Barcelona, despacharon recetas argalladas. O tribual d´honor fórmase por uns individuos que se axuntan pra decretare qu´outro individuo, do mesmo Corpo que aqueles, non é dino de convivire no Corpo d´eles. E decire, qu´un tribual d´honor militar, por exemplo, axúntase pra decretare qu´outro militar non debe pertenecere á corporación do exército. Deciráo así y entón chimpan fora ao que non tén o honor oficial, ortodoxo e burocrático que lles compre á os gardadores do honor burocrático e ortodoxo. Ou da burocracia e a ortodoxia honorífica.

Esto non quer decire qu´ó chimpalo deixe de tere honor. Ou vergonza, pra millor entendernos. Pode ser, é de feito, é as veces, un home que tén vergonza, un home honrado, que pórtase sempre na vida como Deus manda.

¿E logo por qué chimpan fora a homes honrados certa crás de corporacións? Pol-o esprito de Corpo. O esprito de Corpo é unha cousa pantástica e noxenta, na que queren cair agora, tamén, os boticarios de Hespaña. ¡Pobres d´eles! Porque pode sosterse eso do esprito do Corpo onde hai Corpo e onde o Corpo vive nada mais que d´aquel esprito. Pode e debe faguerse na burocracia e, pol-o tanto, no exército, qu´é a meirande burocracia. Porque si lles tirades ao exército o esprito de Corpo... non fica nada. Nada; porque o esprito técnico y-o esprito militar –unha sola cousa con dous nomes- son fillos do esprito de Corpo e a técnica militar atópase informada por iste esprito. Tamén os xueces –poñamos por caso- non son mais que Corpo e craro que precisan d´un esprito, do esprito d´ise Corpo, qu´é o bisgo que tennos apegadiños ¡pra defensa dos seus intereses particulares!

Porque a iso redúcede o esprito de Corpo. A necesidade de que todol-os do Corpo defendan os seus intereses particulares, garantizados pol-o Corpo, as mais das veces entangarañado e tullido.

Y-eisi danse casos –e xa se deron- en Corpos de funcionarios hespañoes, de se solidarizarense todol-os funcionarios con un compañeiro, acusado de ladrón, ¡e que o era! Sin perxuicio de qu´ise mesmo Corpo, por defensa do esprito corporativo, aguantara denunciar a compañeiros traidores. ¡Pro é que entón convíñalle a o Corpo a traizón, porque había un ministro que os chimpaba a todos fora!

O esprito de Corpo leva, pois, a istes dous camiños: a o de defender a homes inmorales ou a o de chimpar a homes morales.

¡E n-eso queren cair os boticarios! Non-as pensan. E non-as pensan porqu´os boticarios, como tendeiros que son, principalmentes viven da competencia duns contra da competencia dos outros tendeiros do Gremio. Do Gremio. ¡Y-eso, o Gremio, si que tén esprito: un esprito verdadeiramente vivo e respetabre, incompatibre cos tribuaes de honor! O Corpo é un fato de xentes que viven,

necesariamentes, a conta de concertos hocos e valeiros. O Gremio é un fato de xentes, útiles ou inútiles, que vive das ganancias que lles renden os seus tratos mercantís ou industriaes, do que ganan co suor das suas frontes.

Os romanos do foro poideran seren a representación material do Corpo. Os fenicios comerciantes poideran sel-o do Gremio. ¿E queren os boticarios seren romanos do foro? ¡Si son fenicios! Fenicios pra honra d´eles! E os que despachan as recetas argalladas coidaron, e coidaron ben, que non eran romanos do foro. Porque sabían que todol-os seus compañeiros eran como fenicios ¡Todos! Hastra os que queren [ilexible] formaren tribual de honor no nome do esprito de Corpo.

¿Qué falaron? ¿Qué é unha vergonza o que fixeron aqueles boticarios? Si. Mais é unha falta de fenicios, de comerciantes, pra a que hai artigos no Código penal e cárceles pra viles. O cárcel e o Código, si. ¡O tribual de honor, pra quen teña esprito de Corpo! E os boticarios, pra honra d´eles, gracias a Deus, non son Corpo pol-o de agora.

Agrarios: Primeiro sede homes. Dempois sentídevos homes do Gremio. Sede ferreiros, ou labregos ou canteiros. ¡Mais non sintades, endexamais, cobizas d´ *ascendéredes* a romanos do foro! Qu´é moito honrado e decente ser ferreiros, ou labregos ou canteiros. Mais non pasa de decente e honrado e sería imperdoabre que quixérades impór a os demais o esprito ferreiril, labrador ou canteiril. O esprito ferreiril alleo ás ferreirías, labrador alleo á terra ou canteiril alleo ás pedras. Que iso é o esprito de Corpo: pastel de lebre sen lebre.

¡E sin pastel!

Cheira na Dinamarca

Os militares contra Cierva! E contra d´el por mor d´ascensos, recompensas, traslados, enemistades públicas...

Non van contra d´el por esprito de xusticia, porque sexa nemigo de certas medidas d´intrés. Non. É, tamén, por esprito de Corpo.

Si cheiraba na Dinamarca -¡ou, Hamlet!- eiquí cheira qu´abafa.

JAIME QUINTANILLA (*La Zarpa*, 4-1-1922)

DO MEU FEIXE

Equívocos

Entendámonos. Gracias ao desacougo creado por nós, os nazonalistas, na y-alma galega, aparecen agora por alá adiante fatos e feixes de redentores da Galiza e do agro. Uns chámanse «regionalistas». Outros, «galleguistas». Outros, «agrarios».

Ningún d´ises caciques disfrazados chámase nazonalista. E ista verba, ademais, necesariamente, ten a virtude d´arredaren a os falsos apóstoles dos verdadeiros. Todo aquil que se chame «galleguista» ou «regionalista» será... o que seia. Mais non irá verdadeiramente tras da liberazón da nosa Terra.

Vós, os agrarios, debíades irdes pensando en non chamarvos agrarios. Dendes que se chamaron de tal xeito os partidarios e caciques do Gasset é xa unha vergoña chamarse así.

Nada de verbas valeiras nin d´etiquetas fósiles. O socialismo e o sindicalismo dos tempos d´agora non poden seren o sindicalismo ou o socialismo de fai un par d´anos. Non. Teñen que teren azos novos, novos desacougos. Y en col de todo teñen que teren unha fonda audacia, unha grande arruzada, un afianzamento indomeñabre.

Meu deseio sería –y-é- que o agrarismo galego fose apolítico. E sería un xeito, tamén, de diferenciaren á os bós dos malos. Nós, os nazonalistas, non vos pediremos o voto endexamais. Cando o nazonalismo pida votos, coidade qu´está finando xa. E vós, os agrarios, tiñades d´irdes pol-o mesmo camiño. Tedes que pensar en serdes donos da terra. En serdes ciudadáns d´un Estado galego libre, no que sexades libres tamén. Porqu´o nazonalismo galego debe, non solo non temere á

os movimentos revolucionarios do agro, senon animalos, provocalos. O nazonalismo galego ten de sere un nazonalismo francamente esquerdista e revolucionario ou non será nada.

¿Non podería sere unha base d´isto a creación, por exempro, d´un Partido Socialista Galego? Un Partido en frente de todol-os demais. Un Partido Socialista arredado do Partido Socialista Hespañol. Ou unha organización sindicalista GALEGA, independente da hespañola. Nin unha nin outra recearían nada nin nada farían recearen as outras orgaizacións somellantes. Gardarían as mesmas relacións que se gardan coas francesas, coas italianas, coas rusas. Mais independentementes d´elas. Como forza propia e privativa, como algo noso –da Galiza- e voso –do agro-.

Si non termamos dos equívocos imos moi mal, abofé. Agora xa hay señoritos que chámanse á si mesmos «leaders» do «galleguismo». E hai que decirvos que nós, os nazonalistas, non temos nada que vermos con ises señoritos. Señoritos que vos falan de cousas valeiras e que con catro verbas sentimentaes queren disfrazaren o hoco dos seus pensamentos. Non, non. Nós non debemos, endexamáis, coidarnos de termos diputados nas Cortes extranxeiras. A nosa posición, frente a «eles» –os das outras terras- ten de sere a mesma dos franceses pra os alemáns durante a guerra. Nemigos d´eles porque son os donos das nosas libertades e das nosas facendas. Porque poden aldraxarnos, pois teñen tras d´eles a guardia civil, os tribuales e o exército. Porque desprézannos e coidan que vimos á o mundo pra criados d´eles. Porque son os causantes de todo o malo que hai na nosa Terra.

¿Pra qué, pois, mandarmos diputados as Cortes d´eles? As Cortes nas que hai que falare na lingua d´eles, dos domeñadores?

E vós, os agrarios, ainda menos. ¿Qué agardades d´alá? Loitade aquí, na vosa Terra, por serdes donos d´ela... ¡xa poden os señoritos falaren o que queiran nas Cortes do Madrí!

Hespaña

Pra mín é un feito que Hespaña afúndese. Preguntade á os militares, á os policías, á os mestres ou escolantes, á quen queirades dos servidores do Estado. E xa veredes como todos din o mesmo. Esto vaise, esto afúndese...

Eu coido que sí. E supoñendo como como eu pensen moitos, supoñendo iso sería, non unha maneira de pensare, senon un feito. ¿Que posicións son posibres diante de tal feito?

Tres, esenciaes. Un tratare de que Hespaña se non afunda. Ou cruzárese de brazos. Ou procurare qu´o afundimento seia o mais rápido posibre.

Eu coido qu´a posición «patriótica» é a terceira. ¿Pra qué tratare de que viva o que xa está apodrecido?

JAIME QUINTANILLA (*La Zarpa*, 11-1-1922)

DO MEU FEIXE

Catequesis e diálogo

«Conviene substituír el sentimiento patriótico que catequiza por el sentimiento patriótico que dialoga».

Esto ten dito o catalán Euxenio d´Ors. E isto, verdadeiramente, é o que queremos os nazonalistas galegos. Dialogarnos con todo o mundo. En troques o imperialismo castelán quere catequizare. E catequiza de feito. Tan de feito, que ten o Código penal ao seu servicio pra impedire todo diálogo.

Castela é –e foino sempre- unha monologueadora.

O que chámase agora unha «maquietista». E nós, os galegos, no teatro hespañol onde traballa ista maquietista, facemos d´espeutadores. D´espeutadores, é decire, de pasivos. Porque non hai nada mais pasivo que sere espeutadore, aínda que coide o contrario o señor Ortega Gasset.

¡Actores, actores! Ollal-as cousas, si; mais meténdose n-elas, convivindo có elas, xogando có elas. ¡Actores, actores! Pra dialogarmos con todo o mundo, hastra cós monologueadores. E se os do monólogo non dialogaren con nosco, pior pra eles. Seremos actores na nosa propia Terra. E dialogaremos cós que queiran dialogaren con nosco.

A zoca

Xa tense feito a lobanza d´alparagata e mais das botinas. Ainda se non fixo a loubanza da zoca, da nosa zoca: da zoca celta.

A alparagata foi grega, foi ateniense. A alpargata foi y-é mediterrán. É, e foi, o calzado dos pobos do ceo craro, dos pobos de camiños poirentos, dos pobos de Sol. Ainda foi, tamén, na Grecia, calzado das hetairas: as fermosas mulleres mercadeiras d´amores.

Os botinas son-o calzado burgués dos tempos d´agora. Son o calzado nacido do industrialismo e das manufacturas. Son o calzado fillo do maquinismo e da uniformidade cosmopolita.O calzado dos pobos de Sol e dos pobos de brétema: unha tendenza uniformizadora do mundo do século XIX, engaiolado pol-o parvismo dos conceutos hocos y-astrautos.

A zoca é o calzado celta. O calzado dos pobos superoucidentaes. O calzado dos pobos húmedos, e pol-o tanto das paisaxes verdecentes. Calzado dos galegos e mais dos bretóns. O calzado dos días de traballo e dos días de festa e romaxe.

A y-auga dos ceos é a nai das nosas zocas e dos bretóns armoricanos. A y-auga dos ceos qu´é, ao mesmo tempo, nai da nosa paisaxe: a dos neboeiros e dos fecundos orballos.

Na comarca do Ferrol non hai muller que non leve zocas. Poderán vestirse mais ou menos ao xeito moderno. As veces levan o peinado das vilas, as blusas das rapazas da cibdade. Mais as zocas non as deixan. ¡Y-é unha ledicia ollalas todas vestindo ao «señorito», mais amostrando a sua aboenza labrega e celta co-as zocas nos pés! ¡As zocas ingrávidas, tan mornas e tan agarimosas pra os pés danzales das nosas rapazas!

A chuvia

Y-é unha conformidade coa paisaxe nosa o uso das zocas. É, mais qu´unha conformidade, unha comunión, unha consubstanciación.

Entr´os señoritos das vilas dos que gastan as botinas cosmopolitas, hainos qu´arrenegan da chuvia, da nosa meiga chuvia: tan acaída coa nosa paisaxe. Entr´os homes vagabundos de terras castelás, que veñen de alparagatas pol-a nosa Terra, sonan as maldiciós contr´a nosa benditiña chuvia. Mais entr´os celtas galegos que gastan zocas a chuvia é unha verdadeira bendición de Deus. Non coidan, com´os señoritos das vilas ou os estranxeiros das terras irtas, qu´a chuvia sexa monótona. ¡Saben qu´ela é ben musical e que canta nas follas dos castiñeiros, e que brúa nas poulas dos pinos, e que fai choutal-os regatos, e qu´é a nai dos cadoiros fecundantes e das fervenzas cantareiras! E saben mais: qu´ela é a nai da nosa alma saudosa, tan acaída có babuxar dos ceos y-o orballar das nubes.

¡Albas zocas do branco bidueiro, á lixugárense nas lamugueiras dos camiños! A vosa albura é unha ofrenda á Terra-Nai, da que saídes sempre brancas: ainda lixugadas nas lamugueiras dos camiños.

JAIME QUINTANILLA (*La Zarpa*, 25-1-1922)

DO MEU FEIXE

Os valados da China

A China é a China. Isto que parece meramente unha verdade de Perogrullo, é unha verdade de xeito trascendente. Porqu´a China, gracias á os seus valados, é unha das mais fortes e xurdias nazonalidades do mundo. Si a China non tivera valados é moi posibre que á istas horas non fose o que é. É decire, qu´a China precisou dos seus valados pra vivire drento de sí mesma, pra se recollere en sí mesma, pra estare diante de sí mesma, rezándose á sua propia alma. Os valados de China son a ermida da y-alma chinesca. E a China salvará a sua alma por sere ermidaña.

¿Non ouvíchedes falardes do «perigo amarelo? Pois iste perigo, temido por moitos estadistas e por moitos pobos do mundo, é posibre gracias á os valados da China. Si a China non tivera valados, a China non sería un perigo pra ninguén. E iste perigo é a garantía, no futuro, do espallamento, da «humanización» da y-alma chinesca. Quere decirse qu´hai pobos no mundo, dos que non teñen valado, que temen ollárese submetidos, no porvir, pol-as forzas espirituaes do pobo que, durante

séculos, sóubose conservare nidio e sin se lixugare. ¿Qué forzas espirituaes poden opore os pobos sen esprito á ise pobo da China que soubo conservare o seu esprito, gardado na arca santa da sua tradición privativa?

Ise sono de séculos pode sere -¡homes de pouca fe!-a mais forte garantía d´un espertare groriοso. Si a Brunilda non durmise encantada, ¿como atopala o Sigfredo? Os pobos que cóidanse fortes e os homes que pénsanse fortes ¿por qué temen á o perigo amarelo? ¡E que sinten, sin se decataren, que chegará un día no qu´a Brunilda desencantarase para darlles o curazón, que gardou, arrecendente como unha frol, durante séculos, entr´os valados purificadores!

JAIME QUINTANILLA (*La Zarpa*, 8-2-1922)

DO MEU FEIXE

Galiza, escrava

Eu fixen, onte, unha afirmación no mitin. Galiza, agora, non pode coidárese de cousa algunha que non sexa á sua propia liberazón. Iste cuño d´escravitude, que magóanos d´un xeito infamante, impídenos toda orgulleza e todo berro digno.

Porqu´os pobos escravos non teñen dreito a falaren de libertade, namentras teñan a escravitude no seu propio lar. Porqu´os pobos escravos atópanse incapacitados n-ausoluto pra amostrárense c-oa frente ergueita e o corpo en pé. Pois os pobos escravos son rémora pra humanidade, que ten que tripare por riba d´eles, como lastre qu´impide o porgreso xeneral dos pobos.

Galiza, pois, non pode falares de festas d´irmandade universal nin cantare as ceibes cantigas da solidaridade humana. As suas festas e as suas cantigas serían cousa de risa: o berro do escravo coidándose ceibe, e faguendo a pallasada d´unha libertade non conquerida.

Cando Galiza sexa libre, entón chegará o momento do noso outo ideal humanizador. Namentras, recollidos na vergoña do noso escravo, peitemos xurdiamente por ceibáronos na nosa terra.

JAIME QUINTANILLA (*La Zarpa*, 22-2-1922)

DO MEU FEIXE

Criterios hespañois

A noxenta autualidade hespañola tivo, fai días, unha ben tristeira nota, chea d´amargore. Fai días entraron na capela dous condanados á morte. Un, no Madrid. Outro, na Valencia. O primeiro matara á sua querindanga. O segundo matara á un gardacivil.

Era o primeiro caso, un caso de *chulapería*. Había, n´il, todol-os carauteres do mais turbo matonismo. O asesino fixera desprezo do sexo e acoitelara salvaxemente á unha probe muller, a unha disgraciada *femia* das que non teñen mais qu´o baixo istinto do sexo e mórrense por calquer noxento *chulo*. Il era un tipo crásico do perdoa-vidas, do home macho que coida qu´a muller naceu nada mais que pra sere escrava do home.

O reo da Valencia era un xitano, un vagabundo, que, n´unha loita cos civiles, tivo á desgracia de ferir á un d´eles. E digo tivo a desgracia, porque o gardacivil morreu tres días dempois por mor da infeución tetánica. É decire: que unha infeución, compretamente allea á vountade do xitano, determinou á morte de quen non morrería pol-a ferida en si. Eu coido, contra todo o que digan códigos e leies, que n´iste feito había motivos d´abondo pra indultare á o vagabundo. Non foi eisí: e o probe xitano morreu no garrote.

¿E o *chulo* madrileño? ¡Ise foi indultado! Y-eu fólgome de qu´eisí fose, por qu´eu son contrario á pena de morte. Pro quero facer resaltare como é o criterio dos hespañoes. Na balanza da xusticia val mais a vida d´un gardacivil qu´a d´unha muller. Un gardacivil é un gardador do orden; é un xornaleiro a soldada pra defendere todo o tinglado da sociedade presente: reaucionaria e burguesa. Unha muller... ¡Unha muller non é nada nin nada siñifica, malia á catro poetas cursis e caleiros! Pra os hespañoes matare a unha muller é un delito menos nefando que matare a un gardacivil.

O tipo despreciabre do *chulo* puido conquerire misericordia nas outuras. O probe xitano, sempre vivindo a o rente d´unha sociedade que de cote perseguírao, non conqueríu piedade de ninguén. E hai qu´insistire no feito de qu´a xusticia tiña poderosos motivos pra indultare ao xitano.

O mais forte é o xa asiñalado: o gardacivil morreu por unha infeución, *dependente do lugar onde houbo a loita;* independente da natureza da ferida e da cras da mesma.

E logo ¿por qué foi indultado o *chulo*? O goberno d-El Rei aconsellou o indulto, porque o *chulo*, n´un plante na cárcele, púxose á beira das autoridades. É decire: o *chulo* non solo era *chulo*: tiña tamén un alma servil. Il non sabía o que poida sere o respeto á muller, pro sabía cales son os respetos debidos á autoridade. ¡Y-esto tiña que libralo da pena de morte! Na catalogación dos valores na Hespaña o mais outo de todos é o de rendere preitesía a os poderes constituídos; o mais grave delito, o atentado contra todo aquelo que represente o poder autocrático e incivil que desciviliza a Hespaña.

JAIME QUINTANILLA (*La Zarpa*, 15-3-1922)

NOVA LUZ

Unha nova folla, y-esquirta en galego, é unha nova luz no noso pobo. Galiza, por mor de culpas propias e de cubizas alleas, vivía entr´as brétemas d´unha noite muito escura. Noite d´esquecemento, noite sin remersos, porque Galiza xa non era Galiza: fora perdendo paseniñamente, pro d´un xeito inapracabre, a sua persoalidade, a sua autoconcencia.

E de súpeto alborexou unha luz entr´as brétemas mestas, un poeta, que cantou na lingoa lírica do Rei Sabio e na lingua fecunda d´os aldeáns. E logo xurdiu outro poeta. E mais tarde outro e outro. O ceíña da nosa espranza veuse, pouco a pouco, ateigado d´estreliñas lucentes, qu´escintilaban ao lonxe, coma un surrir de pensires ledos.

E hoxe xa o ceíño da nosa espranza ten moitas estrelas lucentes: pequerrechas e homildosas, moitas d´elas; solermiñas e brincadeiras, algunhas, lanzales e xurdías, unhas poucas.

Por iso esta nova folla, esquirta na nosa lingoa, é unha estrela mais no ceíño da nosa espranza. Quer decir que na nosa concencia coleutiva hai un fato de concencias individuás que sinten a chamada da Terra-Nai. ¡Da Terra! ¡Qué é o canto da cotovía, e o chirriar dos carros nas congostras, e o fumegar das chimeneias, e o arrecender dos piñeiraes, e o balbordo das ardentias do mar lonxano! ¡E tamén a bágoa das nosas naiciñas, e a surrisa d´aquela loira rapaza, y-esta sede inquedante da noza raza, que chamamos Saudade!

Unha nova luz que decir, tamén, moitas novas luces: moitos curazós de mozos, acesos no sagro amor á Terra. Mozos d´aqueles que teñen *unha estrela na frente e no bico un cantar.*

A estrela na frente ven sendo o símbolo da pureza dos pensamentos e da homildeza no traballo coleutivo. O cantar no bico é o símbolo da ledicia d´os que teñen os pensamentos craros e o curazón limpo de todo sentimento ruiño.

Pois xa vedes si con esta nova luz de hoxe dánsevos cousas a vosoutros, leutores: mocedade, pensamentos puros e cristaiños, limpeza de curazón.

Mais se non podería dar n´ista recollida eucaristía d´os qu´esquirben c´os que leen. «T omade e xantade: eis a nosa mocedade. Tomade e bebede: eis o noso propio curazón».

Que sexa sempre limpa e clara esta folla é o que eu desexo arelante. Pro que sempre sexa lumiar aceso e fecha que serva de guieira a os homes d´ise pobo de historia secular .

JAIME QUINTANILLA (*Rexurdimento*, Ano I, nº 1, 1-8-1922)

TEMAS SOCIALES

Las esperanzas de Galicia

En estas mismas columnas, hace pocos días, escribía Fernando de los Ríos un sugeridor artículo hablando de cosas de mi tierra.

Fernando de los Ríos es uno de los pocos hombres, en España, de palabra sincera y reposada. Se ve, por lo que de él conocemos, que Fernando de los Ríos es un temperamento metódico, reflexivo y sereno. Lejos, muy lejos, del temperamento pasional de estas tierras españolas. Por otra parte, Fernando de los Ríos es de los pocos hombres que han venido por Galicia y no la ha visto con ojos superficiales de turista, «a lo Grandmontagne», un poco a la manera baedeckeriana. Ha visto

Fernando de los Ríos la esencial característica de la vida gallega, y, lo que es más interesante, ha adivinado y presentido, lucidamente, la psicología de Galicia. No puede haber, por tanto, prejuicios en el compañero. Su temperamento y su lucidez son condiciones que nos permiten glosar desapasionadamente el artículo de Fernando de los Ríos y hasta discutir un poco algunas afirmaciones que constan en aquel trabajo.

Tal vez un poco desorientado, por la parcial visión de las tierras de Pontevedra, afirma, equivocadamente, Fernando de los Ríos que Galicia es tierra de colinas más bien que de montañas (1), y después de atinar perfectamente en varios aspectos de la vida rural de mi tierra, dice algo que merece unos ligeros comentarios, con la esperanza de que han de ser sugeridores para el notable escritor .

Afirma Fernando de los Ríos que el campo no ha creado la cultura, y, siguiendo a Spengler, que la historia de la cultura es la historia de las ciudades. Y esto lo trae a cuento de una afirmación anterior: que el movimiento agrario de Galicia es, en realidad, un movimiento civil, un movimiento urbano.

Yo no sé hasta qué punto será cierto lo que afirma Spengler. Si la cultura es el conjunto de conocimientos en todas las ramas del saber (cultura por yuxtaposición), indiscutiblemente es cierto lo afirmado. Pero si la cultura es la manera específica de tamizar y de ver las cosas (cultura temperamental), la añeja vasija que da aroma y gusto al vino en ella guardado (cultura de matización, cultura creacionista), no sería difícil probar que el campo es productor de una cultura más intensa que la de las ciudades. En este caso, las ciudades serían exclusivamente condensadoras del espíritu rústico, a manera de acumuladores de todas las energías culturales, que en oleadas sucesivas van llegando del campo a las urbes.

Pero, sea ello lo que quiera, lo cierto es que a Galicia –y aquí está lo interesante-, la «civilidad», el sentimiento ciudadano, es más fuerte, más acusado, en el campo que en los núcleos urbanos. No existió movimiento «civil» en Galicia que no haya surgido en el campo. Recordad, primeramente, los «irmandiños». Tanto las fuertes convulsiones de «Solidaridad gallega», que amenazaban a la manera de un incendio, como los movimientos antiforales encauzados por el Directorio de Teis; desde el espíritu que animó a las diversas y fecundas Asambleas agrarias –las de Monforte y Ribadavia hasta la de Tuy-, todo movimiento «ciudadano» intenso en mi tierra tuvo su incubación y su «acmé» en las parroquias y lugares diseminados por los campos gallegos. Cuando las ciudades tomaron parte activa en estos movimientos «civiles» fué debido a ser arrastradas por el alud de la voluntad campesina, porque la voz del «rus» era tan fuerte que no podía por menos de ser escuchada en las ciudades. Y las ciudades se veían envueltas por la ráfaga, y se sacudían su pereza. Y cuando, atónitas, pretendieron ser dirigentes, se vieron arrastradas por la inteligencia y el brazo de los campesinos, llenos de un admirable y fecundo amor por la «civilidad» y la «ciudadanía».

Claro es que en muchos casos estos movimientos «ciudadanos» del agro eran un tanto espasmódicos y más tenían de convulsión accidental que de conciencia del camino a seguir. Pero yo afirmo que, descartados esos casos esporádicos y patológicos, en la vida cotidiana gallega los núcleos de «civilidad» son más intensos, más conscientes y más robustos en el campo que en las ciudades. En éstas, aparte los grupitos de los compañeros socialistas, que son un ejemplo luminoso y vivo de ciudadanía perenne y exaltada, la «civilidad» es una cosa muerta y desconocida. Hay ciudades –Lugo, Santiago, El Ferrol, entre otras- que no tienen la menor idea de lo que la civilidad pueda ser. Hay otras –La Coruña, Orense, Vigo- en las que la ciudadanía brota por chispazos fulgurantes y efímeros, y en las que se da el caso, muchas veces, de que los promotores de uno de estos movimientos esporádicos y relampagueantes son, a la postre, los primeros en ahogar toda digna exaltación cívica y ciudadana.

En cambio, los «locos ideales de liberación» actúan constantemente, tozudamente en el campo, a despecho de persecuciones horribles, de las que ni siquiera se tiene idea en las ciudades, y que, seguramente, acobardarían a los hombres de las ciudades. Hay Federaciones agrarias –Negreira, Condado de Ortigueira, El Ferrol-Puentedeume, Orense, muchas en la provincia de Pontevedra- que llevan años luchando sin desmayos contra los más infames e infamantes caciquismos. Y la lucha, tremenda, imposible de describir, cruenta en muchas ocasiones, no ha rendido nunca a estos lucha-

dores incansables del agro, mientras las ciudades sestean, pidiendo cuarteles, plazas de toros y edificios, muchos edificios del Estado, que dan la sensación de la externa y estéril pomposidad urbana. En estos mismos días actuaban eficazmente la Galicia labriega y la Galicia ciudadana. La primera celebraba en Tuy una Asamblea que, realmente, ha de ser histórica. La segunda aplaudía, histéricamente, a Millán Astray, ¡y aceptaba la tutela mental del señor de «Currito de la Cruz!».

Y el caciquismo rural no sólo tiene su salvaguardia en las ciudades –Audiencias, Gobierno civil, Comisión provincial-, sino que es un producto genuinamente urbano. Porque los caciques en mi tierra son «señoritos», detritus de las urbes, que la vida arrojó violentamente a los campos y que, fracasados, renuncian al ejercicio profesional y se dedican al ejercicio de amparar al político de la ciudad y al diputado que vive en Madrid.

El campo, pues, no precisa libertarse del espíritu pobre ni del mezquino horizonte. Es el espíritu de la urbe quien infecta el campo; es la ciudad quien achata y deforma el horizonte. Es el campo, en mi tierra, quien salvará a la ciudad. Los jóvenes que anhelamos, orientamos nuestra conciencia al revés de como lo estima Fernando de los Ríos: hacia una vida rústica y aldeana, más pura y más noble, más civil y más ciudadana que la vida de las urbes. Toda o casi toda la juventud que piensa en Galicia anhela la ruralización en las costumbres sociales de mi tierra y espera encontrar en ella salvadoras y fecundas perspectivas. ¡Y quién sabe si del campo, si de la tierra vendrá para el mundo entero la suprema salvación!...

Y vea Fernando de los Ríos un hecho que tiene una categoría fenomenal sintomática: la última Asamblea agraria de Tuy, a la que asistieron representantes de la Unión General de Trabajadores y del Partido Socialista, rechazó por unanimidad la propuesta de unir a los obreros del campo con los de las urbes. Hecho que, sin entrar a estudiarlo, yo someto a la consideración de todos, estimándolo como un síntoma más del «recelo» rural de mi tierra contra el vampirismo urbano.

Ante mí tengo un libro profético de Jules Meline: «La vuelta a la tierra y la superproducción industrial» (París, 1905) que, sin quererlo, es una diatriba formidable contra la obra spengleriana. Si los maximalistas rusos conocieran esta obra... ¿Por qué no suponer que una de las causas del fracaso bolchevique –me refiero al fracaso relativo: respecto a que la inadaptación primitiva ha desaparecido- consista en el desconocimiento del espíritu de los campesinos rusos, en su apartamiento de las verdades de la tierra?¿ No vendrá el fracaso, precisamente, de que el bolchevismo es una forma de comunismo urbano, creado por los intelectuales urbanos en la soledad de su despacho, alejados de la vida y de la cultura campesinas, desconocedores del alma de la tierra?

Pregunto, anhelante de verdad, porque entiendo que, forjadores del mañana, debemos tener muy en cuenta las realidades naturales -¡tan claras casi siempre!- para adaptar en lo posible nuestras concepciones a las citadas realidades. Para que no sea la Revolución social un tejer y destejer constantes, una serie ininterrumpida de equivocaciones seguidas de otra serie igual de rectificaciones. Para huir en lo posible del doctrinarismo de laboratorio y del «experimento» en carne obrera viva.

Y yo digo, firmemente convencido, que el Socialismo en Galicia podrá ser una realidad si se cuenta con la tierra y se da la espalda, en general, a las ciudades. Pensar que la máxima «civilidad», necesaria para la implantación del régimen socialista, haya de venir de las urbes es, a mi entender, y por lo de pronto sólo me refiero a Galicia, una tremenda equivocación.

JAIME QUINTANILLA

(1) Galicia es país esencialmente montañoso. Vid. «Geografía General del Reino de Galicia», F. Carreras y Candi, Barcelona.- Reseña geográfica y estadística de España. Tomo I. Instituto Geográfico y Estadístico (Madrid, 1912.- Descripción geográfica del Reino de Galicia. G. Schultz.

(*El Socialista*, 15-8-1922)

RAZAS LOIRAS E RAZAS MORENAS

Pra José García Acuña

Hai unha cencia, nomeada Geografía zoológica, moito intresante. Ista cencia, co´a chamada Geografía botánica, terá de s´irmanare cada día mais co´a Antropología.

A Geografía zoológica, estuda o espallamento e distribuzón das faunas no mundo. A Geografía botánica estuda a distribuzón das froras. A Antropología estuda a zoología do home. Pois ben: ¿por que non intentar a creazón da cencia que poidéramos chamar Geografía antropológica?

Hai xa algo mais que tatexos d´ista cencia e ja os sabios fan algo mais que soletrearen n´ela. Dend´os estudos de Trouessart e Wallace mui pouco se ten feito n´iste vieiro centífico. Pro o pouquichiño qu´hai, abonda por decontado. A Geografía antropológica é unha cencia de grande futuro, e seguramente será a verdadeira base centífica do Nazonalismo.

Europa, considerada dend´o punto de vista da Geografía zoológica esta dividida en duas grandes Zonas:

ZONA ÁRTICA

ZONA PALEÁRTICA.

Mais ista segunda Zona, divídese en varias *Sub-zonas*, moito intresantes. No que refírese á Europa, a zona paleártica divídese en duas Sub-zonas:

SUB-ZONA EUROPEA

SUB-ZONA MEDITERRÁN.

Agora ben; si trazamos unha liña no mapa da Europa que vaia pol-o Sul da Galiza (da Galiza *geográfica*, comprendendo, pol-o tanto, a provincia portuguesa de Entre Douro e Miño), Sul d´Asturias, Santander e Baskonia, cordilleira dos Pirineus, Alpes e Norte de Italia, Norte da peninsua dos Balkáns e un pouco por riba do Norte do Mar Mouro, finando nos Montes Caucásicos, ollaremos que tal liña divide ben craramente a zona paleártica nas duas Sub-zonas nas que fica comprendida Europa: a que fica por riba, Sub-zona europeia; a que fica por baixo, Sub-zona mediterrán.

Pois ben: a *Raza loira* corresponde, percisamentes á Sub-zona europeia. A *Raza morena* á Sub-zona mediterrán, que é, na sua totalidade, africana.

II

Pol-á coor dos cabelos, os Tipos raciaes da Su-zona europeia pódense dividir n´istas variedades:

Tipos de cabelos loiros.
Tipos de cabelos rojos. RAZA LOIRA
Tipos de cabelos castaños.

Os Tipos da Sub-zona mediterrán divídense d´iste jeito:
Tipos de cabelos mouros.
Tipos de cabelos mouros. RAZA MORENA
Tipos de cabelos mouros

III

Pol-os diámetros cefálicos, as razas de Tipo branco divídense d´iste jeito:
Dolicocéfalos
Mesaticéfalos
Braquicéfalos

Os Dolicocéfalos europeus son grandes de talla, e de cabelos *loiros* ou *rojos*. (Ingreses, escandinavos, finlandeses). SÓ HAI UN GRUPO DOLICOCÉFALO DE TALLA PEQUENA E DE CABELOS «MOUROS»: ESE GRUPO FÓRMANO *OS MEDITERRÁNS*, os da Sub-zona paleártica inferior.

Os mesaticéfalos non teñen intrés pra iste estudo, posto que non hai mesaticéfalos en Europa.

Os braquicéfalos de Raza branca divídense en dous Grupos, atendendo á coor dos cabelos:

De cabelos mouros e talla pequena. (Lapós, Ligures).

De cabelos castaños e talla mediana. (Celto-eslavos).

OS ÚNICOS BRAQUICÉFALOS DE RAZA MORENA QUE HAI NA EUROPA NON SON DA SUB-ZONA EUROPEIA , POSTO QU´OS LAPOS PERTENECEN Á ZONA ÁRTICA E OS LIGURES Á SUB-ZONA MEDITERRÁN.

Pódese faguer, pois, o seguinte cadro:

Zona ártica.....		RAZA MORENA.
EUROPA		
	Sub-zona europeia.....	RAZA LOIRA.
Zona paleártica		
	Sub-zona mediterrán.....	RAZA MORENA.

IV

A RAZA LOIRA atópase, pois na Europa, entre duas bandas de RAZA MORENA: unha na Zona ártica, que non ten infruencia, pol-o d´agora, na civilización. Outra na Sub-zona mediterrán. A Geografía antropológica terá que faguer costar, pois, que hai na Europa razas europeias e razas mediterráns ou africanas. Terá que faguer costar máis: que en Hespaña, as Razas europeias forman unha pequena minoría, e que o resto é todo él africano. Tamén fará costar qu´os galegos somos europeus pol-os catro costados, e qu´os demais habitantes da Iberia -agás dos que ja fixemos mención- (asturianos, cántabros e bascos) son africanos, tamén polas catro bandas.

E a Sociología e a Historia, d´acordo co´a Geografía antropológica, dirán mais: que a *Raza Morena* da Sub-zona mediterrán é oposta antropológicamente, culturalmente e espritualmente á *Raza Loira*.

Que é o que temos sostido ja moitos nazonalistas, e o que ja ten afirmado Risco, con unha verdadeira e cristaíña videncia.

JAIME QUINTANILLA (*Nós*, nº 15, 1-1-1923)

GABANZAS DO ENXEBRE

A zoca

Xa tense feito a lobanza d´alparagata e mais das botinas. Ainda non se fixo a loubanza da zoca, da nosa zoca: da zoca celta.

A alparagata foi grega, foi ateniense. A alparagata foi y-é mediterrán. É, e foi, o calzado dos pobos do ceo craro, dos pobos de camiños poirentos, dos pobos de Sol. Ainda foi, tamén, na Grecia, calzado das hetairas: as fermosas mulleres mercadeiras d´amores.

Os botinas son-o calzado burgués dos tempos d´agora. Son o calzado nacido do industrialismo e das manufacturas. Son o calzado fillo do maquinismo e da uniformidade cosmopolita.O calzado dos pobos de Sol e dos pobos de brétema: unha tendenza uniformizadora do mundo do século XIX, engaiolado pol-o parvismo dos conceutos hocos y-astrautos.

A zoca é o calzado celta. O calzado dos pobos superoucidentaes. O calzado dos pobos húmedos, e pol-o tanto das paisaxes verdecentes. Calzado dos galegos e mais dos bretóns. O calzado dos días de traballo e dos días de festa e romaxe.

A y-auga dos ceos é a nai das nosas zocas e dos bretóns armoricanos. A y-auga dos ceos qu´é, ao mesmo tempo, nai da nosa paisaxe: a dos neboeiros e dos fecundos orballos.

Na comarca do Ferrol non hay muller que non leve zocas. Poderán vestirse mais ou menos ao xeito moderno. As veces levan o peinado das vilas, as blusas das rapazas da cibdade. Mais as zocas non as deixan. ¡Y-é unha ledicia ollalas todas vestindo ao «señorito», mais amostrando a sua

aboenza labrega e celta co-as zocas nos pés! ¡As zocas ingrávidas, tan mornas e tan agarimosas pra os pés danzales das nosas rapazas!

A chuvia

Y-é unha conformidade coa paisaxe nosa o uso das zocas. É, mais qu´unha conformidade, unha comunión, unha consubstanciación.

Entr´os señoritos das vilas dos que gastan as botinas cosmopolitas, hainos qu´arrenegan da chuvia, da nosa meiga chuvia: tan acaída coa nosa paisaxe. Entr´os homes vagabundos de terras castelás, que veñen de alparagatas pol-a nosa Terra, sonan as maldiciós contr´a nosa benditiña chuvia. Mais entr´os celtas galegos que gastan zocas a chuvia é unha verdadeira bendición de Deus.

Non coidan, com´os señoritos das vilas ou os estranxeiros das terras irtas, qu´a chuvia sexa monótona. ¡Saben qu´ela é ben musical e que canta nas follas dos castiñeiros, e que brúa nas poulas dos pinos, e que fai choutal-os regatos, e qu´é a nai dos cadoiros fecundantes e das fervenzas cantareiras! E saben mais: qu´ela é a nai da nosa alma saudosa, tan acaída có babuxar dos ceos y-o orballar das nubes.

¡Albas zocas do branco bidueiro, á lixugárense nas lamugueiras dos camiños! A vosa albura é unha ofrenda á Terra-Nai, da que saídes sempre brancas: ainda lixugadas nas lamugueiras dos camiños.

JAIME QUINTANILLA (*Rexurdimento*, 2ª época, xaneiro 1923)

DEIXADE QUE DURMAN OS MORTOS

Mortos de Sobredo...! Aínda non vos abondou con serdes mortos na hora roxa d´aquila traxedia. Aínda non vos abondou con serdes vítimas «do imperio brutal da lei sin lei, qu´estoumiña o Dereito». Aínda dempois de mortos voan por riba de vós os corvos agoirantes. Podéchedes ser bandeira pra a Terra, e sodes, nas horas d´hogano, panterlo pra engayolaren á os vosos irmáns.

Foron, das vilas apodrecidas, cabo de vós, os «señoritos» qu´andan na precura de colocaciós políticas. Fixeron dos vosos cadavres unha bandeira noxenta, pra convertiren en boas as mercancías fanadas. Entre elas, quen pertence a un partido político do que o xefe ven decindo, a´os catro ventos, que non lle tremará o pulso pra rubrare sentenzas de morte. Entre eles, xentes dos chamados partidos liberaes, d´ises partidos que teñen no seu haber as mortes de Narón e de Nebra e de Sofán. ¡Mortes de irmás vosos, que como vós morreron; que son tan mortos sagrados como vós e que aínda están agardando a hora da súa vinganza! ¡E son os cómprices d´isas mortes -¡ou mortos de Sobredo!– os que queren facer de vós bandeira, cando aínda agardan os outros mortos por quen lémbrese d´iles como de vosoutros se lembran!

Non podíchedes chegar a menos, ou mortos de Sobredo! Están facendo de vós unha plataforma eleutoral. Voan os corvos da política por riba dos agros de Tuy, porque alí hai carnaza probabel, e todos queren fouzar nas vosas campas, pra amostraren a todos unhas pelerchas arrincadas dos vosos esqueletes e faceren d´elas bandeira de bandeiría.

Decídelles, irmás labregos de Tuy, a ises «señoritos» inúteis, que deixen á os vosos mortos na paz de Deus. Si algús d´ises «señoritos» vos inganara, e coa bandeira dos vosos mortos fora erguido por vós, xa sabedes o que faría; xa o sabedes pol-a boca do seu xefe. Cando cheos de fe, a terra aínda escrava do foro, quixérades revoltarvos, o xefe d´ise «señorito» non tremaría ao rubrar a vosa sentenza de morte. Cando algún dos outros «señoritos» trunfara, e desfeitos os caciques que agora tedes, houbera os que vos puxeran ises «señoritos», ben vos diría estardes calados. Si vos reboltábades como en Narón... non vos esquezades do qu´en Narón fixeron; si berrades como en Sofán... lembrádevos de o qu´en Sofán pasóu. Tamén alí foron mortos os vosos irmás, como foron mortos os vosos irmás de Sobredo.

Que fagan bandeira do que queiran, pro que non-a fagan dos vosos mortos, qu´os deixen durmir na paz de Deus. Si eles estiveran no poder, tamén serían ben capaces de repetil-a traxedia de Sobredo, irmás labregos! Non-os creades. Os vosos mortos son pra eles unha prataforma. Os desprezan fondamente. Sinten pol´os vosos mortos menos piedade qu´os qu´os mataron, fixérono

sin finximentos, á lus do día, con prena conciencia e con prena responsabilidade. Istes «señoritos» que vos falan agora dos vosos mortos non sinten piedade por eles. Queren traducir as mortes en votos, en votos pra figuraren en Madrí; pra se lociren á vosa conta e a conta dos vosos seres queridos. Pra iles os vosos mortos son unha ganzúa política. ¡Si non houberan morto os vosos mortos, eles terían de inventalos!

Decídelles, irmás agrarios de Tuy, a os vosos «señoritos» que deixen a os vosos mortos durmir na paz do soño eterno.

JAIME QUINTANILLA (*Rexurdimento*, 2ª época, abril 1923)

ABRENTE

Taibo, o gran poeta santiagués, é, non so un poeta galego, é, tanto como galego, é quezaves por sel-o tanto un poeta de fondo valor universal.

A sua lira é, esencialmente lírica. ¡E que tenro e mol o seu lirismo! Seguramente na poesía contemporánea non hai nada superior, liricamente, a o seu «Abala». Pro ademais o lirismo de Taibo e un lirismo transcendente, un lirismo que puidéramos chamar paradóxico, pois chega na sua forza eispresiva, a os fortes acentos épicos. Exemplos a poesía «Rua do Misterio».

Engádase a isto que Taibo, como bo galego, sabe das vaguedades, das cousas imprecisas e bretemosas, das voces descoñecidas do alén, do engado dos sentimentos non concretados, e ollaría-se como é certo que, na terra galega, xurde un lirismo nórdico e futurista, ben contrario ao lirismo clásico e mediterráneo, todo percisión e xeometría, todo lirismos concretos e perfilados.

I-e porque Taibo sabe ben do sabor doce e amargo da Raíña Saudade.

Qu´ela, filla da Lembranza e da Espranza, axunte no seu seo todo o eterno que encerra a palabra *Terra* e todo o transcendente que boliga na palabra *Futuro*.

XAIME QUINTANILLA (*Terra*, Bos Aires, ano I, nº1, 25-6-1923)

EL PINTOR CARMELO GONZÁLEZ

En estos tiempos de renacimiento del arte gallego, en los que hay un vivísimo interés por exaltar los valores raciales y autóctonos, destaca una figura, la del pintor ferrolano Carmelo González, como una de las que más méritos alcanzan y más esperanzas sugieren. Carmelo González –queda ya dicho- es un pintor de los que van a la vanguardia del movimiento artístico gallego. Y Carmelo González, bien conocido en Ferrol, algo conocido en La Coruña y Santiago, pretende ahora a darse a conocer por el público vigués. Permítame este público que, previamente a la exposición que proyecta Carmelo, haga yo su presentación.

Ante todo es preciso afirmar que Carmelo, estéticamente hablando, aún no ha encontrado el camino recto, la segura senda. Carmelo, muy joven y por tanto muy inquieto, balbucea y fluctúa entre las múltiples y variadas tendencias que acucian hoy a los artistas de todo el mundo. Sin embargo, Carmelo puede ser filiado indiscutiblemente entre los impresionistas. Impresionista muy personal, muy exaltado, y con cierta tendencia órfica, también especialmente característica de casi todos los pintores de aquella escuela.

En Arnois sobre o Ulla había un muíño e pesqueira que pertencía á casa de Silva de Ribadulla. En 1797 o dono da casa de Silva, Ramón Mª de Silva Morales, tivo un preito (RAG 11743/12) porque uns veciños aproveitando que el estaba na guerra en Navarra fixeron un muíño e unha presa, que provocaba a inundación das súas terras e lle impedía a pesca na súa canle. Segundo se declara neste preito, daquela había 20 muíños nun cuarto de legua. Actualmente está arruinada pero Alfredo Vicenti, refuxiado en Castrotión, deunos a descrición desta pesqueira: «Este dique, bastante espacioso para que dos hombres puedan recorrerlo de frente y punto menos que a pie enjuto, está destinado a encauzar todo el caudal del río hacia la pesquera de un hidalgo, y es como un puente, a decir verdad, sobrado peligroso, que pone en comunicación entrambas orillas».

XENEALOXÍA

A saga dos Silva podémola retrotraer até ***Gonzalo de Silva Neira*** e a súa muller ***María Canicova*** (ou *Casanova*, segundo aparece ás veces), filla de *Francisco de Canicova* e *Marquesa de Canicova*, veciños do lugar de Casdesunla en Sarandón (RAG20271/82, 2865/71). Gonzalo e María eran veciños de san Mamede de Ribadulla, se ben María estando viúva vivía en Ponteulla.

O 8 de agosto de 1587 a Gonzalo arrendáronlles unhas terras na aldea de Silva na freguesía de Sarandón por parte de Gregorio da Silva e Juan da Silva, notario de Santiago, fillos de Juan da Silva e de Francisca do Rego, e sobriños de Marcos de Silva e da súa muller Bibiana de Prol, que eran de familia fidalga.

Gonzalo e María, que eran labradores e non sabían asinar, ademais das terras de Sarandón, tiñan outras en Arnois e en Oca, que mediante testamento (RAG 20271/82) llelas deixaron en herdanza a partes iguais a seus fillos Domingo, Bartolomé e Juan, (pois Bastián, xa morrera), se ben logo estes fixeron algún troco. Deste xeito, Domingo viviu en Oca, Bartolomé en Sarandón e *Juan* no lugar de *Ribadulla en Arnois*.

Así, pois, Gonzalo de Silva e María Canicova foron pais de:

1.- *Domingo,* pai doutro Domingo, veciño de Oca, que en 1646 chegou a unha concordia co seu curmán Sebastián de Silva, fillo de Juan.

2.- *Bartolomé,* veciño de Sarandón, que o 12 de marzo de 1619 vendeu a seu irmán Juan os bens que herdara en Arnois por corenta e catro ducados ante o escribán Nuño Álvarez de Vaamonde.

3.- *María,* que casou con Juan de Oros.

4.- *Bastián.*

5.- *Juan* (*que segue*).

Juan da Silva, que era labrador, estaba casado antes de outubro de 1609 con **Inés de Remesar**, pois nesa data o matrimonio fai unha compra ante o escribán de Oca Juan Vázquez Paseiro. Inés era filla de *Marquesa Sanmartiño* e de *Benito Remesar,* e neta de

[4] A historia posterior da fábrica pódese ver en: FERNANDEZ CASAL,J., *Fábrica de papel de Riobó*. Miscelánea Histórica e cultural de A Estrada, 2004.

Pedro de San Martiño de Abelao e de *Teresa Pérez Reimóndez*, posiblemente irmá de Bartolomé Reimóndez Figueroa, fundador da capela de Castrotión.

Inés, que ao parecer non aportou propiedades ao matrimonio, era natural de Castrotión e irmá de *Pedro de Remesar* e de *María de Remesar* que estaba casada e cun fillo chamado Benito de Pazos. Dito Pedro, que era cura na cidade de Santiago, tiña rendas en Remesar, Oca e Riobó entre outras, e vendeu por 100 ducados toda a súa herdanza recibida por parte de seus pais e avós a seu cuñado Juan de Silva o 20 de maio de 1612 ante Bartolomé Reimóndez, escribán de Ponteulla. Pedro outorgou testamento ante o escribán Andrés González Villamoure o 28 de decembro de 1648, deixando como usufrutuarias mentres vivisen a *María de Silva*, casada con Marcos Fundado, e á súa filla María Fundada, pero como herdeiro a *Bastián de Silva*, o seu sobriño, e á súa descendencia coa obriga de dúas misas na igrexa de Oca (RAG 2865/71).

Juan da Silva mercou varias leiras, a chousa da Besada do Valo, as leiras de Filgueiras e a de Lamas, das que tomou posesión o 17 de marzo de 1610 ante o escribán don Bartolomé Reimóndez. E o 18 de febreiro de 1610 mercou a un xastre compostelán unha casa por 24 ducados no lugar de Moimenta (Arnois), de onde eran veciños. Tamén traballaba terras que eran propias da «*tenencia de la Vega»* durante os anos 1608 a 1613 e seguramente continuou (ACS) [5].

Logo Juan casou outra vez, pero non menciona o nome da muller na escritura de testamento (RAG 11743/12), que outorgou o 25 de outubro de 1636 ante o escribán Pedro Núñez de Ventosa deixando vinculados os seus bens en favor do seu fillo Bastián, pois levaba «*dieciseis años trabajando con el en casa, excusándole mozos de soldada, el cual no objetó cuando dotó a sus hijas*». Por iso xa lle deixa en vida a metade do lugar en que vive en Arnois, a metade do lugar que tiña en Moimenta, en San Miguel de Castro e en Oca, baixo a condición de mandar dicir seis misas anuais en Arnois ou en Sarandón. Entre as testemuñas da escritura están Andrés Fernández de Deza, patrón de Cervaña, e o escribán Rodrigo de Silva. Os fillos non se opuxeron, pero cando morreron chegaron a un preito para facer as partillas (RAG 9527/64). Juan morreu o 14 de outubro de 1643.

Juan e Inés de Remesar foron pais de:

1.- *María,* que casou o 7 de agosto de 1627 con Gregorio Caldelas, fillo de Juan Fernández de Caldelas e Madalena de Caldelas, veciños de Ponteulla, estando de testemuña o comisario Silva reitor de Sta. Mariña de Ribeira. Fixeron as velacións o 7 de agosto de 1631.Gregorio de viúvo casou con Ana Nicos, filla de Alonso e Florencia de Nicos.

2.- **Sebastián de Silva** *(que segue)*

3.- *Jacinta,* bautizada polo cura Alonso de Silva o 3 de xuño de 1613, tivo por padriños a Juan do Porto, veciño de Curantes, e María de Remesar, veciña de Riobó. Casou con *Juan de Vieiro*, veciño de Sar, e tiveron catro fillos: *Inés Vieiro* que casou con Gabriel Munín, con descendencia, *Juan Vieiro* «o mozo» que casou con María Álvarez, *Ángela Viero* que casou con Jácome Álvarez e *Marina Vieiro* que casou con Pedro Torrente.

4.- *Inés,* foi bautizada o 8 de marzo de 1619, sendo os padriños o escribán de Ponteulla don Nuno Álvarez e María Nicos, veciña de S.Miguel de Castro. O 4 de agosto de 1836 foi dotada ante Domingo Abad para casar con Bértolo Gordo Gómez, fillo de Bartolomé e de Antonia Gómez do Fontao. O dote da noiva consistiu en vestidos, roupa e diversos mobles e utensilios para a casa, 24 ducados en cartos, 2 bois e 6 vacas, 3 ducias de cabras

[5] Arquivo Catedralicio de Santiago.

e ovellas e unhas rendas duns 60 ferrados de centeo e algún de millo e trigo. A partida de casamento e velacións dinos que a voda foi realizada o 27 de xaneiro de 1637. Foron veciños de Sar. Inés chegou a unha concordia pola herdanza de seus pais co seu irmán Sebastián ante o escribán Amaro de Casteleiros, veciño de San Pedro de Salgueiros. Inés outorgou testamento ante o escribán compostelán Juan Martínez de Sea.

5,6.7.- *Juan, Jacinto e María Juana.* Nacidos nun só parto, foron bautizados o 27 de xaneiro de 1623, sendo os padriños dos nenos Benito de Orosa e Catalina do Couto, e os da nena Alonso Nicos e Dominga Besteira, pero só Juana chegou á idade adulta. Casou esta co alférez Agustín Lareo, veciño de Piloño, que o 27 de xuño de 1651 pediu a quinta parte dos bens dos seus sogros, por ser Juana unha dos cinco fillos de Juan e Inés Remesar. Chegou a unha concordia ante Andrés González de Soto co seu cuñado Sebastián, quen lle deu diversas rendas.

Sebastián de Silva, foi bautizado en Arnois o 22 de xaneiro de 1610, tendo por padriños a Alonso Gómez e Catalina do Couto. Sebastián, chamado habitualmente Bastián, en 1636 aceptou mediante escritura o vínculo fundado polo seu pai, onde se di que traballaba como labrego e non a firmou por non saber. Casou sobre 1636 con **María Fernández de la Iglesia,** da casa de A Senra en Escuadro, que era irmá de Ana, a segunda muller de Esteban Reimóndez Figueroa, patrón da capela de Santa María de Castrotión. Logo casou con *Dominga Cereixa*, da que non tivo fillos. Foron Sebastián e María os que fabricaron o cuarto da casa chamado a torre e un lagar que estaba pegado ao de pedra pola parte da eira. En Bruñido tamén construíron unha casa. Tiñan varios criados, como Juan de Rendo ou María Ana, que morreron o primeiro en 1661 e a segunda en 1668. En 1648 fixeron foro de herdades pertencentes á tenencia «*de la Vega*» e dunha casa no lugar de Os Golmados (Arnois) que pertencía a Esteban Reimóndez Figueroa, o cuñado de María (ACS).

Déronlles ás súas fillas (RAG 2865/71) un dote equivalente, que consistiu en tres ou catro vacas, unha porca, algunha cabra, un caldeiro de cobre, 4 mantas, 4 sabas e almofadas, 4 manteis e 4 «*servilletas de tripa de vaca*» e algunhas rendas, sexa ferrados de centeo ou canados de viño, e por último unha taza de prata por valor de 100 reais.

María finou en 1671 e Sebastián faleceu «*de repente de hipoplexía*» o 14 de xullo de 1679. Dous meses despois comezou un preito entre os seus fillos polas partillas (RAG 2865/71) xa que o fillo maior Juan reclamaba diversos bens como vinculares. Do primeiro matrimonio naceron dez fillos:

1.- *Inés de Silva*, nacida o 4 de agosto de 1636, casou con *Gregorio Collazo* e foron veciños de Oca. Foron fillos seus *Pedro, Tomé, Benita* que casou con Antonio de Remesar (pais de Alberto) e *María Collazo* que casou con Domingo Gómez.

2.- *Catalina de Silva*, que foi bautizada 7 de outubro de 1637, tendo por padriños a Andrés Fernández de Deza, patrón de Cervaña, e Catalina de la Iglesia aos que «*examiné en la doctrina y la sabían*» di o cura. Uniuse en matrimonio con *Antonio Reimóndez Figueroa,* fillo do citado Esteban Reimóndez, patrón da fundación de Castrotión. Tiveron oito fillos en Oca chamados Sebastián –o vinculeiro-, Ángela, Mª Antonia, Silvestra, Ignacio Antonio, Francisca, Bartolomé e Juan.

Unha das fillas, Ángela, tivo un fillo de solteira con Juan Gayoso Mendoza[6], dono do *pazo de Oca.* O neno naceu o 16 de agosto de 1673 -a nai faleceu quince días despois- e foi

[6] Juan Gayoso estaba casado e con fillos, aínda que a partida de bautismo de José di que estaba solteiro..

bautizado co nome de José, quen chegou a ser tenente xeneral de Artillería e cabaleiro de Calatrava en xaneiro de 1718, unha vez lexitimado por dispensa do papa Pío XI.

3.- **Juan de Silva** *(que segue)*

4.- *Juana,* bautizada o 4 de febreiro de 1643 tendo por padriño a Bartolomé de Silva, veciño de Oca. Casou o 20 de febreiro de 1667 con *Gregorio Brey,* fillo de Pedro e Inés de Festa, veciños de Ancorados, onde viviu o novo matrimonio. Tiveron por fillos a *María, Antonia, Isabel, Andresa* e *Tomás de Brei*.

5.- *María*, bautizada o 20 de marzo de 1648. Seguramente morreu de nena.

6.- *Andrés,* bautizado o 12 de febreiro de 1653, tendo por padriños a Andrés López de Neira e Rosa das Seixas, veciños de Ponteulla. Casou con *Dominga Bibián*, filla de Pedro, veciño de Moalde, e tiveron por fillas a *María*, *Dominga* e *Rosa* da Silva. Morreu antes que seus pais.

7.- *Domingos,* bautizado en 1654 pero o cura non o asentou. Os padriños foran Alonso Nicos, desta freguesía, e Antonia Masía, veciña de Oca. Casou con *Elena López,* e foron veciños de Piloño onde tiveron varios fillos: *Aniceto* (17/4/1689), *Gregorio* (25/10/1690), *José, Juliana* casada con Francisco Rey (+1772), *Juana e Josefa.*

8.- *Francisco de Silva Fernández* (ou Fernández de Silva)*,* foi bautizado o 27 de xaneiro de 1656 tendo por padriños a Pedro Fernández de Senra, familiar do Santo Oficio, e a Catalina Fernández de la Iglesia, a súa muller, veciños de Escuadro onde fundaron o morgado da *casa da Senra.* En 1678 foi ordenado de prima e grado. En 1684 era porteiro e axudante dos cárceres da Santa Inquisición de Toledo, e como tiña preitos polos bens dos seus pais, deu poder ao cura de Oca o 12 de setembro ante Andrés de Nodar, para que o representase.

O 29 de outubro de 1699 Francisco, «*secretario del secreto de la Santa Inquisición*» de Llerena e veciño de Llerena, como non tiña sucesores se ben estaba casado con *Josefa Meneses*, fixo doazón da súa lexítima ante Andrés de Nodar a seu irmán maior Juan Fernández de Silva que lle pertencía polos seus pais Bastián de Silva e María Fernández, como un dos seus nove fillos, e déixalla en forma de vínculo agregándoa ao morgado feito por Juan de Silva «o vello», seu avó, reservándose o usufruto (AHP Protocolos) [7]

O 23 de abril de 1711 cedeu ante Simón Rodríguez unhas terras de 54 fanegas de cebada á confraría da Nª Sra. da Granada en Llerena a cambio de que rezasen por el un responso cantado o último día da oitava e que o anotasen no libro de benfeitores. E trala súa morte deuse copia o 28 de decembro de 1716 a seu sobriño Andrés de Silva.

Francisco fixo testamento en Santiago o 11-12-1716 ante Pedro Rodríguez. Deixaba un «cortijo» chamado *Casas Blancas* nas aforas de Llerena e unha casa na rúa Santa Ana.

9.- Jacinta, casou o 2 de xullo de 1673 con *Alonso Peiteado*, escribán de S.M., fillo de Juan e María Nicos, veciños de Santa Cruz de Ribadulla. Tiveron unha filla, *María*, bautizada en Arnois o 12 de febreiro de 1678. Logo casou con *Pedro de Caldelas.*

10.- *Antonia de Silva*, casou o 13 de febreiro de 1669 con *Blas Munín*, fillo de Roque e Catalina Calva. Tiveron por fillos a *Juan, Domingo, Ignacio* –veciños de Sar-, *Antonio* - carpinteiro e veciño de Santiago- e a *María,* que casou con Domingo de Rozas, veciños de Sar. Blas, viúvo, casou 11 de outubro de 1679 con María Pérez Nodar, filla de Roque e María.

Juan de Silva casou o 19 de novembro de 1669 con **María de Nodar**, viúva, pois xa casara con Roque Pérez de quen tivera por filla a *María.* María de Nodar era filla de

[7] Arquivo Histórico de Pontevedra.

Domingo de Nodar e de *Marina de Nodar*, e neta de Juan de Nodar e de Mª Inés Darriba, veciños de Santa Mariña de Ribela e ela natural de Millerada (RAG 9527/64, 4117/17).

María tiña como irmán ao escribán *Andrés de Nodar*, nacido o 19 de marzo de 1642, quen o 9 de agosto de 1717 outorgou testamento en favor do seu sobriño Andrés ante o escribán Santiago Silva Piñeiro, facendo vínculo dos seus bens que comprendían a casa en que vivía en Ribadulla (Arnois), outras en Oca e A Mota e rendas en diversos lugares como Tarrío e Ancorados.

En 1670 Juan era familiar e notario do Santo Oficio e veciño de San Xiao de Arnois. Ampliou as súas propiedades mediante foros ou subforos ante Andrés de Nodar (AHP Protocolos). Así o 9 de agosto de 1670 Juan Gayoso Mendoza, señor de Oca, aforou a Juan de Silva o lugar de Rosendo en San Cristovo de Merín no Ulla por seis ferrados de centeo (é dicir, unha fanega) a pagar na súa casa de Santiago.

O 2 de abril de 1691 Juan fixo unha agregación ao vínculo do **seu avó Juan de Silva** ante Andrés de Nodar (AHP Protocolos). O seu avó fixera vínculo da metade do lugar de Silva (Arnois), onde vivía, con gravame dunhas misas. El agrega as casas e cortes e as súas torres, os agros, a devesa de Altamira, un muíño e os bens da súa muller María de Nodar quen lle da licenza e agrega a mellora de seus bens mobles e raíces e coa condición que todos os patróns que sucedesen agreguen a terceira parte dos seus bens. Tamén di que os bens de Ribadulla son propios «*diezmo a Dios*» e nomea como primeiro patrón á súa muller María Nodar e logo a seu fillo **José da Silva**, o seu fillo maior, e logo de grado en grado aos demais preferindo o varón...

María Nodar fixo testamento o 5 de xaneiro de 1715 ante o escribán Antonio Suárez, no que di (RAG 11743/12) que os bens quedan a repartir entre os seus fillos, excepto a casa principal con todo o anexo que deixa a seu fillo Andrés en forma de vínculo e agregándoo ao vínculo que deixara seu irmán Andrés de Nodar e ao que fundara Juan de Silva «o vello», bisavó dos seus fillos. María morreu tres días despois.

Os seus fillos foron:

1.- *José de Silva,* bautizado en Arnois o 20 de maio de 1665 tendo por padriños aos avós paternos. Casou con *Lorenza,* e viviron en Arnois onde tiveron a *Mª Andresa* o 15 de xaneiro de 1711, que tivo por padriños a Andrés e María de Nodar.

En 1710 foi denunciado polo seu curmán Ignacio Reimóndez Figueroa, fillo de Antonio e veciño de Oca, por unha liorta que tiveron ao ver que molestaba a seu tío Andrés de Nodar. José morreu o 30 de marzo de 1711 polo que o vínculo pasou a seu irmán Andrés, xa que Vicente era clérigo.

2.- *Vicente,* bautizado o 23 de marzo de 1667 tendo por padriños a Amaro de Rendo, veciño de Berres, e a Susana Pazos, veciña de Sta. Cruz de Ribadulla. En 1715 estaba de cóengo na colexiata de Sar.

3.- *Roque,* bautizado o 21 de agosto de 1669. Seguramente morreu de neno.

4.- *Francisca,* bautizada o 9 de marzo de 1671 sendo o seu padriño Gregorio de Parada, veciño de San Mamed de Ribadulla.

5.- *Andrés Antonio* bautizado o 11 de maio de 1673, sendo os padriños os seus tíos Andrés de Nodar e Juana de Silva**.** Debeu morrer pouco despois.

6.- *Andrés,* bautizado o 10 de setembro de 1674. Á marxe pon: «*murió luego*».

7.- *Jacinta,* bautizado o 2 de xaneiro de 1676 tendo por padriños don Bartolomé Sánchez Baamonde e Jacinta de Silva. Casou con *Pedro Caldelas* e tiveron unha filla, *Rafaela*, o 24 de outubro de 1688 tendo por padriños a Andrés de Nodar e Juana de Silva, tía da nai da

bautizada e veciña de Ancorados. Logo casou con *Juan Miguez*, estañero, viúvo de Dominga de Carregal con quen tivo por fillos a *Manuel* e a *Juan.*

8.- *Sebastián Antonio,* bautizado o 4 de maio de 1678 tendo por padriños a seu avó Bastián Silva e a Dominga Cereixa, a segunda muller de Bastián.

9.- *María Antonia.*

10.- **Andrés Antonio**,*(que segue)*

11, 12.- *Andrés e Agostiño,* xemelgos, que se bautizaron o 7 de xaneiro de 1683, pero morreron logo.

13.- *Rosendo*, bautizado o 29 de febreiro de 1684.

Andrés Antonio de Silva foi bautizado o 6 e marzo de 1681, tendo por padriños a Andrés de Nodar e a Mª Gómez de Nodar, curmá do bautizado.

Antes de casar tivo catro fillas de Isabel Gómez, moza solteira e veciña de Arnois, a quen lle dera palabra de casamento**.** As tres primeiras morreron pronto pero non así a última, *Juana Andrea,* que foi bautizada o 7 de maio de 1715 na parroquia de Nª Sra. Virxe do Camiño en Santiago. Andrés déralle a Isabel unha cantidade por alimentos para as fillas mediante escritura pública o 3 de setembro de 1714 ante Antonio García de Camaño, antes de ter a última filla, pero logo Isabel pediulle máis cartos e el ofreceulle 8 ducados máis, pero ao pouco ela pedía 500 reais máis para alimentos e por terlle arruinado o creto, e acabou denunciándoo (RAG 2921/21).

Juana Andrea, a filla que sobreviviu, casou con Ventura Loureiro, e en 1758 participou nas partillas dos bens do seu pai e logo, tralo preito e como non tiña descendencia, o 26 de xuño de 1784 ante o escribán Jacobo Ferro cedeulle todos os seus dereitos sobre a herdanza a seu sobriño Ramón Mª Silva Morales a cambio de 200 reais mentres vivisen ela ou o seu marido, e pedíndolle por adiantado os cartos de cinco anos e que, se eles morresen antes, Ramón Mª non llelos podería reclamar aos herdeiros.

Andrés en 1713 comproulle á súa irmá Jacinta a lexítima paterna por 1.100 reais, e outras herdades que tiña en Ribadulla e no Bruñido por 8.500 reais ante Simón Rodríguez (AHUS. Protocolos)[8].

Casou con ***Mariana Núñez de Castrigo Sanmamed,*** natural de Santiago, filla de *Antonio de Castrigo Sanmamed* (casado en segundas nupcias con Ana de Moscoso e Sotomayor), do lugar de Castrigo en Ortoño, e da súa terceira muller *María Núñez (de Castro) Varela,* de San Miguel de Cora, e neta por liña paterna de Gregorio Castrigo Sanmamed e de María Gómez Ortiz, oriunda de San Vicente de Aro (Negreira), e neta por liña materna do escribán de Cora don *Jacobo Núñez de Castro* e de *Isabel García Varela*, que tiña bens en Lagartóns e en Viso. Mariana, ou máis ben o seu avó Gregorio, era parente bastante próxima do bispo de Quito Ilmo. Alonso de la Peña Montenegro.

Mariana foi dotada o 19 de agosto de 1714 ante Simón Rodríguez (AHUS. Protocolos) polo seu medio-irmán Andrés Jacinto Castrigo Moscoso, cura de Ames e san Cristovo de Papia, e pola súa irmá Rosa, que estaba casada co doutor Ignacio Pereira e Moscoso, avogado da Real Audiencia. Ofreceron de dote 33.000 reais, ademais dos 300 ducados que lle deixara seu pai o 17 de maio de 1700 ante o escribán Pedro Vázquez e de roupa por valor de 4.000 reais que ofreceu Andrés Jacinto.

Andrés Antonio de Silva morreu sobre 1755 e tivo por fillos lexítimos a:

[8] Arquivo Histórico Universitario de Santiago.

1.- *Mariana Agustina*, bautizada o 28-08-1716, tivo por padriño a Andrés de Nodar.

2.- Andrés Antonio de Silva. *(que segue)*

3.- *Ramón Antonio Vicente*, naceu o 4 e bautizouse o 6 de xullo de 1722.

4.- *Bernardina de Silva*, foi bautizada o 19 de xuño de 1723. Foi abadesa no convento de Santa Clara en Santiago, onde ingresou o 4 de febreiro de 1750. Un ano despois o 25 de xuño de 1751 ante o escribán Domingo Antonio Cernadas renunciou á súa lexitima a favor de seus pais e despois en súa irmá Isabel Rosalía a cambio dunha renda vitalicia de 200 reais anuais e un touciño (RAG 24878/14).

5.- *Juan Manuel de Silva*, nacido o 17 de decembro de 1724 e bautizado o 20, casou con *Rosa Martínez Sindín,* filla de Antonio e de Dominga. Finou o 15 de novembro de 1786, outorgando testamento ante Jorge Antonio Nogueira.

Tiveron un fillo, *Juan Manuel*, nacido o 27 de abril de 1784 e que casou con Mª Benita Castroverde, natural de Vedra, se ben foron veciños de Oca, onde morreu Juan Manuel o 25 de febreiro de 1862 tendo outorgado testamento ante Manuel Santamarina o 2 de decembro de 1861 (AHP Protocolos).

5.- *Jacinto Faustino,* que foi bautizado o 15 de febreiro de 1726, sendo o padriño Jacinto Castrigo, cura de Ames. Xesuita, foi desterrado por Carlos III en Bolonia o 13-01-1777.

6.- *Julián de Silva,* nacido o 9 de xaneiro de 1731, foi bautizado dous días despois. O 24 de agosto de 1772 na casa de Altamira do lugar de Ribadulla (Arnois) xunto co seu irmán Juan Manuel, se ben eran veciños de Santiago, outorgaron testamento ante Pedro Antonio Domínguez deixándose sucesor un ao outro. Morreu o 15 de outubro de 1782, tendo feito testamento ante Francisco Antonio Clemente, escribán de San Mamede de Ribadulla.

7.- *Mª Andrea Micaela*, bautizada o 15 de febreiro de 1732. Finou pronto.

8.- *Isabel Rosalía de Silva.* Cando o 25 de febreiro de 1758 se fixeron as partillas da herdanza dos seus pais, a ela asignóuselle 4.000 ducados co seu consentimento. Celebrou os esponsais en 1763 con *Pedro Gil de Ribera*, fillo de Bernardo Gil de Araújo e de Josefa Ribera, veciños de Freixo (Crecente). Fixeron as capitulacións matrimoniais o 27 de maio de 1763 polas que ela aportaba 44.000 reais (4.000 ducados) que servirían para que Pedro pagara a débeda que tiña e así liberar os bens que estaban hipotecados, herdanza do seu irmán Fernando maxistral da colexiata de Iria Flavia. Por iso Pedro ofrecía a Isabel a décima parte deses bens que estaban situados en Caldas de Reis (RAG 24878/14).

Sen descendencia, outorgou testamento o 18 de setembro de 1784 ante Miguel de Cruces deixando como usufrutuario a seu marido e unindo os seus bens ao morgado fundado por Juan Silva o maior, e que agora tiña Ramón María de Silva e en caso que este non tivese descendencia quería que herdase o seu irmán Juan Manuel ou os seus herdeiros, e se non, a liña dos Barreiros os seus parentes.

Andrés Antonio de Silva. Naceu o 10 de abril de 1720 e foi bautizado ao día seguinte en Arnois, tendo por padriños a Andrés de Nodar e Rosa Castrigo, veciña de Santiago e muller do doutor Ignacio Pereira, asistente e Xustiza maior de Santiago.

Seu pai tratou o casamento de Andrés Antonio estudando as diversas ofertas. Tratou con Pedro Sánchez de Ardeleiros, dono da casa e torres de Road, que ofrecía 6.000 ducados de dote para casar a súa irmá. Tamén tratou co Bernardino Núñez de la Fuente, cura de San Fins de Estacas no Salnés, que tiña unha irmá sucesora no vínculo e un dote de 6.000 ducados, pero non o fixo porque Andrés estaba pendente de dotar as súas fillas para profesar como monxas. Tamén lle ofreceron casar cunha moza de Padrón sobriña do bispo

de Quito Alonso de la Peña Montenegro, que tiña 4.000 ducados de dote, pero Andrés pedía 8.000. Por iso, aceptou outra oferta que lle deu a coñecer un franciscano de Santiago pero natural de Arnois, quen lle informou que a sobriña do cura de Calo ía ser sucesora dun vínculo en Bouzas que importaba máis de 500 ducados e tiña un dote de 6.000 ducados, ademais o matrimonio quedaría a vivir na casa do cura quen tamén lle ofrecía 1.500 ducados para o dote das súas fillas Bernardina e Rosalía. Andrés aceptou esta oferta en contra da opinión da súa muller.

Andrés Antonio casou, pois, en Calo o 30 de novembro de 1748 con **Mª Bernarda Morales Sequeiros e Araújo Cornide,** filla de José Benito Morales e Sequeiros[9] e Bernarda Antonia Araujo e Salgado, e neta do capitán da Real Armada Francisco Morales e Josefa Sequeiros Sotomayor e Sequeiros. Mª Bernarda tiña un tío, chamado Manuel Morales, que era mordomo do Real Hospital de Santiago.

Mª Bernarda dicía que recibiu un dote de 6.000 ducados, se ben o seu fillo rebaixaba a cifra a 2.500, é máis, di que 1.000 ducados non foron entregados. A realidade é que o día da voda foi dotada polo seu tío cura de San Xoán de Calo, pois seu pai xa morrera e a súa nai vivía na casa do cura. Na escritura de dote feita ante Simón Framil don Andrés de Silva ofrecía 3.320 reais por arras a entregar a Mª Bernarda e 1.000 reais anuais vitalicios por alimentos a pagar a partir de xuño de 1749. E se querían independizarse ofrecíalle os bens do morgado, a condición de ter acomodadas a Bernardina e Rosalía, que tiñan a intención de ser monxas, e de cesar na obriga de darlle os 1000 reais. Por parte do cura, Ramón Morales Sequeiros, ofrecía 2.500 ducados, 1.000 ao casar, e 750 ao tomar estado Bernardina e outros tantos ao tomar estado Rosalía.

Poucos meses despois, en marzo de 1749 morreu o seu tío cura e Mª Bernarda herdou o vínculo de Bouzas (Vigo), fundado polo seu tío-avó Benito Sequeiros e a súa muller Ana Mariño, e en novembro dese ano xa cun fillo demandou a seus sogros por non cumprir co dote prometido, pois dicía que non tiña medios para vivir segundo a súa condición. Ao non acceder estes pois aínda non tomaran estado as fillas, Andrés Antonio o 5 de febreiro de 1750 gañou despacho para embargar as rendas do pai. Andrés accedeu a pagarlle os 1.000 reais, aínda que esixía que se lle pagase o dote para as súas fillas monxas, pero o fillo entón pedía 2.000 reais anuais. Ao mes seguinte a nora, Mª Bernarda, que era unha argallante, ofreceulle ao sogro darlle 700 ducados anuais a cambio de que lle cedera todos os bens. Pero Andrés non quería cederlle os bens «*que me costaron mucho desvelo*» pois tiña medo que os desbarataran e descoidaran como os que tiñan en Bouzas.

E cando morreron seus sogros, repartiron os bens entre os irmáns, pero houbo un preito que Mª Bernarda a muller de Andrés se empeñou en alongar. E así tivo durante a súa vida cantidade de preitos, pois era ela quen mandaba na casa (RAG 14606/7, 12305/9, 12884/16, 13897/41). Ademais seu fillo acusouna de non coidar os seus bens, de deixar arruinar a fábrica de papel, de favorecer a dubidosas amizades, como uns veciños aos que trataba como se fosen fillos, pagándolles os gastos e *dándolle chocolate a pesar de que eran xente vulgar*, e ademais eles vendíanlle os froitos (millo, viño, queixo,etc.) no seu proveito.

[9] Avós: Francisco Morales e Josefa Sequeiros. Segundos avós: Rodrigo Sequeiros Sotomayor e María Sequeiros. Terceiros: Rodrigo de Sequeiros de Benavides e María Veloso de Sotomayor. Cuartos: Bartolomé de Sequeiros Pereira e Silva, irmán do I Conde de Priegue. Quintos: Rodrigo de Sequeiros, señor da casa de Silva en Portugal e Magdalena de Faria e Acevedo (RAG 24498/1, 20409/37).

Por outra banda Mª Bernarda herdou do seu tío Francisco Morales Sequeiros que era cura en San Xoán de Calo e que fixo unha fundación cando outorgou testamento ante Simón Framil o 2 de outubro de 1748. Tamén herdou os vínculos e morgados da familia que fundaron en Bouzas don Rodrigo Benavides o 29 de xuño de 1631, e os dos irmáns Benita e Josefa Sequeiros ante Pedro de Mandaio Figueroa.

Viviron compartindo residencia tanto en Ribadulla como na bisbarra de Vigo, onde Mª Bernarda tiña os bens herdados da súa familia.

En 1767 Andrés e os seus irmáns disputaron cos netos de María Pérez – filla do primeiro matrimonio da súa bisavoa María Nodar-, entre eles, Marina Pazos Callobre que estaba casada con Jacobo Otero, da casa de A Mota, pois non estaban de acordo co troco que fixeran Andrés de Silva «o vello» e Francisco de Pazos xunto coa súa muller Mariana Callobre.

En 1785 Bernarda, xa viúva, tiña unhas rendas líquidas en Ribadulla de 4.136 reais. A maior parte das rendas eran forais, se ben tamén tiña outras por arrendamento. Cobraba 34 ferrados de trigo, 244 de centeo, así como algunhas cantidades menores en viño, capóns e en metálico. Entre os foreiros estaba Jacobo Otero, dono da casa de A Mota (Riobó) quen lle pagaba nove ferrados de centeo e dous capóns.

Andrés foi sepultado o 1 de decembro de 1778. A continuación comezou un preito entre o fillo e a súa nai pola administración dos morgados, polo que Bernarda en 1784 marchou a vivir a Riamonde deixando os seus bens mobles, que logo solicitou por vía xudicial (RAG 12884/16). A xustiza privoulle a ela da administración dos seus bens, pero logo conseguiu recuperala, se ben a cambio tivo que dar fianzas o 16 de marzo de 1787 ante Bonifacio Paseiro para darlle a seu fillo 300 ducados por alimentos. E tres meses máis tarde, o 14 de xuño e ante o mesmo escribán outorgou testamento. Nel di que consta en 1773 ante Pedro Arén e en 1781 ante P. Antonio Carbón os moitos bens que ela aportou ao matrimonio. Por outra banda deixa encargadas numerosas misas, esmolas, pago de débedas, diversas doazóns, e o sobrante déixallo ao fillo.

María fixo testamento o 7 de xaneiro de 1788 ante José Antonio Mallo e foi sepultada dous días despois. Tiveron un único fillo, **Ramón María** (*que segue).*

Ramón María de Silva Morales. Naceu o 8 de setembro de 1749 e foi bautizado dous días máis tarde na parroquia de Salomé en Santiago cos nomes de *Ramón María Andrés Bernardo* tendo por padriños a seu avó Andrés Silva e á súa avoa Bernarda Araújo, veciña desta parroquia.

De rapaciño estivo oito meses en Santiago aprendendo a tocar o violín, pero logo a nai levouno para Arnois. Foi capitán de granadeiros do Rexemento provincial de Santiago, patrón in solidum da Capela de Nosa Señora de la Granada, dono e director da Real Fábrica da Barreyra, *«Secretario de Millones e Notario de Reynos y señoríos de España»,* sendo esta fábrica... *única de papel fino cartones y todas clases en este Reyno…* considerada Real e polo tanto os seus operarios exentos de servir do Exército e Milicias e de cargas do concello. Tamén loitou no exército en Navarra desde 1794 a 1800.

Con motivo da invasión francesa fixo donativo de más de 56.000 reais en efectivo e crecida partida de papel e tamén cedeu unha casa sita na Porta da Mámoa en Santiago (hoxe Orfas, esquina a Entremurallas) para hospedaxe de tropas.

Tratou de casar con María Aurora Ozores, filla segunda do conde de Priegue, se ben logo casou coa súa irmá Francisca de Borja de Ozores Ponce de León, filla de *Juan Antonio Ozores e Verea de Aguiar,* VI conde de Priegue, e da súa primeira muller Manuela

Ponce de León. Francisca fora bautizada en Sta Mª do Camiño (Santiago) o 10 de setembro de 1760 co nome de *Francisca Faustina María de la Aurora*, tendo por padriños ao abade de Salcidos don Juan Ponce de León e á súa avoa materna Micaela Francisca.

Xunto coa súa irmá Manuela, Francisca recibiu formación no convento da Ensinanza en Santiago desde o 12 de xaneiro de 1776 até o 23 de setembro de 1780.Aportou como dote a cantidade de cinco mil ducados, 4.000 que lle entregou seu pai e seu irmán, e os outros mil ducados restantes dona Juana Ozores Ponce de León (casada con Ventura Diego Naharro) a súa irmá primoxénita e que herdara uns morgados por parte da súa nai. Pero pouco despois en 1783 Ramón María púxolle un preito á súa cuñada Jacoba pois pretendía que lle dera un dote a Francisca. A razón era que cando se fixeron o 18 de setembro de 1773 as capitulacións matrimoniais entre Jacoba e José Quiroga Cedrón asinouse o compromiso de dotar ás súas irmás solteiras se seu pai conseguía para ela os morgados de Oza e Bértoa que fundaran o 25 de abril de 1526 Teresa de Castro e o seu marido García Prego de Montaos. Como en efecto en setembro de 1772 tomou posesión dese morgado, debía dotar ás súas irmás. Ela alegou en contra que tiña 17 anos (aínda non os cumprira) e que era deber do pai dotar ás fillas. O conde de Priegue en realidade tiña unha facenda en precario pois tiña que pagar por mandato xudicial á súa irmá Jacoba 3.000 ducados anuais, 1.000 ao cabido de Santiago por un préstamo que pediu para pagar o preito do morgado de Oza e Bértoa así como os colexios das fillas, 400 ducados a seu fillo natural e ademais tiña catro fillos do novo matrimonio e outro en camiño. De aí a singular escritura de dote e o compromiso de Antonio Pardiñas, cando pediu casar cunha das fillas do conde, de dar 10.000 ducados de dote ás demais fillas (pero lamentablementeAntonio, que era moi rico, morreu antes de casar) (RAG 22032/10, 18783/51).

Tamén disputou co seu tío Pedro Gil de Ribera trala morte de Isabel Rosalía de Silva. Pedro era usufrutuario e Ramón María o sucesor, polo que pediu que asegurara os bens aos que tiña dereito, cando Pedro volveu a casar. Pero o 10 de xuño de 1801 chegaron a un acordo valorando a herdanza en 35.000 reais, tralos gastos de enterro e funerais de Isabel Rosalía.

D. Ramón tivo unha filla natural de solteiro con Rosa Gómez chamada Josefa da Silva, que casou o 11 de abril de 1801 con Juan García do Curro, estando como testemuña Vicente de Silva, o seu medio-irmán.

Recibiu o 26 de xuño de 1784 unha doazón de Benito Loureiro e a súa muller, veciños de Santiago, con gravame de 200 reais anuais por alimentos ante o escribán de Santiago don Jacobo Ferro.

Francisca de Borja faleceu en Santiago en novembro de 1794 e Ramón o 21 de xaneiro de 1810, segundo a partida de defunción que textualmente di:

> En 22 de enero de 1810, el cura párroco de S. Julián de Arnois D. Francisco Piñeyro y Solbeira, acompañado de veintitrés señores sacerdotes, asistió a las funciones fúnebres de entierro de Don Ramón María Silva, Capitán del Regimiento provincial de Compostela y vecino de la misma feligresía. Recibió los Santos Sacramentos, e hizo disposición sin fundación alguna; y fue sepultado su cadáver en una de las dos del coro de la misma iglesia parroquial, precio cuarenta y cuatro reales...

No adro da igrexa de Bouzas (Vigo) pode verse un escudo de pedra, en bastante mal estado pola erosión, que ata os anos corenta do pasado século se atopaba no interior da igrexa formando parte da lousa sepulcral mal atribuída a don D. Ramón María Silva.



Escudo de Bouzas.

O campo deste escudo é cuartelado cos seus dous primeiros cuarteis practicamente ilexibles, que corresponderían ás armas dos Pereira (unha cruz) e dos Troncoso (un tronco de árbore. O terceiro cuartel, xaquelado pertencente aos Valladares e o cuarto cinco veneras, das armas dos Sequeiros. O helmo está mirando cara á esquerda (dereita para o observador), o que nos vén a indicar a súa orixe bastarda.

Vicente María Silva y Ozores, herdeiro do morgado, naceu en 1794 cando seu pai marchara á guerra. A súa nai no codicilo outorgado o 19 de novembro de 1794, di que se entregue «otra tanta cantidad (330 reales de vellón) a Francisca Peiteado que en calidad de ama está criando el niño que ahora de próximo he dado a luz[…] único y universal heredero, D. Vicente María de las Mercedes Silva y Ozores, su hijo único».

Casou en 1810 con **Mª Teresa Paseiro Cadavid,** filla de Bonifacio Antón Paseiro Andújar e de Mª Ignacia Cadavid Nieves, neta por liña paterna de Alberte Paseiro Cortes e de Mariana Vilariño, e por liña materna neta de José Cadavid, veciño de San Paio de Figueroa, e de Josefa de Nieves.

Director da Real Fábrica de papel, arrendouna o 30 de outubro de 1813 a Manuel Porto ante o escribán Felipe Pena Leira.

Foi acusado de matar a Francisco de Pazos polo que se evadiu e foi declarado en rebeldía. A viúva, Juana de la Puente, o 30 de xaneiro de 1817 fixo un escrito ante Francisco de Oca (AHP Protocolos) dicindo que non sabía se era culpable, pero que en todo caso lle perdoaba e pedía ás autoridades o seu indulto. En efecto o 18 de febreiro de 1818 foi indultado e o 16 de marzo ante dito escribán comprometeuse a pagar as costas, presentando un fiador, para así conseguir que se desembargasen os bens.

Solicitou ao Municipio de Santiago que lle fose devolta a casa de súa propiedade sita na Porta da Mámoa que seu pai cedera con motivo da invasión francesa.

Morreu Vicente o 2 de xullo de 1818 en Arnois sen ter outorgado testamento.

Teresa Paseiro casou en segundas nupcias con *Mariano Paseiro Taibo*, fillo de José Paseiro e María Concepción Taibo, naturais de A Estrada. Tiveron un fillo o 14 de maio de 1822 e outro o 22 de decembro de 1823 que morreron ao nacer. Tiveron tamén unha filla, *Carmen*, e un fillo *Eugenio Paseiro Paseiro*, nacido o 17 de setembro de 1833 en Arnois, e que casou o 14 de decembro de 1871 con María del Carmen Josefa Margarita Badía Paseiro, da *casa de Badía* en Xerliz.

Carmen e Eugenio Paseiro Paseiro xunto con Bonifacio e Josefa Silva Paseiro fixeron as partillas dos bens da súa nai común, Teresa Paseiro Cadavid, en 1871 ante o notario estradense Manuel Santamarina.

Vicente de Silva e Teresa Paseiro tiveron por fillos a:

1.- **Bonifacio Vicente Silva Paseiro** *(que segue)*

2.- Josefa Silva Paseiro. O 22 de outubro de 1842 fixéronse as capitulacións ante Antonio Montenegro para que Josefa casase con *Ramón Collía Goyburu*, fillo de José e Concepción. O seu irmán Bonifacio «a pesar de las muchas cargas que gravitan sobre los mayorazgos, de seren pocos los bienes libres que por su difunto padre posee, de estar sujetos al reintegro que su madre aportó al matrimonio, de que las utilidades de la fábrica

de papel en el día son insignificantes, teniendo en cuenta el mucho cariño...» outórgalle por razón de dote e lexítimas 3.000 ducados de capital, pero como non ten metálico ofrécelle 400 reais anuais e 99 ferrados de centeo, 8 de trigo, 4 de millo groso, 1,5 de millo miúdo e tres capóns que se lle pagará a partir do ano 1843.

Bonifacio Vicente Silva Paseiro, foi bautizado o 18 de xuño de 1811, sendo o padriño o seu avó materno. Dono da Real fábrica en 1830, casou con **Manuela Espinosa Salgado,** natural de San Salvador de Escuadro, filla de Benito Fernández Espinosa Varela e de María Salgado Vaamonde[10], neta por vía paterna de José Fernández Espinosa e Josefa Varela e Verea de Aguiar (dos Varela do pazo de Buzaca) e por vía materna neta de Benito Salgado, veciño de Soutolongo, e Juana Vaamonde, de Brántega, que casou en segundas nupcias con José Mª Rivas Taboada, veciño de Siador.

O 13 de setembro de 1843 fíxolle a liquidación ao administrador da casa Antonio Temprano e tomou el o control da casa facendo diversos foros nese mesmo día ante o escribán Antonio Montenegro (AHP Protocolos) de herdades que tiña en Oca, Ribadulla e Riamonde. Nese día tamén agradeceu á súa nai o seu traballo como titora e recoñeceu que Teresa (casada xa de novo) aportara ao matrimonio 24.000 reais, que recoñece que ten que devolver e que lle entregará cando ela o solicite.

Faleceu no lugar de Ribadulla en 1889. Os seus fillos:

1.- **Eliseo de Silva Espinosa** *(que segue)*

2.- Mariana, bautizada o 25 de decembro de 1845.

3.- Ramona Silva Espinosa, que naceu o 23 de febreiro de 1849 e bautizada ao día seguinte. Faleceu solteira no lugar de Ribadulla en 1910 aos 60 anos.

4.- *Germano Roberto Silva Espinosa*, nacido o 19 de marzo de 1852.

5.- *Mª Consolación Silva Espinosa*, nacida e bautizada o 17/11/1853.

6.- *Soledad Silva Espinosa*, nacida e bautizada o 3 de setembro de 1855.

Eliseo de Silva Espinosa, bautizado o 18 de outubro de 1844, casou con **Carolina Gómez Cedeira**, natural de Santiago, filla de Joaquín Gómez, do *pazo de Xerliz*[11], e de Carmen Cedeira de Penas (Ferrol,1816) e neta por liña materna de Juan Antonio Cedeira e Andrade e de Mª Juana Dolores de Penas Santalla.

Vivía en Arnois e logo en A Estrada, onde exercía como tenente alcalde e logo como alcalde desde 1 de xullo de 1881 até o 13 de xuño de 1884 en que é cesado polo xulgado tras un procesamento. Logo tamén o foi desde o 17 de marzo do 86 até setembro, e logo desde o 25 de maio do 87 por renuncia de don Gumersindo Otero até xuño do 88. Aparece como Secretario de Goberno no Xulgado de primeira instancia de A Estrada en 1905, e tamén figura como «*escribano de actuaciones*» na Consolación onde tiña o seu despacho. En 1896 foi presidente do Casino. Tiveron por fillos a:

---

[10] Os demais fillos de Benito Espinosa e de María Salgado foron: *Josefa Juana Ramona* (Escuadro, 20/2/1816), *Justa Cándida Francisca* (17/6/17), *Ramona Mª Benita* (20/4/19), *José Mª Ramón Francisco* (22/11/21), *Ramón* (17/5/23), *Mª Dolores* (12/6/24), *Jesusa* (9/7/25) que casou con José García Centeno, de Breixa, *Vicente Ferrer* (29/5/27), *Bernardo Prudencio* (28/4/29) que casou con Luisa Valladares Núñez, de Vilancosta, *Fermina* (23/6/30), *Luís* (4/2/32), *Pío* (9/7/33) e *Mª Dolores* (25/5/36).

[11] FERRO, L.- BÉRTOLO, J.M., *Pazo de Xerliz y casa de Badía en Guimarei*, Boletín de Estudios de Genealogía Heráldica y Nobiliaria de Galicia, Nº 10.

1.- Brígida Emilia, nacida o 22 de decembro de1870.

*2.- **Abelina Concepción Mariana Andrea Manuela**, (que segue)*

*3.- Amparo de Silva Gómez***,** nacida o 10 de decembro de 1873. Casou co notario público *Miguel Losada Losada,* fillo de Joaquín Losada Pimentel, natural de Santiago, e de Joaquina Losada Segade, natural de Xirazga en Beariz (Ourense). Foron pais de:

a) *María Amparo Losada Silva*, nacida o 22 de abril de 1898 faleceu o 18 de maio de 1979.

b) *Josefa Mª Mercedes Antonia,* nacida o 30 de xuño de 1899, faleceu o 11-01-1929.

c) *Joaquina Consuelo Losada Silva,* nacida o 1-06-1902, faleceu o 17 de marzo de 1977.

d) *Miguel Antonio Eliseo,* nacido o 7 de novembro de 1905, morreu pouco despois.

e) *Mª de la Soledad Carmen Ramona* Teresa, xemelga do anterior, faleceu o 21-08-1906.

f) *Mª Concepción Carmen Ramona,* nacida o 9/6/1907 finou en1910.

g) *Jaime Miguel Eliseo Francisco Javier Eseban Alonso José*, nacida o 8 de xuño de 1911 morreu o 22 de abril de 1966.

h) *Concepción Ramona Carmela Teresa Rosa Carolina,* xemelga do anterior.

Faleceu Mª Amparo o 2 de xaneiro de 1954. **Era a dona da casa e capela do lugar de Ribadulla en Arnois,** que herdaron os fillos.

4.- José Pedro Mario Silva Gómez, naceu no lugar de Ribadulla o 9 de marzo de 1875 e bautizado o 19. Morreu solteiro en A Estrada o 18 de febreiro de 1960.

5.- *María Silva Gómez*, naceu no lugar de Ribadulla o 27 de xuño de 1876.

6.- *Mª de los Dolores Ramona Silva Gómez*, foi bautizada o 18 de setembro de 1877, tendo por padriños a Gumersindo Otero e Dolores García, veciños de Riobó.

7.- *Carlos Felipe Silva Gómez*, naceu no lugar de Ribadulla o 2 de novembro de 1881. Morreu o 15 de Agosto de 1891.

Mª Concepcion Silva Gómez, naceu en Arnois o 30 de outubro de 1872 e foi bautizada o 3 de novembro cos nomes de *Abelina **Concepción** Mariana Andrea Manuela.* Casou con D. **César Brey Guerra**, médico, fillo de *Manuel Brey Barcala*, natural e veciño de Oca, e de *Juana Guerra Fernández*, natural de Santiago. Vivían en Arnois e pasaron un tempo en Bilbao e logo en A Estrada na rúa Serafín Pazo. Finou Mª Concepción en A Estrada na rúa Calvo Sotelo o 21 de febreiro de 1955. Procrearon entre outros fillos a:

1. *Mª de la Concepción Juana Genoveva Consuelo Brey Silva*, naceu en A Estrada o 15 de decembro de 1905 e é lonxeva.

2.- *Mª del Rosario Brey Silva.*

3.- **Mª del Amparo Vicenta Berta Brey Silva** *(que segue)*

4.- Mª de los Angeles nacida en Arnois o 15 de agosto de 1911 e bautizada o 19.

Mª del Amparo Vicenta Berta Brey Silva, nacida o 23 de xaneiro de 1909. Casou con don **Gonzalo Sanmartín Rey**, de quen descenden:

1.- *María de los Ángeles Sanmartín Brey.*

2.- Gonzalo Sanmartín Brey.

3.- María Isabel Sanmartín Brey.

*4.- **María de la Concepción Sanmartín Brey,*** actual copropietaria, casada con **Ignacio Diéguez.**

Elementos heráldicos en el Hostal de los Reyes Católicos -Santiago de Compostela-

CARLOS DE ARACIL*

Sumario

Se estudian los diferentes elementos heráldicos que se encuentran en el antiguo hospital fundado por los Reyes Católicos, en Santiago de Compostela, tanto en lo que se refiere a los institucionales como a los gentilicios.

Abstract

We study various heraldic elements found in the old hospital founded by the Catholic Kings, in Santiago de Compostela, in regard to the institutional and the gentile.

El viajero que por cualquier motivo se allega a Compostela puede, además de solventar sus negocios, sosegar su espíritu en lento vagabundeo por sus calles, pero antes o después su ruar compostelano le conducirá al Obradoiro, y estando en medio de esta plaza, con independencia del momento y del clima, tendrá la convicción de encontrarse en un lugar único. El espléndido y equilibrado conjunto arquitectónico que la compone, pasado el primer impacto que causa en el espectador, deja paso, poco a poco, a una sensación de paz y seguridad verdaderas.

Ocupa el norte de esta plaza un imponente edificio construido por el firme deseo y munificencia de los Reyes Católicos con el objeto de dar cobijo y sanidad a los peregrinos que acudían a la ciudad, viniendo a sustituir a un mediocre edificio que allí existía destinado a tal fin.

Ordenada en 1499, se inicia su construcción en los primeros años del siglo XVI, según consta en una inscripción de su fachada principal, en el peculiar estilo español que marca la transición del gótico tardío al renacimiento.

En su origen la disposición del edificio seguía las pautas renacentistas italianas de planta de cruz inscrita en un rectángulo, estructurado alrededor de una impresionante «capilla real» de dimensiones y ornamentación verdaderamente regias. La primitiva fábrica pronto empezó a sufrir transformaciones y reparaciones, siendo una de las más importantes la ampliación de la construcción, en el siglo XVIII, con dos patios similares a los ya existentes con lo cual alcanzó su actual estructura, de planta cuadrada centrada por la «capilla real» y aclarada por cuatro patios.

De la misma forma que su «estructura arquitectónica» fue evolucionando desde su origen a nuestros días, su «estructura funcional» también evolucionó paulatinamente, derivando a «hospital» en el «sentido sanitario moderno», hasta que a mediados del siglo XX recuperó su más primitiva función de «acogida de viajeros» al transformarse en una de las más lujosas y elegantes instalaciones hoteleras de nuestro país.

En un edificio en cuyo origen están la voluntad y el patrocinio regios, y con tan larga andadura, no podían faltar ejemplares heráldicos indicativos de su origen y evolución, y efectivamente existe un rico patrimonio heráldico en el mismo.

*** Carlos de Aracil es licenciado en Medicina y diplomado en Genealogía, Heráldica y Nobiliaria por el Instituto Salazar y Castro, de Madrid.**



Fig. 1.

Para la descripción de los mismos hemos decidido clasificarlos en los siguientes grupos: 1) Indicadores de Patrocinio Regio; 2) Propios de la Institución; 3) Otros: 3.1 Eclesiásticos, 3.2. Gentilicios, 3.3. Representaciones varias.

Las representaciones que vamos a describir están realizadas en diversos materiales, (piedra, forja de hierro y madera) policromados sólo en algunos casos y ubicados en su práctica totalidad en la parte antigua (siglos XVI y XVII) de la fábrica.

1. PATROCINIO REGIO

1.1. Situados **en ambos patios antiguos, San Marcos, o de la botica, y San Juan, o de la cocina,** se encuentran representaciones pétreas de las armas de los Reyes Católicos, casi todas ellas muy deterioradas, y en algunos casos prácticamente inexistentes, adivinando su antigua presencia por simples huellas en la piedra.

Están situados en el exterior de la zona porticada de ambos patios, cada uno en el centro de la pared, en un triángulo entre dos de sus arcos, debajo de las ventanas del aparente primer piso, pero que en realidad es la tercera planta (fig. 1)

Escudo rectangular redondeado en su extremo inferior, o punta, discretamente apuntado en su centro. Cuartelado: Primero y cuarto cuartelados a su vez en cruz, de Castilla (primero y cuarto) y León (segundo y tercero); Segundo y Tercero, partido de Aragón y Sicilia. Entado en punta Granada. Al timbre corona real abierta, del tipo denominado «de los Reyes Católicos». Acolada, sujetando firmemente con las garras el escudo un poco por encima de su cintura, el águila de San Juan, afrontada. (fig. 1.1)

Este escudo va acompañado a su derecha por un yugo puesto en barra y adornado por una larga cinta que lo ciñe y adorna en múltiples lazos y volutas; a su izquierda un haz de nueve flechas, decaídas, agrupadas en tres haces de tres, puestas en aspa y palo, y atadas con un cordón que las sujeta y ata con un nudo y múltiples volutas. Ocupan estos elementos los espacios triangulares adyacentes del escudo. (fig. 1.2// fig. 1.3)

Según entramos en el **patio de san Marcos, o «de la botica»,** y recorriendo su perímetro en el sentido de las agujas del reloj, vemos lo siguiente:

a. Campo poco visible, con el águila muy deteriorada. Yugo y flechas en buen estado de conservación. Posiblemente de caliza.
«*Esta obra se acabó á 9 de Octubre de 1601 años, siendo Rector Antonio Martínez Prol y Mayordomo Juan Díaz Camarero*». En la cornisa del frontón de la fachada principal también está grabada en granito la misma inscripción, pero difícil de leer. Verín escribe: «Al año siguiente de mil quinientos setenta y dos se dio principio a la fábrica de la Iglesia o Santuario a costa de las limosnas de los fieles, que concurrían por su devoción y venían a visitar la ymagen de Ntra. Sra. de Rivacabada, llamada también de los Remedios y del Camino. Duró la fábrica cuarenta años completados en primero de octubre de mil seiscientos y uno... y el hacerse a cuenta de limosnas, se conservó un letrero en una piedra del Altar mayor que oy no existe, y decía así «Soy Rodrigo García Fundador de esta Iglesia echa a costa de la limosna de los Fieles devotos».

Y continúa Verín «La tal Yglesia es capaz y grande... tiene la figura de una cruz y arrimados a ella se hallan otros dos cuartos; uno por la parte del medio día y otro por la del Norte, y arrimado a este se halla un pasadizo sobre un arco de cantería por donde pasan las gentes al Ferrol... en medio del crucero hay el cimborio más alto. Al lado del medio día está un quarto simple de la casa. Al del Norte está otro quarto, bajo del qual se halla una cocina con su chimenea; contiguo a él se halla el pasadizo de Arco arriba dicho, y contiguo a él está la casa de Novena u Hospital... y tiene su puerta independiente de la Iglesia con sus escaleras, caballeriza, alcobas, cocina, etc.»

Todo lo descrito corresponde a la estructura del templo actual con modificaciones que no cambian lo esencial del edificio. D. Francisco Vales Villamarín reproduce un magnifico plano de la planta del santuario dibujado por el arquitecto Manuel Andrés Reboredo. El edificio es de estilo renacentista, amplio, casi todo él de piedra granítica, paredes y bóvedas, excepto la bóveda anterior al crucero de madera. Tiene un coro o tribuna amplia, con balaustre, todo él de madera y que comunica por una puerta con la casa de Novenas.

En las capillas laterales «se hallan dos Altares... el un Altar es de San Josef que tiene su cofradía eregida por los años de mil seiscientos setenta; el otro altar es de S. Joaquín y Sta. Ana; en la otra capilla se halla un altar de S. Antonio de Padua que tiene la carga de Misa rezada...» Jerónimo del Hoyo, cardenal, cuando era obispo de Compostela D. Maximiliano de Austria y dejo escrito; «que esta hermita es muy grande y toda de buena cantería y la capilla mayor de bóveda».

LA IMAGEN

No se puede hablar en singular, sino en plural, pues andan en juego nada menos que tres posibles imagines de la Virgen de los Remedios, dos de piedra y una de vestir.

D. Paco Vales es el que habla de tres, Verín habla de dos y el autor de la Novena también nombra solamente a dos. Según D. Paco Vales la imagen de piedra que estaba sentada y con el Niño en el seno, sería la primitiva y no se sabe adonde iría a parar, pues la que se conserva de piedra en el templo antes estaba colocada en el arco que había entre el cementerio y el santuario; cuando se derrumbó este arco algún vecino la recogió, se la llevó a su casa y más tarde fue trasladada al templo. La considera de «acusada factura barroca, tallada en piedra policromada, sin grandes pretensiones artísticas». Verín escribe que «en el año de 1800 se hizo de nuevo y de la altura regular de una mujer y con el Niño en el brazo izquierdo». El autor de la Novena afirma que «la primitiva imagen ha sido sustituida por otra de madera, pues aquella era de piedra y aumentando las solemnidades y los cultos, hízose necesaria una de madera para salir en procesión y otros usos»; y es la que actualmente se venera de escultura inmejorable y vestida con ricos y elegantes trajes. De hecho esta última es la que

predomina en la devoción de los fieles, la que preside el templo en su camarín del altar mayor, la que se reproduce en las postales, estampas, medallas y demás objetos que la cofradía tiene a disposición de los devotos.

LAS FIESTAS

Todo el año es muy visitado dicho santuario por los devotos de los Remedios, pero la gran afluencia de los mismos se concentra en tres fechas señaladas del año. La primera es el día ocho de septiembre, la segunda el veintiocho del mismo mes y la tercera el día primero de noviembre. Estas fechas no se cambian: aunque coincidan con los días de la semana laborables, los devotos acuden lo mismo.

El ocho de septiembre va precedido de una muy concurrida novena que termina la víspera. Se engalana el santuario, se viste la Virgen con el manto de fiesta que es de seda y bordado a mano con hilo de oro y el santuario permanecía abierto toda la noche para facilitar la entrada a los devotos que subían la calle de rodillas, pero estaba vigilado por dos hombres, pues ese día la imagen de la Virgen lucía buenas joyas que en parte fueron robadas cuando la invasión de los franceses el año de 1809.

Esta fiesta es la principal, la más solemne y concurrida; asisten devotos de toda la comarca desde Ferrol, Oza de los Ríos, Paderne... y no digamos de Betanzos. Las Misas de las ocho, nueve, diez y once son un abarrote. El santuario tiene tres puertas en la fachada principal y con todo resulta difícil, por la cantidad de fieles devotos, entrar y salir, muchos de ellos tienen que oír las Misas por medio de un altavoz en el atrio.

La calle ese día es un continuo subir y bajar, en ella hay puestos de venta que ofrecen toda clase de velas, velones, figuras de cera, estampas, llaveros y otros recuerdos con la imagen de la Virgen de los Remedios. También hay puestos en que se venden las populares rosquillas, blancas y morenas, enhebradas en varas de mimbre.

No hace muchos años los devotos/as subían la calle de rodillas, casi siempre acompañados por un familiar o amigo que les daba la mano, se apoyaban en un palo o simplemente solos/as; lo más usual era llevar las rodillas protegidas con unas rodilleras de fabricación casera; en algún caso raro, para expresar mayor sacrificio la subían a piel descubierta y, claro está, se les hacían heridas sangrantes. La cuesta muy pendiente era de losas de granito, hoy es de adoquines. Normalmente era en cumplimiento de una promesa o para implorar algún favor de la Virgen; a veces decían «estoy ofrecido/a y la Virgen me oyó». Llegados al santuario oían Misa, se confesaban y comulgaban; terminada la misa se recogían las ofrendas: una limosna, velas, figuras de cera en forma de piernas, cabezas, brazos, pechos, cuerpo entero; entregada la ofrenda un par de monaguillos «poñían a santa» que era una estampa de la Virgen de los Remedios enmarcada y protegida con un cristal; con ella hacían la señal de la cruz sobre la cabeza inclinada del devoto arrodillado recitando la siguiente jaculatoria «que la Virgen te proteja, amén», y le mostraban la estampa para que la besaran, lo que hacían algunos con visible entusiasmo devocional agarrándola con sus manos.

Concluye esta fiesta-romería, la principal, con la más numerosa de las procesiones de la comarca y que se celebra al caer de la tarde; se ofrecen hombres maduros y mozos para llevar a hombros la imagen de la Virgen, que pesa mucho, y se van turnando durante el recorrido. Este recorrido llegaba hasta hace unos años al convento de las MadresAgustinas Recoletas, que está fuera del término de la parroquia, atravesando el puente sobre el río Mandeo; allí se cantaba la Salve popular y vuelta al santuario. Hoy día, por molestar lo



Interior del Santuario con la nueva lámpara.




NTRA. SRA. DE LOS REMEDIOS
Betanzos

menos posible al tráfico, se acortó y solamente llega hasta la *Eira Vella*, barrio límite de la parroquia. Antes asistían las danzas de labradores y marineros, representantes de sus respectivos gremios; en los últimos años asisten la banda municipal, un grupo de *gaiteiros*, protección civil, que la escogió como patrona, niñas y niños de todo Betanzos con los trajes de la primera comunión... La mayoría de los asistentes llevan velas encendidas. En algunos balcones de las casas cuelgan banderas de España, Galicia o con el anagrama de la Virgen.

Desde hace aproximadamente unos cincuenta años o más, la procesión a la bajada y subida, hace una pequeña parada ante el crucero que está a la entrada de la cuesta del santuario, para ser homenajeada por un disparo de cohetes de fuerte estampido, obsequio de una vecina y devota familia. Llegada la procesión al atrio del santuario, con la imagen de la Virgen cara al pueblo, se canta la Salve popular, momento lleno de emoción. A continuación, la última Misa del día ocho de septiembre. Este es el único día del año en que sale la Virgen en procesión.

En tiempos pasados se hacían otras procesiones-rogativas para implorar por medio de la Virgen el buen tiempo o que lloviese según las necesidades de la agricultura. El Ayuntamiento de Betanzos también celebra un día de rogativas en este santuario y asistía toda la Corporación a oír Misa ante el altar de esta Virgen todos los años.

El día veintiocho de septiembre se celebra la segunda fiesta conocida con el nombre de «Los Alborotados». Esta fiesta va precedida también de Novena, que se hace oficialmente. Su origen se debe a que el día veintisiete es San Cosme y el veintinueve San Miguel (algunos la llaman también de San Miguel) en el ayuntamiento de Irixoa, parroquia de Mántaras, en el monte llamado de San Antón, donde hay un santuario-ermita dedicado a los santos Cosme y Damián a unos diez kilómetros de Betanzos. Los devotos que asistían



ALGUNOS DATOS HISTORICOS POCO CONOCIDOS

Lo que realmente se sabe, digno de fe, se debe a la preocupación del sabio sacerdote de dicho santuario que vivió entre finales del siglo XVIII y principios del XIX; se llamaba Manuel Antonio de Verín y González de Hevia.

Tuvo la suerte de consultar el libro becerro hoy desaparecido.

Hubo una capilla pequeña y no se sabe cuándo fue erigida; lo que sabemos es que el primero de octubre de 1550 a causa de una riada del Mandeo se cayó el Puenteviejo. Los vecinos de dicho arrabal en número de 35 al no poder pasar a oir Misa a Santa María, erigieron una Cofradía con sus Constituciones y demás requisitos legales en el año de 1561.

Se tocaba la campanilla por las calles de dicho arrabal "lo mas temprano posible" para que asistieran a Misa en la ermita de Nuestra Señora de Rivacabada, que así la llamaron entonces.

Juntos en Cabildo elegian al Mayordomo que "ha de ser de dicho arrabal y no de otra parte".

Esta cofradía y con las lismosnas de los devotos de la comarca, en el año de 1562 comenzó la construcción del templo actual que duró casi 40 años. Había una piedra en el altar mayor, y que hace más de un siglo desapareció, y decía así: "Soy de Rodrigo García Fundador de ésta Yglesia echa a costa de los Fieles devotos".

Lo que hoy es escuela, era la Casa de Novenas y también Hospital donde se hospedaban los devotos que venían enfermos; hacían el novenario o Novena a la Virgen con procesión cada día de la novena y luego se iban; a veces hacían varias novenas. Por eso dicen los libros de Iglesia "Hizo las novenas y fue sano..." Aun se conserva hoy día una gran chimenea de la cocina de dicha casa.

Contiguo a esta casa había un arco pasadizo que comunicaba con el cementerio en el que solamente se enterraban los enfermos que venían a "novenarse" y fallecían, "los de la Puenteviexa, Ría de Caraña y lugar de la Xerpe".

El último dato de interés fue la rapiña del santuario que hicieron los franceses el día 13 de febrero de 1809 llevándose más de 500 onzas de plata labrada y "otras alajas y ropas".

Hoy queremos restituirle y rendirle dignidad y decoro, por esto para mejorar la iluminación se pensó en esta lámpara monumental de hierro forjado diseñada por Antonio Valle Martín, de Madrid y hecha en la parroquia de Ambroa por Daniel Rodríguez.

Esperamos costear la lámpara con la libre y generosa aportación de los fieles devotos como obsequio en este Año Mariano.

Creemos que así contribuimos a dignificar uno de los santuarios marianos de las Mariñas brigantinas más concurrido por los devotos de la Virgen María en su advocación de los Remedios, como hoy día se le concoce.

Betanzos, año mariano de 1987-88.

a esa romería conocían muy bien la devoción a Nuestra Señora de los Remedios, aprovechaban la coincidencia para acudir a su santuario, que al regreso les caía de camino, en bajada atravesando por el *monte da croa* o Camino Real y que desemboca al pie del templo. Llegaban por la noche, no había alojamiento, era tiempo de la vendimia y los vecinos de la calle de Los Remedios preparaban vino, anunciado con los tradicionales laureles a las puertas de las casas, como se acostumbra a hacer por estas tierras. Los romeros, perfumados y animados por el vino, para espabilar el sueño, pasaban la noche *alborotando*, y se armaba una algazara muy ruidosa, completada a veces por el estrépito que causaban los toneles y barriles que los vecinos tenían puestos a secar al sol en las puertas de sus viviendas para más tarde guardar en ellos el vino; dichos toneles y barriles los echaban a rodar por la pendiente calle abajo. De aquí el nombre «Alborotados».

La tercera fiesta-romería se celebra el día primero de noviembre, fiesta de Todos los Santos. Es la romería más sorprendente, no se sabe a que se debe. No creo que la causa sea la proximidad del cementerio, hoy municipal, de Betanzos, casi pegado al santuario. El motivo de la duda es que los romeros no van a visitarlo, allí no tienen sepulturas de sus deudos, y también porque la procedencia de los devotos de ese día es de bastante lejos y de fuera del entorno relacional con el santuario. Acuden invariablemente todos los años descendiendo por la carretera Santiago-Betanzos desde Ordes, Sigüeiro, Oroso, Cerceda, Queixas, Montaos, etc. Otra novedad y sorpresa es la cantidad de Misas que encargan para decir a intención de la Virgen de los Remedios. Es verdad que ese día se celebra una de las ferias más importantes de Betanzos. ¿Tendrá algo que ver? ¿Alguien sabe o conjetura la razón o motivo de esta romería?

Verín escribe: «El modo como antiguamente visitaban esta Imagen los Fieles era este: Llegaba el Devoto a la Ermita o Capilla; hacían su novenario, y en cada un día del decía el Capellán o Sacerdote, hacían su procesión todos los nueve días; acabado este novenario se marchaba el devoto o proseguía hasta alcanzar su suplica, y verificada la petición se iba, o proseguíamos tiempo según su devoción. Este es el motivo porque en los libros de la Iglesia se decía: Hizo las Novenas, y fue sano etc. quando se publicaba cualquier milagro, y muchos dellos están testimoniados auténticamente en el libro becerro de dicho Santuario». El «libro becerro» era un libro en que las iglesias y monasterios antiguos copiaban sus privilegios y sucesos importantes. El de esta parroquia desapareció hace muchísimos años.

LOS MILAGROS

Los narra el autor de la Novena en la misma novena y también existen restos de pintura que habían sido pintados en los muros del templo. Dice la Novena: «Sería interminable nuestro relato si fuésemos a enumerar aquí los muchísimos favores que han obtenido los que en sus tribulaciones y necesidades acudieron al amparo de Nuestra Señora del Camino. La mayor parte de ellos permanecen ocultos y sólo los saben las personas que han sido favorecidas... De Muchos había memorias y noticias, pero la incuria de los tiempos y el poco celo en las reparaciones que se han hecho en la iglesia, como asimismo el extravío que sufrió el archivo, fueron causa de que hoy nos sean desconocidos. Con todo, narra alguno. El 15 de enero de 1568 vino en romería a visitar a Nuestra Señora de los Remedios a su capilla del Camino, una mujer tullida y ciega, natural de la puente de Sarandón, tuvo las novenas, oyó con recogimiento misa, y repentinamente recobró la vista.

En el mes de junio de 1876, una señora de Asturias, pasó por Betanzos con objeto de ir a Santiago a curarse de una grave enfermedad que traía; se detuvo en Betanzos y ofreció a la Virgen de los Remedios y sanó, sin tener necesidad de ir a Santiago.

Hallándose Nicolás Fabal en el naufragio del vapor «Magallanes», en la isla de Macupil, el 1 de septiembre de 1860, dominios de Manila, invocó a la Virgen de los Remedios y se libró. También hay un barco (hoy desaparecido) ofrecido por un navegante que por intercesión de Nuestra Señora del Camino, salvó de un naufragio.

Verín escribe a propósito de los milagros*:* «La capilla mayor de este Santuario estaba pintada antiguamente con milagros, los que se retocaron el Año de 1727... En el año de 1800 se volvió a retocar la capilla mayor; pero se pintó toda alrededor con cortinaje, y en medio de cada cortina un milagro y sobre la cornisa de cada lado del Altar se puso un quadro o tangeta grande con su milagro, y por abaxo su friso»

Hace aproximadamente unos cuarenta años al observar que la humedad existente en la iglesia ponía al descubierto un arco; el párroco sospechó que allí algo podría ocultarse y se procedió con gran cuidado al picado; con gran asombro pudo ver que había dos arcos de los cuales, una vez retiradas las piedras de sillería montadas con barro, aparecieron dos murales que representaban milagros de la Virgen, uno de ellos más difuso que el otro debido a la humedad del barro adherido a los mismos. En ambos se aprecia con bastante dificultad a Nuestra Señora de los Remedios y a los pies de su altar una devota, que se supone tullida, en actitud implorante de curación a la que acompañan uno o dos caballeros o familiares.

En el otro arco solamente se aprecia con nitidez una pechina, y a la derecha, en la parte superior, con cierta dificultad, se distingue una imagen de la Virgen y en el centro, a la izquierda un caballero en actitud orante.



Tabla de indulgencias concedidas por el Papa Gregorio XIII en 1581.
Museo das Mariñas (Betanzos).

LA COFRADÍA

Desde el siglo XVI hubo y hay una Cofradía de Nuestra Señora de los Remedios, canónicamente eregida. «La circunstancia de haberse incautado el Gobierno del archivo del Santuario, hizo que se extraviasen los documentos que en él había, y hoy sólo se hace mérito de los que constan en una tabla de indulgencias que dice así:

> «Su Santidad el Papa Gregorio XIII concedió indulgencia plenaria y remisión de todas sus culpas a todos los hombres y mujeres que confesados y comulgados el día 8 de septiembre de cada año visitasen el Santuario de Nuestra Señora del Camino y rogasen a Dios por la paz y concordia, etc. Además de esto, a los más que entrasen cofrades de Nuestra Señora en día de su admisión hechas las mismas diligencias, indulgencia plenaria y para la hora de su muerte invocando el nombre de Jesús y no pudiendo con la boca con el corazón, indulgencia plenaria con más de cien días las veces que cantaren, dijeren misa, la oyeren o mandaren decir en dicho Santuario; asistieren al Sacramento que se lleva a los enfermos, a los entierros de dichos cofrades, procesiones y demás actos píos de dicha cofradía. Concede para siempre en Roma año de 1581».

Esta tabla aún se conserva en nuestro Museo das Mariñas, de Betanzos.

Hallóse esta bula en el archivo de Nuestra Señora, siendo rector D. Ignacio de Isla, y mayordomo Mauro da Regueira y Andrade, año de 1735". (Novena)

En el Archivo Municipal de Betanzos existe un legajo de 208 folios timbrados que hablan del mayordomo y Cofrades del santuario de Nuestra Señora del Camino con fechas que van desde los años de mil setecientos y veinte y dos años a mil setecientos veinte y ocho en que se trata de los «vienes hipotecados» de varias personas relacionadas con dicha Cofradía. Legajo que habría que estudiar con mayor y exclusiva dedicación.

La Cofradía hoy día funciona con toda normalidad y muy bien; los socios están distribuidos en «coros» que abonan una cantidad simbólica anualmente y tiene una directiva que atiende al cuidado de la imagen, del ornato del templo, de la impresión de estampas, novenas, medallas y otros objetos relacionados con el culto a esta Virgen de los Remedios.

Desde hace unos años se fue mejorando el templo. Primero se cambió el piso de la nave central: el que era de arena con algo de cemento, pues cada vez que se barría se deshacía y se juntaba un montón de arena y algo parecido a tierra. Fue sustituido por piezas de granito pulido y de buena calidad.

Como había poca luz se hizo una lámpara central de gran dimensión con diez focos de baja consumición; el material de la lámpara es de hierro forjado, También se repararon los tejados y se pusieron nuevos canalones y de cobre.

El nuevo Rector del Santuario, Rvdo. D. Manuel Rodríguez Rodríguez, lo ha mejorado aún más y mejor: hizo nuevos los siete tejados de que se compone el templo y que están distribuidos de forma irregular; además instaló el sistema eléctrico total con las nuevas técnicas y de muy bajo consumo. Podríamos decir que la iluminación actual es perfecta.

Estas dos últimas obras las hizo durante el año 2011.

Bibliografía

VERÍN Y GONZÁLEZ de HEVIA, Manuel Antonio (1812): *Historia de la ciudad de Betanzos...* Manuscrito del AMB.

VALES VILLAMARÍN, Francisco (1968/2006): «El Santuario de los Remedios de Betanzos». En, *Vales Villamarín: Obra completa*. Briga Edicións, Betanzos.

NOVENA a Nuestra Señora de los Remedios Que se venera en el Santuario del Camino en la ciudad de Betanzos. Comprende además una ligera reseña de la fundación del Santuario y las gracias que son concedidas a los fieles que lo visitan. ESCRITA POR UN DEVOTO. (Con las licencias necesarias). 1ª edición, año 1881, Betanzos.



Según D. Paco Vales esta imagen que se conserva de piedra en el templo antes estaba colocada en el arco que había entre el cementerio y el santuario; cuando se derrumbó este arco algún vecino la recogió, se la llevó a su casa y más tarde fue trasladada al templo. La considera de «acusada factura barroca, tallada en piedra policromada, sin grandes pretensiones artísticas».
Foto: Veiga.

Aportacións sobre o Entroido lucense

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO*

Sumario

Neste breve traballo sobre o Entroido lucense quero facer alusión ás festividades máis peculiares desta provincia e, que aínda amosan elementos culturais e identitarios propios das respectivas comunidades nas que se desenvolven. Así fago referencia ao Entroido da Ribeira de Chantada; ao de Salcedo (A Pobra de Brollón); ao dos Compadres e Comadres das Terras de Lemos; ao de «Val de Francos» e Bazar (Castro de Rei); e, como remate, aos diferentes enterros da Sardiña tanto do interior da provincia (Lugo e Monforte) como da mariña (Burela, Ribadeo, Viveiro).

Abstract

In this brief work on Lugo Carnival I allude to the most peculiar festivities of this province that still show cultural and identity elements typical in the respective communities in which they operate. So I refer to Ribera de Chantada, Salcedo (A Pobra of Brollón), Compadres y Comadres at Tierras de Lemos, «Val de Francos» and Bazar (Castro de Rei) festivals. Finally, I make reference to the different « Burials of the Sardine», both on the province inland (Lugo and Monforte) and on the coast (Viveiro, Ribadeo, Burela).

1. CARACTERÍSTICAS XERAIS SOBRE O ENTROIDO

O entroido é unha expresión latina, que siñifica no ámbito cristián « adeus á carne», xa que se refire ós derradeiros días nos que se podía comer carne antes de que chegase a Coaresma. Así o manifesta a seguinte cantiga: // **« Adiós, martes de Antroido / adiós, meu amiguiño / hasta el Domingo de Pascua / non comerei máis touciño»//.**

Entre os trazos máis salientables distinguimos os seguintes:

1. O Entroido como rito, onde a más cara e o disfrace acadan forte protagonismo.

2. O Entroido como tempo de exceso, no comer e no beber, e como tempo de folganza, no que non se traballa, e sobre todo os homes na sociedade tradicional.

3. O Entroido como escenario da burla e da crítica social e política. Un bo exemplo desto son os sermóns do Entroido case sempre escritos por persoas da localidade de gran agudeza e inventiva.

4. O Entroido como momento festivo celebrado nunha época de transición estacional cara a primavera.

5. O Entroido como símbolo de vida e fertilidade fronte á morte, e como momento de rexurdimento e de renacemento da primavera.

6. O Entroido como inversión da normalidade da vida cotiá, como escenario daquilo que non se pode facer o resto do ano, en antítese coa ríxida Coresma.

---

* **José Manuel Blanco Prado** e doutor en Historia pola Univ. de Santiago de Compostela. Publicou os libros: *Romaxes da Terra Chá*; *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, e tamén, *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*. É coautor das obras: *Cruces e Cruceiros do concello de Begonte*; *Begonte: Pasado e Presente*, e *Tempos de Festa en Galicia*. É autor de numerosos traballos de antropoloxía cultural, etnografía e historia en revistas especializadas.

7. O Entroido como dominio da dimensión pública fronte á privada. As casas abren as súas portas a todos os veciños, e todos colaboran na festa de forma directa ou indirecta.

8. O Entroido como reino da risa, provocada pola burla, a sátira, a retranca, a crítica…de certos elementos do poder aos que se ridiculiza, e provocada pola inversión de papeis e «o mundo ao revés» que se establece.

9. O Entroido como tempo de diversión, de relajación e do xogo entre os sexos.

10. O Entroido como festa no que todo xira arredor do ben ou do mal, de Deus ou do Demo, da vida e da morte…Ese mal é representado a través dun boneco, mal vestido, farrapento, ao que se lle pon lume.



Foto 1.- As Madamas (Salcedo) (A Pobra de Brollón).

2. CICLO DO ENTROIDO NA PROVINCIA DE LUGO

Seguindo o esquema do etnógrafo galego ***Vicente Risco*** o ciclo máis xeralizado do entroido é o que expoño de seguido e que proxectado á provincia de Lugo quedaría do seguinte xeito:

1. O «Domingo Fareleiro». Por ex. «Ribeira de Chantada» (Hai uns anos Vilaúxe). Hoxe Santiago de Arriba.

2. O «Xoves de Compadres». Concellos da Terra de Lemos (Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, Pobra de Brollón, o Saviñao, Sober...). O máis importante Monforte de Lemos. ***Babela*** lugar da parroquia monfortina de Distriz, acadou e segue acadando moitos premios convocados polo concello de Monforte de Lemos, debido a que tanto no «Xoves de Compadres» como no de «Comadres», os seus lugareños representan os diferentes modos de vivir, que había en dito lugar, para que os coñezan os seus descendentes. Nos últimos anos cómpre sinalar á parroquia monfortina de Santa Mariña. Ámbas as dúas comunidades levan a cabo unha auténtica Etnografía.. Por outra banda, ademais destas comunidades temos que distinguir unha serie de centros escolares, garderías,asociacións colectivas, bares, barrios, comercios, rúas. Con respecto ós centros escolares e garderías distinguimos o Colexio Ferroviario, o Colexio Escolapios, o Colexio Novo, o Colexio Divina Pastora, o Centro de Estudios «A Gándara», o Instituto «A Pinguela», o Instituto «Río Cabe», o Colexio Torre de Lemos, a Gardería Infanta Elena e a Gardería «Caixa Galicia». En canto ás asociacións colectivas, bares, barrios, comercios…cómpre facer mención aos barrio de Piñeira, dos Chaos, de Carude, de Ribasaltas, de Santa Mariña, da Estación, do Casar; ás asociacións de Auxilia, de Prodeme, do Fabeiro, de Rioseco, das Vivendas sociais do «Val de Lemos», de Agora, do Centro social de Caixa Galicia, ao Geriátrico Asimédica. Ás rúas de A Florida, do Cardenal, do Malecón, de Huertas, da Coruña, do Comercio, do

escultor Francisco Moure, de Ricardo Quiroga. Finalmente, a nivel comercial ó Supermercado Familia, ao Bar «A Palloza», a Panadería Luna etc. No concello de Sober, ademais da capital municipal, hai que distinguir as comunidades de Anllo, Arxemil, Matamá. Polo que respecta aos concellos de Pantón e a Pobra de Brollón a dinámica festiva é escasa agás as dúas capitais municipais e a localidade de Salcedo (A Pobra de Brollón). Finalmente en Bóveda e no Saviñao segue habendo algúns talleres de entroido dirixidos ós máis pequenos.



Foto 2.. Un Oficio en Santiago de Arriba (Chantada).

3. O «Domingo Corredoiro». Ribeira de Chantada. Hai oficios en **Santiago de Arriba**. Interveñen volantes, peliqueiros, e maragatos.

4. O «Xoves de Comadres». Concellos da Terra de Lemos. O máis importante **Monforte de Lemos**. (Análise: o mesmo que para o «Xoves de Compadres»).

5. «Domingo, Lúns e Martes do Entroido». En moitas parroquias e pobos da provincia de Lugo celébranse bailes e concursos de disfraces. De tódolos xeitos compre distinguir:

5.1. Domingo do Entroido. Bailes, concursos de disfraces e desfiles en moitas vilas da provincia lucense. É mester distinguir: Os desfiles de madamas e galáns en **Salcedo (A Poboa de Brollón),** que tamén saen o martes do Entroido. A representación de oficios en **Salcedo (A Poboa de Brollón), Santiago de Arriba (Chantada), en Nogueira (Chantada).** As representacións teatrais realizadas polos veciños de Salcedo no interior do Auditorio de pequenas obras de teatro escritas por eles.

En **Bazar** (Castro de Rei), recuperaron de novo o Entroido no ano 2009. Celébranse os seguinte actos: Xogos populares adicados aos nenos. O Sermón do Entroido. A Queima do Entroido. Tamén hai disfraces e baile para todos os asistentes. Un importante impulsor deste Entroido é ***Iván Díaz Díaz***, que xunto con outros veciños de Bazar, coordina os diferentes actos que teñen lugar nestas datas.

5.2. Lúns do Entroido. **«O Oso de Salcedo» (A Pobra de Brollón).** Os diferentes actos do Entroido de Salcedo, que teñen lugar desde o domingo ata o martes, son organizados pola Asociación de veciños.

5.3. Martes do Entroido. Hai poucos anos, era importante o enterro do Entroido e diferentes oficios en **Vilauxe (Chantada).** Na actualidade é mester distinguir os xogos e oficios de **Santiago de Arriba (Chantada),** asi como a «Despedida do Entroido» na mesma parroquia. Participan volantes, choronas, peliqueiros, maragatos. Nesta parroquia chantadina o entroido celébrase os seguintes días: O domingo Fareleiro, o domingo Corredoiro, o domingo de Entroido e o martes de Entroido. É importante o labor da Asociación do Entroido Ribeirao, coordinados por ***Juán Carlos González e a súa dona Marisé.***



Foto 3.- Os Volantes pasando polas terras de labor (Santiago de Arriba) (Chantada).

No Entroido do **«Val do Franco»(Ansemar, Balmonte, Goberno) (Castro de Rei)** actualmente son importantes os seguintes actos: O Sermón do Entroido. O Testamento do Entroido. A Queima do Entroido, e finalmente o baile para os que están disfrazados ou non. Cómpre sinalar o labor importante do crego ***Xosé Manuel Carballo Ferreiro***, verdadeiro impulsor deste Entroido, que colabora desinteresadamente escribindo sermóns, testamentos, e axudando aos veciños deste maravilloso val na planificación dos diferentes actos, que teñen lugar desde o domingo do Entroido ata o martes, día principal das festas.

En **Tirimol** (Lugo) hai disfraces e queima do Entroido. Recuperación deste Entroido hai uns anos polo colectivo etnográfico: «María Castaña».

6. O «Mércores de Cinza. Enterros da sardiña na cidade de **Lugo** e nas vilas de **Burela, Monforte de Lemos, Vilalba, Viveiro**...

7. O Sábado e o Domingo de Piñata. Aínda hai algunhas vilas, como **Lourenzá,** que celebran bailes e desfiles de disfraces. A queima do Entroido» en Ribadeo, que é o que ten maiores proporcións da provincia.

3. BREVE REFERENCIA AOS ENTROIDOS MÁIS PECULIARES DA PROVINCIA DE LUGO

3.1. O Entroido da Ribeira de Chantada

Antano, o entroido celebrouse nas parroquias de *Santiago de Arriba, S. Pedro de Líncora, Camporramairo, A Zarina, Nogueira do Miño, Vilauxe* etc. Mais nos últimos anos, debido á perda de xente nova nestas parroquias, só se segue celebrando algo en *Nogueira do Miño e Santiago de Arriba*, que é o lugar básico da Ribeira, onde xa hai uns doce pequenos tódolos anos, que se visten de volantes. Deste xeito a tradición pode pervivir moitos anos.

O entroido en ***Santiago de Arriba*** celébrase durante catro días: os domingos de Lambedoiro, Corredoiro e Entroido, e o martes do Entroido. Nestas datas saen unha serie de persoas disfrazadas do seguintes xeito:

3.1.1. OS VOLANTES

Trátase de persoeiros que nos seus inicios ían de branco coa ropa interior. Logo, xa no século XX, comezaron a levar unha camisa branca por riba da cal poñían sendos «panos marinos», procedentes de Ultramar, que ían cruzados en cada hombro. Na actualidade por mor da súa carencia foron suplidos por panos dunha gran variedade de cor denominados «portugueses». A súa indumentaria inferior está formada por un pantalón, que nos seus

inicios –como dixemos- foi de cor branco a xeito de pixama, mais no século pasado cambiouse polo vermello e gualda. Dos nocelos aos xeonllos levan unhas vendas cruzadas que, ás veces, facían dos capotes dos militares ou da garda civil. Estas semellan as fitas duns zapatos de baile. O volante leva na cintura dous cintos de coiro de marrán ou xabarín dos que penden vintecatro campaíñas se é o cinto grande, levado únicamente por veteranos, e vinte campaíñas se é o cinto pequeño, portado polos que comezan e por algún pequeño. No intre actual, debido a que saen varios volantes fanse cintos de 24, 23, 22, 20,18, 16, campaíñas, segundo a idade do volante.



Foto 4.- O Xoves de Compadres. A matanza do cocho (Santa Mariña) (Monforte).

Noutras parroquias da Ribeira como Nogueira, adoitan empregar vintecatro campaíñas, que levaban hai anos as xugadas do gando vacún.

Os volantes levan por riba da cabeza unha estructura interna de madeira, realizada con paos de vimbio, que asemella a forma do camarín da Virxe do Perpetuo Socorro. Recibe o nome de ***pucho.*** Antano, cando non existía o papel pinocho, facíanse os puchos con follas de berza seca rizada. As flores do pucho realizábanse coas ramas do millo previamente rizadas e as colonias eran feitas de palla. Hoxe esta estructura interna ou artiluxio e de arume e vimbio cuberta de cintas dun cromatismo variado e dunhas cento dez a cento vinte flores da mesma especie, realizadas con papel pinocho de diferentes cores. No cume do pucho colocanse dúas bonecas de xoguete. Unha na parte anterior e a outra na posterior. Tamén se poñen cinco penachos de diferente cor. Catro en cada lado do pucho e un no centro.



Foto 5.- O Oso de Salcedo tiznando a un veciño da localidade (A Pobra de Brollón).

O portador do pucho ten que ser unha persoa de gran vigor e resistencia física, xa que ademais de soportar os trinta kgs. do pucho e das campaíñas, ten que estar danzando case sempre a un ritmo uniforme tanto pola mañá como pola tarde.

Antano nesta parroquia ao igoal que nas demais da Ribeira chantadina saía un pucho por parroquia de trazos moi singulares, que o diferenciaban dos demais. Na actualidade en Santiago de Arriba sae un «pucho grande», que adoitan usalo tres volantes veteranos. Un



Foto 6.- A queima do Entroido (Bazar) (Castro de Rei).



Foto 7.- Os Fareleiros (Val de Francos) (Castro de Rei).

«pucho mediano», que o utilizan varios rapaces e, finalmente, un «pucho pequeño» para os cativos.

Os volantes levan unha caraúta artesanal ou a cara tinguida de negro por mor a que a caraúta dificultaba a respiración. Ás veces, lévana na cabeza sen poñela. Tamén portan na man un caxato, que soe ir ornamentado con fitas de diferentes cores.

Esta máscara estivo sempre representada polo sexo masculino agás nos últimos anos no que paseniño se van incorporando nenas e mulleres.

3.1.2. OS MARAGATOS OU PELIQUEIROS

Reciben o nome de «maragatos», para diferencialos dos «peliqueiros» de Laza (Ourense).Visten unhas pelicas de ovella, cordeiro ou cabra sobre roupas vellas ou traxes de faena, levando ás veces penduradada do cinto unha choca ou campá. A cabeza e a cara cóbrena tamén cunha pelica ou cunha caraúta grotesca. Portan na man un látego ou un pau xa que a súa función é protexer aos volantes e abrirlles paso tanto na súa marcha como no seu baile. Tamén utilizan como remates para a cabeza uns cráneos de becerro ou uns cornos de cabrito para darlles unha maior vistosidade. Actualmente o normal é que un maragato vaia acompañando a tres volantes. Denantes o número variaba, segundo F. Cocho, a un ou dous por cada volante.

3.1.3. AS COROZAS

Eran máscaras, feitas de palla, moi habituais no contorno de Camba (Pontevedra). Nesta parroquia adoitaba saír con outra máscara á que se lle daba o nome de ***Corozeiro.*** Ámbas as dúas tiñan como función mollar ao público con auga procedente dunha sulfatadora e botarlle fariña coa man ou cun fol.

3.1.4. OS MECOS

Trátase de persoeiros vestidos con roupas vellas, que teñen como misión escenificar sen diálogo diferentes acontecementos da vida cotiá. Polo tanto, a mímica constitue a esencia destas parodias. Noutrora os oficios tiñan como fundamento a escenificación de diferentes labores agrícolas, ligadas co liño, coa sega, coa malla, coa colleita das patacas etc. Logo, foise pasando paseniño a parodiar dun xeito burlesco diferentes labores e comportamentos cotiás non necesariamente relacionados ao agro**.**



Foto 8.- Os Volantes de Santiago de Arriba (Chantada).

3.2. O Entroido de Salcedo (Pobra de Brollón)

3.2.1. AS MADAMAS E OS GALÁNS

O domingo e martes de Entroido saen as madamas e os danzantes, en número que vai entre cinco a sete parellas. As madamas levan unha blusa e faldra branca, e van tocadas con sombreiros ornamentados con flores e cintas de papel, que reciben o nome de colonias; as súas caras van cubertas con carautas. Os danzantes van vestidos cun traxe escuro, camisa branca, gravata negra, sombreiro e unha careta branca. Segundo algúns veciños, ámbolos dous personaxes poderían simbolizar ás persoas ricas da localidade; por tal motivo non era estrano que, antano, para representaren as súas vestimentas, houbese que ir, coa debida antelación, aos tendais dos ricos para collerlles as roupas axeitadas.

Así mesmo, teñen como misión ir buscar cos gaiteiros de **Salcedo** ao ***morrión***, é dicir ás máscaras que, acompañadas por cativos, levan a cabo unha representación mímica nun local axeitado -hoxe o Auditorio- sobre algún comportamento social ou evento, que tivera gran transcendencia na localidade.

3.2.2. O OSO DE SALCEDO

O luns de Entroido, antes da saída do oso, un pequeno grupo da localidade adícase a recitar unhas cantigas de cego, nas que se fai alusión a algúns eventos ocorridos na comunidade. Logo, sobre as cinco e media da tarde óense voces que anuncian a chegada do célebre plantígrado: ¡Aí ven o oso! ¡Aí ven o oso!. Polo cume dunha das rúas de Salcedo xorde un persoeiro enigmático, vestido con peles de ovella e unha carauta, que asemella a un oso. Inicialmente era levado amarrado cunhas cadeas por un número variable de servos para soltalo a continuación entre a veciñanza da localidade e demais asistentes. A aparición do oso, anunciada tamén polo repicar dunha campaíña, provoca continuas carreiras e gritos no público asistente, que alborotan a toda a localidade. O animal non



Foto 9.- O xuizo do Antroido (Val de Francos) (Castro de Rei).



Foto 10.- O enterro da Sardiña. O «Gran Espetón» lendo uns ferretes (Lugo).

respeta a ninguén ata o punto que irrompe nos bares para acceder ás súas presas. Nesta tarefa o oso conta coa importante colaboración dos seus servos, que suxeitan ás víctimas, para que logo poida tisnalas con «sarrio» e, mesmo, tirar ao chan a máis dunha. As continuas persecucións que manteñen o oso mailos seus criados con respecto aos asistentes ao acto, continúan ata o anoitecer, momento no que o ritual festivo remata, debido preferentemente á fatiga, que amosan tanto o animal como os seus servos.

Nesta comunidade o oso é unha importante entidade á que se lle rende veneración para que a protexa. Constitúe un importante símbolo, que anuncia a primavera e, ao mesmo tempo, móstrase benefactor da fertilidade, que ten lugar na mesma. Trátase dun oso que entra na localidade de **Salcedo** como rei da festa, que se vai celebrar, mais tamén marcha da mesma con ese status.

3.3. O Xoves de Compadres e Comadres

Tanto os compadres como as comadres son bonecos, realizados con palla, ben comprimidos e vestidos con roupas de homes e mulleres, respectivamente. Hai anos, nalgúns barrios de **Monforte de Lemos** pendían estes bonecos, o día antes da festa, nun lugar de difícil acceso e logo os vixíaban toda a noite; así, mentres os homes estaban pendentes dos compadres, as mulleres estábano das comadres, xa que era doado de recoñecer o sexo da persoa representada por mor das roupas que lle foran postas. A finalidade era recuperar o boneco, o que daba lugar a unha loita simbólica entrámbolos dous sexos.

Noutrora en Anllo (Sober) as mulleres durante a semán de compadres andaban de casa en casa pedíndolle a roupa aos homes de bon modo. Se non a conseguían de broma, roubábana. Á noite do mércores, as mulleres do lugar reuníanse nun local e realizaban os compadres con palla e, logo, vestíanos coa roupa dos seus conxuxes e coñecidos. O

xoves, pola mañá cedo, penduraban aos compadres nas árbores, e nos balcóns, e os homes querían quitarllos. Isto daba lugar a certos forcexeos coas mulleres, que eran moi celebrados. Pola noite, queimábanse todos xuntos e despois bailábase ó redor deles coa música dun acordeón. O xoves seguinte facíase o ritual ao revés



Foto 11.- O enterro da Sardiña. (Viveiro).

Na actualidade na Terra de Lemos, que abrangue ós concellos de **Bóveda, Monforte, Pantón, O Saviñao, A Pobra do Brollón, Sober,** téntase facer diversas parodias, o xoves de compadres e o de comadres, usando bonecos dámbolos dous sexos, que representan diferentes comportamentos e tarefas da vida cotiá. Os bonecos, que levan posto normalmente unha caraúta de papel, adoitan ser caricaturas de persoas do barrio, da rúa, da entidade pública, ou de persoeiros públicos tanto locais como non.



Foto 12.- A despedida do Entroido (Santiago de Arriba) (Chantada).

3.4. O Entroido no «Val de Francos» (Castro de Rei)

Dende o ano 1992 as parroquias de Ansemar, Balmonte e Goberno celebran neste fermoso val o entroido como reflicten as seguintes estrofas:

«Xa que tres pobos se uniron,
con unha grande ilusión,
nunha tarde de harmonía
fan esta celebración».

«Balmonte, Goberno e Ansemar,
xuntas o Antroido van festexar
¡ é tan fermosa esta unión
que mesmo agranda o corazón».

O novo Antroido foi desde un principio un gran evento, que contou coa asistencia de centos de persoas procedentes non só das parroquias organizadoras, senón tamén doutros lugares da Chaira e mesmo de Lugo capital. O festexo celébrase o sábado e o martes, día do



Foto 13. O enterro da Sardiña (Monforte de Lemos).

Santo Antroido, e caracterízase polas actuacións de orquestas, xogos de maxia, interpretacións humorísticas e concursos de disfraces tanto a nivel individual como colectivo.

Con respecto ao día principal, o martes de Antroido, segue celebrándose o Sermón, acto que desde sempre resultou vistoso a persoas de tódalas idades. Este ségueno elaborando veciños da comarca, que xa o fixeran na anterior etapa, como Salvador Aguiar, Edelmiro García de Goberno, Laxe de Loentia etc. O sermón está formado por un conxunto de estrofas, pronunciadas normalmente por un home e por unha unha muller, nas que se satirizan preferentemente diferentes eventos que tiveron lugar no concello, e nesas parroquias en particular.

Ao remataren o sermón, introduciuse un novo acto consistente en realizarlle ao Antroido un xuizo que desde os seus inicios é planificado polo crego Xosé Manuel Carballo. Nesta acción interveñen catro personaxes: un alguacil, un avogado defensor, un fiscal e un xuiz. Agás o avogado defensor, os demais desexan que o Antroido sexa condenado ao lume, logo de que o fiscal faga alusión aos numerosos males acaecidos en tódolos ámbitos sociais por culpa deste persoeiro ficticio mais ao mesmo tempo real. O xuizo consta ao igoal que o sermón dunha serie de estrofas nas que ao remate o fiscal condena ao antroido a ser queimado.

Finalmente celébrase a queima do boneco, que simboliza ao Antroido, no «Campo de Carril» e preto do espazo, onde teñen lugar os diferentes actos festivos. A queima do Antroido resulta máis espectacular que na primeira etapa xa que o boneco vai provisto no seu interior de máis pólvora, petardos e fogos de artificio.

Polo tanto, nesta nova etapa do Antroido percibimos non só como a tradición, sustentanda polos máis vellos, é algo que continua e segue a súa dinámica, senón que ademais hai un proceso de reinvención desta mesma tradición desde a perspectiva destas tres parroquias recuperadoras do evento.

ESTROFAS DE SERMÓNS

«Tedes un Axuntamento,
composto de homes formales,
que se esquencen das promesas
ó saliren concellales»

«Aí tedes os chavales,
que non os vexo moi ben.
Marchan o venres da casa
hastra a semana que vén»

«E outros aínda é peor,
gastan ben máis que gañaron
e logo, ó chegar a casa,
fan o que lles enseñaron».

« Temos na Diputación
unha xente moi honrada.
Carretan para casa o que poden.
Prós outros non queda nada».



Foto 14. Os Sermoeiros de Bazar (Castro de Rei).

3.5. O Entroido en Bazar (Castro de Rei)

Nesta parroquia recuperouse de novo o Entroido no ano 2009. Celébranse os seguintes actos:Xogos populares adicados aos nenos. O Sermón do Entroido, pronunciado por un home e unha muller, que ten como finalidade realizar unha crítica de diferentes comportamente acaecidos dun xeito preferente no concello e na parroquia. Logo realízase ao igoal que no Val de Francos «a queima do Entroido». Tamén hai disfraces e baile para todos os asistentes.

Tanto en **Bazar** como no **Val de Francos** celebrouse hai anos ***«a corrida do Galo».*** Entre dous puntos fixos colocábase unha corda moi tensa, na que colgaban un galo, amarrado case sempre do seguinte xeito: ***«Poñíanlle un lazo por baixo das alas e, logo, metíanllo polo buche e sacábanllo pola boca».*** Desta maneira a cabeza do animal quedaba bastante suxeita, o que motivaba certa dificultade para arrincarlla. A continuación algúns mozos en cabalerías, ataviadas para a ocasión, pasaban ao galope por baixo do galo, tentando descabezalo. Ata comezos do último tercio do século pasado era unha práctica moi habitual en diferentes parroquias chairegas, como Ansemar, Bestar, Quintela, Bazar, Saavedra, etc

ESTROFAS DE SERMÓNS

«Do leite non quería falar
pra non vos amargar a festa
como esto siga así
véxome muxindo unha besta».

«Ó cura fáltanlle á misa
él solo non quere estar
por eso bancos con prisa
ó carpinteiro quere encargar
pra que a xente na larga predica
poida así descansar.»

«Os da comisión de festas de ano
coa loteria moito quixeron ganar
pero tocáronse o carallo
que ó final o traxe non pudieron comprar.

3.6. O Enterro da Sardiña

Trátase da escenificación dun enterro cristián no que o finado é unha sardiña, que nos seus comezos era auténtica mais logo co paso dos anos construíuse unha de gran tamaño en papel e cartón. A comitiva vai presidida por un eclesiástico –o Gran Espetón– que dirixe os cánticos ao longo da procesión; logo os acólitos, os sancristáns, os portaestandartes, as plañideiras, as autoridades e finalmente os acompañantes. A procesión adoita rematar nunha praza ou diante da Casa Consistorial, onde se len discursos, que entrañan bulra, ironía, sarcasmo e crítica, e que están referidos na súa meirande parte aos problemas que ten a cidade ou vila. O enterro pode rematar nunha inhumación simbólica **(Lugo),** nunha incineración **(Burela) (Vilalba) (Viveiro),** nunha inmersión no río **(Monforte de Lemos)** ou no mar ***(Marín)*** (Pontevedra).

Este ritual do Entroido non naceu en Galicia, senón que veu importado de Madrid.

En Lugo capital, logo de cincuenta anos de ausencia volveu no ano 1985 o Enterro da Sardiña da man de José Barreiro, fundador da «Real Confraría da Parranda», e do Departamento de Cultura do Concello. A comitiva saíu do Círculo das Artes ás oito da noite integrada na súa maioría polos membros da «Real Confraría da Parranda». Abría a procesión «o gran Pendón», levando un estandarte cunha carauta do Entroido, franqueado por dous capuchóns tamén con sendos estandartes nos que figuraba «o porco de San Antón» e «o burro do Antroido» aos que se dedicaban sendos estribillos:

Este é o burro do Antroido
levántalle o rabo
e bícalle o coiro
bícallo ben
hasta o ano que ven

Este é o porco de San Antón
desde o fuciño
hasta o xamón
todo él sabe ben
insecula seculorum. Amén.

Logo dunha ringleira de confrades ía «O gran Espetón», representado por ***Antonio Penedo*** o «moro Muza» e os mariñeiros protexendo á sardiña ben ensartada nun tridente. Os incensarios acompañaban a D. Carnal e a Dª Cuaresma, sen que faltasen á cita as choroas, que ían de loito, chorando a perda irreparable. Finalmente as autoridades coas súas elegantes donas e encabezadas polo rexedor da cidade, seguidas da banda e o coro. Ao fronte da banda ía o seu director ***Pepe Barreiro***, vestido de capuchón e semáforo en ristre. Pechaba a comitiva o público desexoso de participar no evento.

O percorrido iniciouse na Alameda, onde se entoou o primeiro canto,anunciando deste o comezo da escenificación. Logo proseguiu por Conde Pallares e a rúa da Cruz, onde se detivo diante do bar Anda, para dedicarlle á súa peña unha das estrofas do «Canto patético», interpretado na procesión.

A primeira parada importante tivo lugar na Praza do Campo, onde o Gran Espetón,

Celebráronse nas pistas polideportivas do Carregal a V Xira de Minibasket «Consorcio das Mariñas», nas que participaron arredor de 200 nenos que conforman as distintas categorías das agrupacións deportivas da comarca.



8 de xuño de 2013
O escritor betanceiro e bergondés, Xabier López, gañou o XXX Premio Xerais de novela por «Cadeas». A entrega do premio tivo lugar na illa de San Simón. Os nosos parabéns.







Arume

11 de xuño de 2013

Os integrantes e directivos do equipo de fútbol Sala Troula Betanzos foron recibidos polo alcalde no edificio Liceo despois de proclamarse campións da Liga Galega Norte e campións galegos.

14 de xuño de 2013

O deputado provincial e responsable de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo, D. Antonio Cañás e o alcalde, D. Ramón García, presentaron no edificio Liceo a nova Sede Electrónica do Concello, acercando deste xeito a administración ós cidadáns. O método de acceso é a través da páxina web do Concello: www.betanzos.es.



15 de xuño de 2013

Na praza da Constitución, organizado polo Concello, tivo lugar o XVI Encontro de Bandas de Música, no que participaron a Banda de Música de Arca, a Banda de música Vila de Cedeira e a Banda Municipal de Betanzos.

15 e 16 de xuño de 2013

O Pavillón Polideportivo acolleu o I Cngreso Internacional de Artes Marciais e deportes de contacto, organizados polos clubes: Caneiros, Drazydoogteam e Bapu, coa asistencia de arredor de douscentos participantes.

17-30 de xuño de 2013

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición de pintura *La ciudad y las personas*, do artista coruñés Marcos Real.

18 de xuño de 2013

O alcalde, D. Ramón García participou xunto co director de relacións institucionais de Vegalsa-Eroski, D. Javier González; a xefa de zona, Dª Manoli Presas e a xefa de tenda de Betanzos, Dª Sonia Gómez, no acto de presentación do novo supermecado Eroski, á beira do río Mendo, acto que se celebrou no edificio Liceo.



21 de xuño de 2013

Os integrantes e representantes do Clube de baloncesto Santo Domingo foron recibidos no edificio Liceo polo alcalde, D. Ramón García, en recoñecemento ós éxitos acadados ó longo desta tempada nas distintas categorías do clube.

22 de xuño de 2013

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un **concerto do cantautor** ferrolán **Marcos Mella**,



Arume

presentando o seu novo disco «La canción del bolsillo roto», dentro do Ciclo Brigamusic 2013, organizado pola OMIX do Concello de Betanzos.

22 de xuño de 2013

Celebrouse o «Reto de natación 24 horas», organizado pola empresa concesionaria das instalacións deportivas Aquagest e o Concello, co obxectivo de recaudar alimentos para a Cruz Bermella.

Xullo-Agosto de 2013

Ó longo destes meses véuse desenrolando o programa de Actividades de Verán organizados polo Concello, con campamentos, talleres, actividades deportivas, etc.

2-14 de xullo de 2013

Tivo lugar no edificio Liceo a exposición «Betanzos: dibujo urbano», da que é autor o artista madrileño, Julián Ardura.



Arume



César

4 de xullo de 2013

O alcalde, D. Ramón García recibiu no edificio Liceo ós integrantes das diversas categorías do Betanzos C.F. en recoñecemento dos éxitos deportivos da tempada pasada.

6 de xullo de 2013

Celebrouse a segunda edición de «Caneiros en Familia», iniciativa do Concello para fomentar os valores tradicionais da romaría dos Caneiros.

12-14 de xullo de 2013

Celebrouse a XVI edición da Feira Franca Medieval na que tiveron lugar diversas recreacións históricas, realizadas en colaboración de voluntarios e grupos teatrais: tributo das cen doncelas, queima da bruxa, expulsión de leprosos, queima da cidade con carreira de bocois e torneos medievais. A feira deu comezo coa inauguración do alcalde, D. Ramón García e a lectura do pregón a cargo do arquitecto e profesor D. José Manuel Vázquez Mosquera.

Pregón da XVI Feira Franca Medieval

Autoridades, amigos, veciños, feirantes, visitantes, xentes de aquí e de acolá. Benvidos á conmemoración deste feito que foi determinante para este pobo e a súa xente. A Feira Franca. Corría a metade do século XV, cando o rei Enrique IV, concedeulle a moi nobre cidade de Betanzos o dereito a celebrar unha Feira Franca, durante un mes xentes e bens protexíanse e liberábanse do pago de impostos. Era o xeito de atraer e mesturar produtos e xente, de crear riqueza e cultura. A historia, como ben sabedes, ten por costume atribuírlle os méritos aos reis e os nobres. Hoxe, dende aquí quero reivindicar os méritos para o pobo de Betanzos.

Primeiro pola súa localización, onde os dous ríos, Mandeo e Mendo xuntan as súas augas para así crear unha ría singular e rica, aos pés do castro de Untia onde as xentes se xuntaron para aproveitar as condicións xeográficas, ben soleados e protexidos dos ventos, ou sexa nun «lugar de benestar».



Erias

Segundo pola riqueza do seu entorno, un chan xeneroso, rico en variedades e de abundante produción. Xa os historiadores contan que os descendentes de Noé, o rei Brigo escolleu estas terras para asentarse despois de percorrer o mundo coñecido por, segundo contan: « a excesiva abundancia e excelencia das augas, a frondosidade e frutífera amenidade dos vales, o verdor dos montes, a riqueza e variedade dos aires e a abundancia de caza e pesca».

E terceiro, e mais importante, pola súa xente, acolledora (e eu podo dar fe disto polo que me ocorre cada día e hoxe especialmente), aperta, solidaria, emprendedora, amante do seu, loitadora e defensora da súa terra e dos valores que leva consigo, corteses e amables… cabaleiros, como o seu nome indica. Son pois estes os méritos e é este o pobo que acadou o que hoxe conmemoramos.

Lembramos pois, este feito singular para o pobo e por iso engalanámonos nós e a cidade para convocar e invitar ás xentes a participar diste encontro, que perante tres días gocen dos diversos eventos. Poderanse mercar todo tipo de agasallos e recordos, xoguetes, libros, xoias, perfumes, roupa… saborear un neto de viño do país, unha cervexa, un prato de polbo, unha tortilla, uns pimentos… participar dos espectáculos, bailes, música, cantigas, ou das actuacións dos cabalistas, a expulsión dos leprosos, a carreira dos bocois… sempre unha lembranza, unha conversa e unha enchente, porque sabido é, que cando non sobra falta, e débese volver sempre cunha historia para lembrar ou esquecer. Iso é a feira.

Celebrámola na rúa, a rúa coma sala de reunión, onde convivimos, onde coincidimos, e onde nos xuntamos, para facer sitio, porque onde estamos solos non hai sitio, o sitio é un acordo cos demais para compartir experiencias e momentos, porque asociamos feitos con lugares, e por iso, tamén vos invito a un ollar mais profundo para que recoñezades signos e marcas, caligrafías escritas nas construcións e nas casas, para recoñecer as nosas raíces escritas nese «presente conservado», coma imaxes sempre novas. Porque non hai historias sen lugar, tampouco hai lugar sen historia. Tódalas culturas constrúen espazos artificiais para materializar a súa ideoloxía dominante e neste recuncho no que nos atopamos poderemos ver claramente as nosas raíces, as herdanzas que hoxe con xúbilo facemos presentes, esa caligrafía de «imaxes novas» coma novas raíces, coma a dimensión espiritual do material presente na nosa memoria.



César



Arume

Porque, amigos, as historias, as fantasías e a imaxinación son compoñentes indisolubles da realidade e témolas que rescatar do esquecemento ao que as somete a vida cotiá. É na feira precisamente onde os contos trócanse reais e avivan o noso afán de inventiva e de fabulación dunha nova realidade por descubrir.

Fronte á globalización, ou sexa ao máis do mesmo, onde todo progresa menos o home, onde as relacións humanas substitúense por unha cultura analóxica, da virtualidade, a feira ven a representar os valores da condición humana, convivencia e contacto, intercambio, mestura, encontros, por iso, podemos dicir que a feira é o momento da realidade, chea de imaxinación e fantasía, pero tamén podería ser o espello que coma a Alicia nos permita atravesalo e así responder cunha realidade imaxinada nova a esta terra e a esta xente rica en valores e potencialidades.

E cando nos pregunten de onde vés? Respondamos: da feira, da Feira Medieval de Betanzos.

Amigos, veciños, «venideros», invitados, feirantes, xente toda… a desfrutar!

VIVA A FEIRA MEDIEVAL DE BETANZOS!

17-31 de xullo de 2013

No edificio Liceo presentouse a exposición «Remando ata os Caneiros», organizada polo Concello de Betanzos. Nela puideron verse numerosas fotografías, moitas delas inéditas, sobre a evolución da romaría dos Caneiros.

Xullo de 2013

Despediuse das súas parroquias de Betanzos o párroco, D. Manuel Rodríguez Rodríguez, que viñera desempeñando este cargo desde febreiro de 2002. O seu novo destino foi a parroquia de San Luis Gonzaga, na Coruña.

19 de xullo de 2013

O Concello presentou unha nova guía da cidade, titulada: *Betanzos, historia viva*.

20 de xullo de 2013

Na Praza do Pintor Seijo Rubio e organizado por Airapro Producións tivo lugar o espectáculo «Ola Betanzos!», concerto acústico e sinatura de discos de Heredeiros da Crus.

20 de xullo de 2013

Celebrouse a VI Ruta da Auga, organizada polo Clube BTT Caimanes, con diversos percorridos segundo a categoría polas beiras do río Mandeo e no que houbo arredor de setecentos participantes.



Arume



Erias

22-24 de xullo de 2013

Desenrolouse ó longo destes días a XIII Semana Internacional de Cine de Betanzos, organizada pola Universidade da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos e co apoio da Xunta d e Galicia, o CGAI, supermercados Gadis e o Corte Inglés. Este ano estivo adicada ó director, Jorge Algora e á productora Susana Maceiras, de Adivina Producciones. Este ano participaron, entre outros, Deborah Vukusik, Lúa Testa, Chete Lera, Christian Escudero, Rubén Prieto, Noemí Restrebada, Estíbaliz Veiga, Mariana Expósito e Héctor Carré. A dirección do evento correu a cargo de José María Paz Gago. Os actos consistiron na proxección de películas, así como en encontros de actores.

25 de xullo a 1 de agosto de 2013
O Concello decretou estes días de loito, suspendendo todos os actos previstos, con motivo do accidente ferroviario acaecido en Santiago.
Xullo de 2013
O Concello e o Consorcio das Mariñas iniciaron as obras de mellora e reposición das zonas verdes do parque do Pasatempo, dentro do Plan de Dinamización Turística do Consorcio.
2 de agosto de 2013
Na Praza da Constitución tivo lugar un concerto a cargo de Juan Carlos Casal Grupo, dentro do programa de actuacións do II Festival BetanJazz, organizado polo Concello de Betanzos.



Arume





5 de agosto de 2013
O Concello entregoulle unha placa ó corpo de Voluntarios de Protección Civil, en recoñecemento pola súa labor de asistencia ás vítimas e ós seus familiares no accidente ferroviario de Santiago.
8 de agosto de 2013
O debuxante Luis Galán presentou na cafetería Lanzós, «15300», unha edición de carpetas con debuxos de Betanzos, entregando á Cruz Vermella.
10-11 de agosto de 2013
Celebrouse na Praza da Constitución, organizada polo Concello, a «I Mostra de Viños e produtos das Mariñas», para promocionar os produtos autóctonos de Betanzos e comarca. O acontecemento foi presentado polo alcalde de Abegondo, José Antonio Santiso, como presidente do Consorcio das Mariñas, e polo alcalde de Betanzos, José Ramón García.
11 de agosto de 2013
Celebrouse no Matadeiro o VII Torneo San Roque, organizado polo Clube Xadrez Betanzos, no que houbo arredor de setenta participantes.
13 de agosto a 15 de setembro de 2013
Na sala de exposicións do edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Betanzos virtual B y algo más», de Ana Fonticoba.
Agosto de 2013
Inaugurouse neste mes a libraría Biblos, no casco histórico de Betanzos, que desenrolou ó longo do ano unha ampla labor de dinamización cultural.
13 de agosto de 2013
Na igrexa de San Francisco tivo lugar o Concerto Cidade de Betanzos coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, a Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Betanzos.

14 de agosto de 2013

Na praza da Constitución, o alcalde, D. Ramón García, coroou á raíña das festas, a moza brigantina, Ana Vázquez Amor. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial, tivo lugar a lectura do pregón, que correu a cargo do mestre e ilustrador betanceiro, Xosé Tomás. Este acto representou o comezo oficial das festas que este ano, entre outras atracións, contou coa da banda de Roi Casal e da moza betanceira Aixa Romay.



Arume

Pregón das Festas de San Roque

Querida Raíña, excelentísimas autoridades, convecviñas e conveciños, amigos visitantes. Sempre é un pracer e unha honra enorme estar aquí, neste balcón, abrindo unhas festas tan especiais coma as nosas. É importante porque estas festas nos lembran que, a pesar de todos os pesares, vivimos as esencias da nosa existencia: amigos, reencontro, celebración, ritos, todo o que nos fai ser o que somos. E así ano a ano, bendita cadencia.

Pero para un betanceiro coma min o orgullo é dobre, por moitos motivos. Porque cando un era cativo e corría por esta praza, sempre asociaba este edificio e este balcón ás cousas importantes, elevadas, as que movían o mundo. E hoxe un séntese pequeño, e fondamente agradecido, porque hoxe toca devolverlle a esta cidade o que esta cidade me ten dado, nos ten dado a tantos e tantas.

Supoño que non é frecuente facer dun pregón daqs festas unha lista de agradecementos, pero creo que hoxe, en conciencia, é obrigado.

Porque as nosas cidades, vilas aldeas, a fin de contas os nosos ecosistemas, son as que nos dan forma, nos perfeccionan, e mesmo nos deixan feridas. Pero constrúen as nosas identidades, porque somos seres sistémicos, e somos moldeados polos espazos e os tempos...os espazos e os tempos.

Eu, coma moitas e moitos, fun modelado por esta cidade, e grazas á súa impronta, acabei dacabalo da creación visual, e desa outra arte chamada educación (porque, non o esquezamos, ha de ser unha arte para ser xenuína). E débolle a esta marabillosa vila moitos dos motivos que me levaron por estes dous camiños.

Falando de educación, non podo evitar facer unha sentida homenaxe ás Escolas García Irmáns, e de maneira particular a aquel Don José Dapena, que tantas vidas perfeccionou nos seus estadios máis temperáns. Onde queira que se atope agora, de seguro estará ensinando a dividir con chapas de refrescos. Escolas de aquí, de Betanzos, feitas á medida dos nenos e nenas, e da súa dignidade. Onde os espazos e os tempos estaban pensados e calibrados para aprender, sobre todo, e ante todo, nocións de vida.

Espazos para aprender mitoloxía cando xogabamos ao fútbol no patio, porque a portería empezaba en Palas Atenea e remataba en Mercurio, ou mesmo o sistema solar se tocaba botar unha partida ás canicas no chan: todos pelexabamos por Xúpiter, e o último en elixir sempre quedaba con Neptuno...tan pequeño!

Esas escolas nosas marcáronnos a moitos profesionais da educación, e aínda hoxe seguimos añorándoas polos seus métodos, a súa lenta e amorosa cadencia, coma un redutos de pedagoxía de altura, dun humanismo que o penetraba todo.

Esas escolas, exemplo do que os colexios deberían ser hoxe, e mesmo do que os cidadáns debemos aos nosos fillos, crearon persoas reflexivas, inquedas, adaptativas e moi, moi curiosas. Porque é nelas onde se fan, ou desfán, aos creadores, aos líderes, aos pensadores, e aos que día a día levan a vida adiante. Esa creatividade, tan necesaria para a vida, tanto como dicía o pedagogo e poeta Gianni Rodari:

«O uso total da expresión
semella un bo lema de fermoso son democrático
Non para que todos sexan artistas, senón paqra que ninguén sexa escravo».



Arume

E eu, coma outros, non podería hoxe ser un profesor sen ter visto aquilo, sen ter vivido e sentido aquilo. E iso débollo a esta vila que me veu nacer.

E aquelas aulas foron, coma moitas outras obras civís, resultado du afán altruísta de dous betanceiros, os irmáns Juan e Jesús García Naveira. Tocados pola valentía dos visionarios, que ven camiños onde os demais só atopan dificultades, abriron infinidade de portas e oportunidades para tantas e tantas persoas. E construíndo non só escolas, senón asilos, un lavadeiro, e un parque enciclopédico absolutamente impensable, estimularon a conciencia cidadá, e, como non, a creatividade das persoas. Demostraron, nun estilo ecléctico e mesmo naïve, pero cheo de nobres intencións, que os soños están preto do cotián, e nun arrebato de realismo máxico, fixéronnos viaxar a outras latitudes, coñecer outras culturas, outras floras e outras faunas. Fixeron do Paqsatempo un libro de pedra, que ensinaba cos sentidos, e que convidaba a construír o coñecemento en movemento, dende dentro, como se dos mellores pedagogos se tratase.

Mais eu debo a esta cidade non só un profundo amor á profesión docente, senón dunha maneira moi especial, a admiración pola arte, pola estética e a imaxe. Amigos e amigas, abride os ollos: estamos rodeados de beleza. Baixo os nosos pés atópase unha cidade medieval, de círculos concéntricos, de rúas estreitas e radiais, que converxen aquí mesmo, no epicentro do reducido mundo dos moradores daquela época. Aqwuí, a carón da tamén medieval Igrexa de Santiago. E esa Idade Media comezámola un pouco máis abaixo, na porta da Vila, para ir percorrendo estilos e épocas. O modernismo do Hotel Rúa Nova, da casa Núñez, ou se continuásemos descendendo, da casa Etcheverría ou do Matadeiro Municipal. Mesmo os farois que nos flanquearon nesta subida ou o palco da música nos retrotraen a esa mesma tendencia.

E a escasos metros, á nosa dereita, os séculos XVII e XVIII, no pazo de Lanzós, ou o pazo d Marqués de Bendaña. E o neoclásico chéganos neste mesmo edificio onde nso atopamos, que nos eu tempo serviu de residencia ao corrixidor da cidade.

Betanzos é, e sempre foi, unha constante sorpresa para os sentidos, unha cidade visual. Lembro, de adolescente, ter collido a miña cámara e camiñar por estas rúas coa única intención de deixarme seducir pola diversidade dos estilos, polas cores e as formas, os detalles insignificantes e a magnificencia noutros casos, polas perspectivas, os volumes, as subidas, as baixadas, que de súpeto variaban cando chegaba a noite, adquirindo novos e inesperados matices. Un ir e vir de miradas, de capturas, de impresións, que deixaban pegada na retina e na vontade. Unha mestura de sensacións que fai que a vila se convirta nunha lección de arte permanente, nunha clase sen paredes.





Arume

E resulta tan plástica esta nosa cidade que o símbolo das súas festas é un hiperbólico soño visual, un globo de papel, o máis grande do mundo, froito desa creatividade tan necesaria e tan definitoria do que debemso ser, a creatividade dun Claudino Pita que materializou unha visión, para convertela na icona dunha comunidade. Seguramente algo desta vila tamén estimulou nel a capacidade de mirar, a fe na utopía que, sempre que a vontade se cruza, crea realidades, e realidades fermosas e duradeiras. Ese globo, atrezado de imaxes e reflexións gráficas, congrega a xeracións de persoas que pregan que suba e voe, que gozan de el, porque non é nada máis, e nada menos, que un soño.

Queridos amigos e amigas. É o tempo de soñar. De vivir. Que as crises non nos ceguen, e que, pola contra, nos fagan máis creativos, e que agudicen, coma esta cidade, os nosos sentidos. Que o espírito dos betanceiros de antes e os de agora nos fagan sentir o calor da celebración.

FELICES FESTAS!!!

15 de agosto de 2013

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Carla Danjun Vázquez Barreiros, que recibiu a coroa de mans do alcalde, D. Ramón García. Seguidamente, o mozo, Ángel Gómez Reigosa, deu lectura ó pregón infantil.

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque:

Cumpro cunha tradición de séculos, ter hoxe a honra de estar diante de Ti en representación do Concello de Betanzos. Coa emoción lóxica que sentimos os betanceiros cando nos diriximos a Ti, mais tamén con tristura que lle produciu á nosa vila o tráxico accidente ferroviario de hai uns días en Santiago. Traio comigo unha chea de agradecementos, e tamén de desexos, de esperanzas e ilusións que o noso pobo xustamente ten o dereito lexítimo de procurar.



Arume

Este día, quero comezar facendo un voto pola convivencia, no desexo de que todas e todos xuntos construamos unha sociedade cada día máis aberta, máis culta, máis tolerante, máis cívica. Vivimos un momento clave no que a sociedade debe adaptarse aos novos tempos, a novas formas de relación, a novas realidades e situacións. Asumimos ese reto e facémolo como sempre o fixemos os betanceiros, con decisión e determinación, convencidos de que podemos salvar as dificultades, resolver os problemas, seguir medrando, e facendo un Betanzos mellor, onde todos poidamos vivir con respecto mutuo, sen perder os dereitos que con xustiza nos pertencen como persoas.

Porque estou convencido de que a sociedade que anhelamos, a cidade que queremos, o que perseguimos, só é posible dende a liberdade, a tolerancia, a solidariedade e o esforzo común. Son esas calidades, e o esforzo común de todos e de todas, o que fixo posible o noso Concello e son estes mesmos valores sobre os que podemos avanzar con seguridade cara ao futuro.

Betanzos solicita, Señor, a vosa intervención para superar os retos que acompañan os difíciles momentos que vivimos a nivel xeral. Como sociedade valente e emprendedora, que non se resigna pasivamente a esperar a fin dos problemas senón que quere ser parte da súa solución, invocamos a túa protección para que nos axudes e nos deas a enerxía necesaria para loitar unidos por un futuro máis próspero, un mañá mellor.

Todo isto, Señor, prégolo nunha cidade que é consciente de que é o momento de emprender unha tarefa común que a todos nos incumbe, unha reconstrucción económica e social do país, un novo modelo que amplíe as oportunidades de progreso de toda a cidadanía. Temos moito traballo por diante, moito que refacer doutro xeito e precisamos de todos e todas para facelo.

Neste proceso, Señor, sentimos que é imprescindible contar coa participación da xuventude, porque non podemos resignarnos a considerar os nosos mozos como unha xeración perdida, xusto ao contrario, que remos facer deles verdadeiros protagonistas do futuro e non desistir no noso empeño de que eles acheguen o seu impeto e a súa fortalez nesa viaxe cara a unha nova sociedade que agora emprendemos.

Nestas tarefas pídoche que nos axudes, para que a nosa mocidade en vez de camiñar de novo cara a migración milenaria, volvan a ter traballo en Galicia. Axúdanos tamén para que a pobreza, que xa é unha triste realidade en moitas familias galegas, quede borrada do noso mapa social. E que pouco a pouco poidamos recuperarnos desta situación económica e poidamos baixar un dos maiores problemas que temos nesa sociedade como é o do desemprego.

Non me esquezo de tantos emigrantes da nosa terra que, cheos de pena e de tristura por non estar nestas festas na súa vila, miran hoxe cara a Betanzos, dos maiores, dos doentes... a todos eles protéxeos como sempre fixeches.

Pídoche, Señor San Roque, que nos axudes neste traxecto, que non deixes que o medo ao futuro nos atenace, e que fagas de nós un exemplo de ilusión e de esperanza no porvir.

José Ramón García Vázquez (Alcalde)

16 de agosto de 2013

O globo de papel, que vén realizando a familia Pita, emprendeu como cada ano a súa viaxe cara ó ceo brigantino. Este ano foi parar a Mandaio, no concello de Oza-Cesuras.

18 e 25 de agosto de 2013

Gran cantidade de persoas en lanchas engalanadas disfrutaron destes dous días de festa polo río e campo dos Caneiros. O Concello premiou as lanchas mellor engalanadas que foron: «Frojan», propiedade da Asociación Recreativa e Cultural «Mariñeiros do Regato dos Mouros», a de José Luis Barral e a de Pablo González.



Arume







Agosto de 2013

Editáronse tres libros de Santiago de la Fuente, falecido no pasado ano de 2012: La técnica descriptiva en las muertes de la Ilíada, Intimidades desde Concón, e Educación para el desarrollo. Esta iniciativa debeuse ó seu irmán Vicente.

Agosto e setembro de 2013

Ó longo dos fins de semana destes dous meses desenrolouse o ciclo de música Brigamusic 2013, que contou coa participación dos grupos: Los Inesperados, Mr. Degrees e Baldosa Amarilla, Diadermin, Key Blue, Doctor Gringo e Buloc.

24 de agosto de 2013

Celebrouse o XXVIII Trofeo Travesía Ría de Betanzos, organizado polo Clube de Piragüismo Ría de Betanzos, coa asistencia de numeroso participantes.

Agosto de 2013

Con motivo das festas patronais organizáronse polo Concello varias actividades de dinamización lingüística adicadas ós nenos, dentro da Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia. Leváronse a cabo os espectáculos de «Rosalía Pequeniña» con Uxía Senlle e o do cómico, Peter Punk.

Setembro de 2013

A Asociación de Veciños da Magdalena e a Condomiña organizou para os fins de semana deste mes varias actividades co lema «En cada esquina un amigo», nas que participou cunha conferencia o historiador, Xesús Torres Regueiro.



Arume

8 de setembro de 2013
Celebrouse a tradicional romería dos Remedios no barrio da Ponte Vella, que cngregou, como vén sendo habitual, a numerosas persoas da comarca.
22 de setembro a 10 de outubro de 2013
Celebrouse a II Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo que organizou a Asociación Fragas do Mandeo e a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos. Conferencias no edificio Liceo, exposicións, excursións e xornadas de voluntariado con limpeza das marxes do río, foron algunha das actividades que se levaron a cabo.
27 de setembro de 2013
O Clube Kwon en apoio da loita contra a violencia de xénero, ofreceu ó Concello un curso gratuito de defensa persoal para as mulleres betanceiras. O curso desenrolouse nos meses de setembro a decembro.



Arume

Setembro de 2013
Foi nomeado como párroco das parroquias de Betanzos D. Santiago Pérez González.



Arume

27 de setembro de 2013
Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Liceo presentouse o nº 35 do Anuario Brigantino. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Ramón García, a quen acompañaba o concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz Pereira e o director da publicación D. Alfredo Erias. A presentación correu a cargo do historiador e investigador, D. Carlos Pereira Martínez.

1-10 de outubro de 2013

Tivo lugar no edificio Liceo unha exposición de pinturas e debuxos de flora e fauna galegas do ilustrador Carlos Silvar, organizada pola Fundación Fragas do Mandeo.

2-14 de outubro de 2013

Na Sala de Exposicións do edificio Liceo tivo lugar a exposición titulada «*30 aniversario Santo Domingo*», organizada polo Club Baloncesto Santo Domingo Betanzos en conmemoración do seu trixésimo aniversario.



4-13 de outubro de 2013

Celebrouse ó longo destes días a III Semana da Tortilla de Betanzos, organizada polo Concello e que contou coa participación dunha ducia de locais de diferentes puntos da cidade. O premio para a mellor tortilla foi para Casa Miranda.

4 de outubro de 2013

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un **c**oncerto por conta do Único Trío de Bogotá (Colombia), dentro do XXIV Festival Internacional de Música de Pulso y Púa «Ciudad de Cristal» que organiza a Agrupación Musical Albéniz, coa colaboración do Concello de Betanzos.



7-9 de outubro de 2013

Desenvolveuse no edificio Liceo o IX Festival Internacional de Títeres Consorcio das Mariñas (Galicreques 2013), no que participaron os grupos: Ecuador Titiritainas, Galicia Títeres Cachirulo, e a compañía de Valencia Teatro La Estrella.

11 de outubro de 2013

Celebrouse a Vendima Infantil, organizada por Viña Ártabra e o Concello,na que participaron alumnos dos colexios Vales Villmarín e Atocha.



14 de outubro de 2013

O secretario xeral para o Deporte, D. José Ramón Lete e o alcalde, D. Ramón García supervisaron as obras de reparación e mellora da pista do Pabellón Municipal, para a que se contou coa colaboración económica da Xunta de Galicia.

Outubro de 2013

Deu comezo neste mes un Obradoiro de Emprego de atención sociosanitaria concedido pola Consellería de Benestar e no que participaron vinte e seis persoas, cunha duración de seis meses.


19 de outubro de 2013

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra *Viaxe a ningunha parte,* interpretada pola compañía Sarabela Teatro, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

Outubro a decembro de 2013

Desenroláronse ó longo destes meses as Xornadas de Linguaxe administrativa galega, organizadas polo Concello en colaboración co IES As Mariñas.





21 de outubro de 2013

Dª María del Rosario e D. Ricardo Gonzalez Rodríguez biznetos de D. Juan García Naveira, entregaron ó alcalde, D. Ramón García, para o Museo das Mariñas, unha placa de plata doada polas Escolas García Irmáns a D. Juan García Naveira en 1929 con motivo do seu oitenta aniversario. Entregáronlle así mesmo, unha paleta de plata coa inscricción seguinte: «Escuelas municipales Jesús García Naveira, colocación de la primera piedra, Betanzos 17-VIII-1917» .

25 de outubro de 2013

Na libraría Biblos presentouse o libro Betanzos Magic Town da autoría dos profesores da Universidade da Coruña, Carmen Cotelo e Salvador Naya.

26 de outubro de 2013

Como vén sendo tradicional, os betanceiros que cumpriron o medio século reuníronse para celebrar o acontecmento.



26 de outubro de 2013

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Betanzos recibiu en Santiago a Placa de honra da Orde do Mérito Civil polo seu labor no accidente ferroviario de Angrois. No acto foron homenaxeadas varias agrupacións de Protección Civil, Cruz Bermella, Policia Autonómica e Garda Civil.

4-14 de novembro de 2013

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «De nuevo por aquí», da autoría de Rosi Vidal.

5-13 de novembro de 2013

No edificio Liceo tivo lugar a exposición titulada «Mulleres: protagonistas do desenvolvemento», organizada pola Organización No Gubernamental para el Desarrollo (ONGD) Jóvenes y Desarrollo e a OMIX de Betanzos, coa colaboración da Xunta de Galicia e Cooperación Galega.



9 de novembro de 2013

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Carlos Blanco, Ao vivo (de momento)», interpretada pola compañía Carlos Blanco, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

10 de novembro de 2013

Na Aula de Cultura Xulio Cuns, tivo lugar un concerto por conta do grupo Dúo Scaramouche dentro do Memorial Carlos López García Picos, organizado polo Concello de Betanzos.

15 de novembro de 2013

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro, *Historia de Icía e Avoa*, da ilustradora Sabela Arias Castro, organizado pola Asociación Cultural Eira Vella.





29 de novembro a 8 de decembro de 2013

Ó longo destes días desenrolouse a III Semana do pincho, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros. Nela participaron 21 establecementos, sendo elexido como mellor o pincho de Hotel Palacete. O premio da votación popular foi para Casa Miranda.

Decembro de 2013

Todo este mes e parte do de xaneiro de 2014 desenvolveuse o programa de festexos de Nadal, organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Mario Iglesias Gestal do colexio Nosa Señora de Atocha, que resultou gañador do concurso de carteis de Nadal do Concello.

Decembro de 2013

Coñeceuse a nova pola que a Feira Franca Medieval vén ser declarada, por parte do Consello da Xunta, de interese turístico de Galicia.



3-18 de decembro de 2013

No edificio Liceo presentouse a exposición titulada, «Experiencia creativa 2002-2012», da que é autor o escultor Francisco Escudero. Foi organizada polo Consorcio As Mariñas e o Concello de Betanzos.



Decembro de 2013

Neste mes o concello colocou detrás da torre de Lanzós unha caseta para gatos, que pasou a ser xestionada pola asociación protectora de animais *Gatocan*, e que permitirá controlar a colonia destes animais na zona.

9 e 10 de decembro de 2013

Nos centros de ensino do concello, organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña, desenroláronse varios obradoiros de danza moderna e actuacións do grupo As Driadas para o alumnado do centro.





10 de decembro de 2013

Na Aula Xulio Cuns do edificio Liceo tivo lugar un **p**leno infantil, organizado polo Concello de Betanzos en colaboración con UNICEF, o CEIP Francisco Vales Villamarín e o CPR Nosa Señora do Carme-Atocha.

Decembro de 2013

No cantón Claudino Pita celebrouse o mercado de Nadal, organizado polo Concello.

13 de decembro de 2013

Na librería Biblos de Betanzos presentouse o libro *O elefante branco*, da autoría do escritor e periodista betanceiro, Xesús Fraga.

14-29 de decembro de 2013

Desenrolouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o V Ciclo de Teatro en Familia organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña AGADIC e coa colaboración da Xunta de Galicia e Gadis. Representáronse as obras seguintes: «Valados», interpretada pola compañía Artestudio Teatro; «Pío», pola compañía Caramuxo Teatro e «O soldadiño de chumbo», interpretada pola compañía Baobab Teatro.



14 de decembro de 2013

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro, titulado, «*A cultura tradicional galega desaparecida. A vida no Ourovello (Paderne, A Coruña) 1950-2000*» obra de Antonio Rodríguez Cabanas e Gonzalo Navaza. O acto, que se complementou con documentais etnográficos, foi organizado pola Asociación Cultural Roxín Roxal.

15 de decembro de 2013

Dentro dos actos de Nadal puido visitarse a partir deste día o belén móbil que dirixe D. Manuel López Castro, situado no segundo andar do edificio Liceo.

16 de decembro de 2013

Por iniciativa da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE) e co patrocinio da Deputación Provincial e Gadisa, inaugurouse neste día unha pista de xeo na praza do Campo, coa que os máis pequenos disfrutaron ó longo do Nadal.




Teresa Garea

19 de decembro de 2013

Inaugurouse no Museo das Mariñas a exposición itinerante, «Arquitectura e cultura nos conventos franciscanos en Galicia», realizada polos arquitectos, Antonio Amado Lorenzo, Marta Colón Alonso e Fernando Fraga López. O acto de presentación correu a cargo do comisario da mostra, D. Francisco Singul. A exposición foi realizada con motivo do octavo centenario da peregrinación de San Francisco de Asis a Santiago, e organizada pola Xunta de Galicia, a S.A. de xestión do Xacobeo, o Consello de Europa e Camiño de Santiago, coa colaboración do Concello.






20 de decembro de 2013
Na libraría Biblos de Betanzos presentouse o libro «100 anos do ferrocarril Ferrol-Betanzos (1913-2013)» de Guillermo Llorca. A presentación foi realizada polo director do Anuario, Alfredo Erias.



Veiga





20 de decembro de 2013
No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro «*La rebelión de los pigs*», da autoría de Luis Gorrochategui Santos. O acto de presentación correu a cargo de José Antonio Solís.

20-22 de decembro de 2013
A deportista do Clube Kwon, Laura Centoira, proclamouse campiona de España no campionato celebrado en Castellón.

22-31 de decembro de 2013
No edificio Liceo tivo lugar a exposición e mercadiño de labores e traballos realizados ó longo do ano polas persoas residentes do Centro Pai Menni de Betanzos.

27 de decembro de 2013
Tivo lugar no edificio Liceo a presentación do primeiro volume do comic «Historias de Betanzos», do debuxante betanceiro, Xosé Tomás.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traduccións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servicios, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e *Abstract*

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ‘ ... ’ resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluirase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de *et al*.

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación (entre paréntese seguido por dous puntos), *Título do libro en cursiva*. Editorial (Colección se é pertinente) e cidade. P. ex.: CHAMPEAUX, Gérard de, STERCKX, Dom Sébastien (1989): *Introducción a los símbolos*. Ediciones Encuentro (Colecc. *Europa Románica,* v. 7.), Madrid.

Se se trata da **edición dun texto** indicarase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.) (2000): Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluirase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza (2000) (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Editorial (Colección), cidade: páxinas. P. ex.:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel (2000): «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26): 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título do artigo». *Título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábigas, páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen (1998): «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad». *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, Historia Medieval, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espacios á marxe, indicarase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos». *Archivo Español de Arqueología,* XV: 78-108.

Documentos electrónicos en liña, exemplo:

<http://hemeroteca.betanzos.net> [Consulta: 30 maio 2010].

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.



O Mandeo ó seu paso por Aranga (06-12-2011). Foto: Veiga.



Romería dos Remedios ou de Nosa Señora do Camiño (08-09-2011). Foto: Veiga.

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2013, Nº 36
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE
2014



«O reflexo dunha praza», foto de Laura Muíño coa que acadou o primeiro premio do Concurso de Fotografía de Escaparates, organizado en maio de 2013 polo Concello.